




# BERNARDO II

e a memoria da Compostela medieval





# BERNARDO II

---

e a memoria da  
Compostela medieval  
*y la memoria de la Compostela medieval*

---

Edición a cargo de:  
Victoriano Nodar Fernández e Ramón Yzquierdo Peiró

Edita:  
**Arcebispo de Santiago**

Edición a cargo de:  
**Victoriano Nodar Fernández · Ramón Yzquierdo Peiró**

Con textos de:  
**Ana Botía López · Álvaro Castresana · Diego Fernández Núñez ·  
María Luísa García García · Ana M. Herránz Martín ·  
Noelia Márquez · Victoriano Nodar · Xosé Manoel Sánchez Sánchez ·  
Ramón Yzquierdo Peiró**

Deseño · Maquetación:  
**100x100 Comunicación+Creatividade**

Fotografías de:  
**Adolfo Enríquez · Autores indicados en fotografías.**

Impresión:  
**Agencia Gráfica**

Difusión e programa educativo:  
**Marina Pérez Toro**

Comunicación:  
**Jaime Mera García**

Deseño 3D:  
**Alejandro Vázquez Durán.**

Documentación:  
**Diego Fernández Núñez**

Administración:  
**Olga Viqueira Silveira**

ISBN: 978-84-09-79998-5      Depósito legal: C 1920-2025



Este proxecto foi realizado a través da convocatoria de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas da Deputación da Coruña 2025 (FO215 / 2025) e no marco dun contrato de I+D entre o Arcebispo de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, IN-0378-2025.

Agradecementos: Fernando Barros Fornos, Albertina Cuevas Vidán-Freiría, Daniel Lorenzo Santos, Noelia Márquez Grille, José Porto Buceta, Ricardo Sanjurjo Otero e Museo das Peregrinacións e de Santiago.



Colabora:



Facultade de Historia  
**Universidade de Vigo**





# Índice

7	<b>Capítulo I</b> <b>Descubriendo Santa María de Sar</b> <b>O proxecto Bernardo II e a memoria da Compostela medieval</b>  Descubriendo Santa María de Sar El proyecto Bernardo II y la memoria de la Compostela medieval VICTORIANO NODAR FERNÁNDEZ · RAMÓN YZQUIERDO PEIRÓ
25	<b>Capítulo II</b> <b>Bernardo II, arcebispo de Santiago de Compostela:</b> <b>episcopado, poder e cultura a inicios do século XIII</b>  Bernardo II, arzobispo de Santiago de Compostela: episcopado, poder y cultura a inicios del siglo XIII XOSÉ M. SÁNCHEZ SÁNCHEZ
61	<b>Capítulo III</b> <b><i>En olor de santidad:</i> O Sepulcro de Bernardo II, forma, estilo e recepción</b>  <i>En olor de santidad:</i> El Sepulcro de Bernardo II, forma, estilo y recepción VICTORIANO NODAR FERNÁNDEZ · DIEGO FERNÁNDEZ NÚÑEZ
105	<b>Capítulo IV</b> <b>A epigrafía do sepulcro de Bernardo II e a pervivencia da tradición</b> <b>epigráfica do obradoiro compostelán do Mestre Mateo</b>  La epigrafía del sepulcro de Bernardo II y la pervivencia de la tradición epigráfica del taller compostelano del Maestro Mateo ÁLVARO CASTRESANA
131	<b>Capítulo V</b> <b>Intervención e posta en valor do sepulcro de D. Bernardo II na Colexiata</b> <b>de Santa María de Sar: criterios, metodoloxía e conservación preventiva</b>  Intervención y puesta en valor del sepulcro de D. Bernardo II en la Colegiata de Santa María de Sar: criterios, metodología y conservación preventiva NOELIA MÁRQUEZ · M. LUISA GARCÍA GARCÍA · ANA M. HERRANZ MARTÍN · ANA BOTÍA LÓPEZ
156	<b>Bibliografía</b>




I

**Descubriendo Santa María de Sar.  
O proxecto Bernardo II e a memoria  
da Compostela medieval**

Descubriendo Santa María de Sar.  
El proyecto Bernardo II y la memoria de la Compostela medieval

VICTORIANO NODAR FERNÁNDEZ  
Universidade de Vigo

RAMÓN YZQUIERDO PEIRÓ  
Museo Catedral de Santiago





A través do programa de subvencións a proxectos culturais da Deputación da Coruña correspondentes ao ano 2025, foi posible desenvolver, por iniciativa do Arcebispo de Santiago, responsable da xestión do MuSar – Museo Colexiata de Sar, o proxecto *Bernardo II e a memoria da Compostela medieval*, centrado na figura deste destacado prelado compostelán, que decidiu retirarse a Sar, onde foi soterrado nun sepulcro que é o máis antigo dos que se conservan dun arcebispo de Santiago e unha das obras funerarias máis relevantes na arte galega do século XIII.

O proxecto deu continuidade a unha serie de actuacións que, en materia de investigación, conservación e difusión, se levan desenvolvendo, nos últimos anos, pola Igrexa compostelá, co obxectivo de dar a coñecer un dos lugares máis especiais e, ao tempo, descoñecidos, da cidade de Santiago.

A través del programa de subvenciones a proyectos culturales de la Diputación de A Coruña correspondientes al año 2025, fue posible desarrollar, por iniciativa del Arzobispado de Santiago, responsable de la gestión del MuSar – Museo Colegiata de Sar, el proyecto *Bernardo II y la memoria de la Compostela medieval*, centrado en la figura de este destacado prelado compostelano, que decidió retirarse a Sar, donde fue enterrado en un sepulcro que es el más antiguo de los que se conservan de un arzobispo de Santiago y una de las obras funerarias más relevantes del arte gallego del siglo XIII.

El proyecto dio continuidad a una serie de actuaciones que, en materia de investigación, conservación y difusión, se llevan desarrollando en los últimos años por la Iglesia compostelana, con el objetivo de dar a conocer uno de los lugares más especiales y, al mismo tiempo, desconocidos, de la ciudad de Santiago.



Fig. 1  
Vista xeral do conxunto de Santa María de Sar.  
Vista general del conjunto de Santa María de Sar.

## Máis que un templo ás beiras do Sar

Nunha localización lendaria, ás beiras do Sar e aos pés do Camiño de Santiago que aproveitou a ruta suroeste da Vía da Prata, na última parada da Ruta, ao pouco de chegar á catedral compostelá, se atopa a actual Colexiata de Santa María de Sar.

Aínda que sen datos históricos que avalen tal orixe, a tradición conta que os discípulos de Santiago que trouxeron o seu corpo, en milagrosa travesía tras o seu martirio en Xerusalén, chegaron a este lugar, onde se atopaba o palacio da mítica Raíña Lupa, quen tentara facer fracasar cos seus enganos a *Traslatio*. Foi entón cando, marabillada por estes prodixios, a raíña decidiu converterse fundando aquí un mosteiro do que ela mesma sería a súa primeira abadesa.

Por outra banda, a finais do século XIX, cos avances na valorización da historia local e os inicios da arqueoloxía sagrada, considerouse a posibilidade de que en Sar existise previamente un eremitorio, coetáneo do descubrimento do Sepulcro apostólico nas primeiras décadas do século X.

En todo caso, o que si é certo é que a orixe, historia e evolución de Santa María de Sar estivo, desde un primeiro momento, vencellada á Igrexa compostelá e a súa catedral. No ano 1134, o bispo de Mondoñedo Munio Afonso, quen fora, ata o ano 1112, cóngo en Santiago e próximo colaborador de Diego Xelmírez, decidiu retirarse neste lugar onde, segundo consta no diploma fundacional, outorgado por Xelmírez no 1 de setembro de 1136, lle foron concedidas unhas terras “nas beiras do río Sar”. O desexo de Munio Afonso era fundar aquí un mosteiro de cóngos baixo a regra de Santo Agostiño, que probablemente iniciaría antes da súa morte no devandito ano. Aquela iniciativa foi recollida polo seu amigo Xelmírez, quen vencellou o priorado á Igrexa compostelá, estableceu o seu regulamento e levou a cabo as obras para poñelo en marcha, concedendo uns amplos territorios que permitirían o seu sostemento.

Anos despois, en 1147, o rei Afonso VII, quen fora educado en Galicia da man de Diego Xelmírez e do seu titor Pedro Froilaz, confirmou a fundación do priorado, concedendo novas posesións que se sumaron ás xa outorgadas polo arcebispo compostelán. Deu comezo, nese momento, unha idade dourada para o priorado de Sar, que foi engrandecendo o seu patrimonio con distintas doazóns de reis, prelados e nobres.

No século XVI, a causa dunha grave crise que minguou a capacidade da comunidade, esta foi substituída por cóngos seculares baixo un prior de nomeamento real, que xestionaba as posesións do priorado e ostentaba un cargo desde a distancia, mostrando, en xeral, pouco interese polo mantemento dos edificios medievais, que pouco a pouco se foron deteriorando e que, segundo as crónicas, presentaban un estado case de ruína a finais do século XVII.

## Más que un templo a orillas del Sar

En una localización legendaria, a orillas del Sar y a los pies del Camino de Santiago que aprovechaba la ruta suroeste de la Vía de la Plata, en la última parada de la Ruta, poco antes de llegar a la catedral compostelana, se encuentra la actual Colegiata de Santa María de Sar.

Aunque sin datos históricos que avalen tal origen, la tradición cuenta que los discípulos de Santiago que trajeron su cuerpo, en una milagrosa travesía tras su martirio en Jerusalén, llegaron a este lugar, donde se encontraba el palacio de la mítica Reina Lupa, quien había intentado hacer fracasar con sus engaños la *Traslatio*. Fue entonces cuando, maravillada por estos prodigios, la reina decidió convertirse fundando aquí un monasterio del que ella misma sería su primera abadesa.

Por otra parte, a finales del siglo XIX, con los avances en la valorización de la historia local y los inicios de la arqueología sagrada, se consideró la posibilidad de que en Sar hubiese existido previamente un eremitorio, coetáneo del descubrimiento del Sepulcro apostólico en las primeras décadas del siglo X.

En todo caso, lo que sí es cierto es que el origen, la historia y la evolución de Santa María de Sar estuvo, desde un primer momento, vinculado a la Iglesia compostelana y a su catedral. En el año 1134, el obispo de Mondoñedo Munio Afonso, quien había sido, hasta el año 1112, canónigo en Santiago y próximo colaborador de Diego Xelmírez, decidió retirarse en este lugar donde, según consta en el diploma fundacional, otorgado por Xelmírez el 1 de septiembre de 1136, le fueron concedidas unas tierras “a orillas del río Sar”. El deseo de Munio Afonso era fundar aquí un monasterio de canónigos bajo la regla de San Agustín, que probablemente iniciaría antes de su muerte en dicho año. Aquella iniciativa fue recogida por su amigo Xelmírez, quien vinculó el priorato a la Iglesia compostelana, estableció su reglamento y llevó a cabo las obras para ponerlo en marcha, concediendo unos amplios territorios que permitirían su sostenimiento.

Años después, en 1147, el rey Alfonso VII, quien había sido educado en Galicia de la mano de Diego Xelmírez y de su tutor Pedro Froilaz, confirmó la fundación del priorato, concediendo nuevas posesiones que se sumaron a las ya otorgadas por el arzobispo compostelano. Dio comienzo, en ese momento, una edad dorada para el priorato de Sar, que fue engrandeciendo su patrimonio con distintas donaciones de reyes, prelados y nobles.

En el siglo XVI, a causa de una grave crisis que mermó la capacidad de la comunidad, esta fue sustituida por canónigos seculares bajo un prior de nombramiento real, que gestionaba las posesiones del priorato y ostentaba un cargo desde la distancia, mostrando, en general, poco interés por el mantenimiento de los edificios medievales, que poco a poco se fueron deteriorando y que, según las crónicas, presentaban un estado casi de ruina a finales del siglo XVII.





Por contra, no século XVIII a Colexiata vivirá un novo período de auxe, no que se levan a cabo obras que supuxeron a substitución do claustro e a reconstrución da igrexa. E xa no ano 1850, a Colexiata, que non perdeu o seu nome, converteuse en parroquia de Santa María de Sar.

Pola súa historia e valores arquitectónicos, pouco despois, no ano 1859, a Colexiata de Sar foi declarada Monumento Nacional, categoría que fixo posibles diferentes intervencións para a súa conservación nos últimos anos do século XIX e ao longo da primeira metade do século XX, dándolle, así, a súa configuración actual.

Por el contrario, en el siglo XVIII la Colegiata vivirá un nuevo período de auge, en el que se llevan a cabo obras que supusieron la sustitución del claustro y la reconstrucción de la iglesia. Y ya en el año 1850, la Colegiata, que no perdió su nombre, se convirtió en parroquia de Santa María de Sar.

Por su historia y valores arquitectónicos, poco después, en el año 1859, la Colegiata de Sar fue declarada Monumento Nacional, categoría que hizo posibles diferentes intervenciones para su conservación en los últimos años del siglo XIX y a lo largo de la primera mitad del siglo XX, dándole así su configuración actual.

## A igrexa de Santa María de Sar no románico de Galicia

Santa María a Real de Sar é unha igrexa que responde a un tipo moi estendido no románico entre os séculos XI e XIII que non é outro que o de basílica. Esta tipoloxía, con unhas fondas raíces na arquitectura romano cristiá do século IV, continuou a ser usada nos séculos seguintes ata que foi reformulada polo románico. Non por casualidade, este primeiro estilo europeo transnacional foi chamado así no século XIX porque lembraba as solucións arquitectónicas e decorativas da arte romana. A razón desta inspiración consciente na primeira arte cristiá era a necesidade que tiña a Igrexa, que dende mediados do século XI estaba sumida num complexo de reforma institucional, espiritual e litúrxica, de mostrar unha nova imaxe que a asociase esteticamente coa arte relixiosa dos primeiros tempos do cristianismo. Comezará entón un proceso de reconstrución, reforma ou fundación de novas igrexas que se adaptasen mellor á liturxia romana que agora se impón pola cristiandade occidental seguindo as pautas arquitectónicas e decorativas deste novo estilo que agora chamamos románico.

En Compostela, este proceso ten un expoñente senlleiro a nivel europeo que non é outro que a Catedral de Santiago, que se concibe como unha estrutura moi complexa seguindo as pautas das grandes igrexas ricas en reliquias de Francia e que, neste caso, respondía á necesidade de acoller unha crecente peregrinación internacional.

Mais, a carón desta catedral excepcional, fóronse construíndo un bo número de igrexas que, como en Santa María de Sar, tiveron como promotor ó arcebispo Diego Xelmírez (1100-1140). Tales son os casos da igrexa do mosteiro de Conxo; a igrexa do mosteiro de Antealtares; a de San Pedro de *Foris*, no Camiño Francés; ou a de Santiago de Padrón, todas elas tristemente desaparecidas. Sen embargo, por referencias históricas e arqueolóxicas sabemos que respondían a este tipo basilical que, por fortuna, aínda conservamos en Sar e que nos serve como referente para entender a súa estrutura e funcionalidade: Ten tres naves, a central o dobre de ancha que as laterais, tres ábsidas en correspondencia con estas e tres portas de acceso: unha principal e de carácter representativo, no eixo da nave central, e dúas nas naves laterais. Unha no lado norte que comunica directamente co camiño e que daría aos fieis un acceso directo a ábsida norte onde radicaría a súa parroquia e outra na nave sur que comunica co claustro e que sería o acceso dos cóngos ao templo desde o claustro e as dependencias de vida en común.

Este tipo de igrexa respondía, polo tanto, a diversas necesidades: un amplo espazo congregacional nas naves, un presbiterio moi capaz para a liturxia das horas dos cóngos e dúas ábsidas laterais unha das cales funcionaría como altar parroquial e a outra para acoller diversos cultos. Ademais, eran moi monumentais pero relativamente doadas de construír xa que non presentaban grandes problemas

## La iglesia de Santa María de Sar en el románico de Galicia

Santa María la Real de Sar es una iglesia que responde a un tipo muy extendido en el románico entre los siglos XI y XIII, que no es otro que el de basílica. Esta tipología, con unas profundas raíces en la arquitectura cristiana romana del siglo IV, continuó utilizándose en los siglos siguientes hasta que fue reformulada por el románico. No por casualidad, este primer estilo europeo transnacional fue llamado así en el siglo XIX porque recordaba a las soluciones arquitectónicas y decorativas del arte romano. La razón de esta inspiración consciente en el primer arte cristiano era la necesidad que tenía la Iglesia, que desde mediados del siglo XI estaba sumida en un complejo proceso de reforma institucional, espiritual y litúrgica, de mostrar una nueva imagen que la asociase estéticamente con el arte religioso de los primeros tiempos del cristianismo. Comenzará entonces un proceso de reconstrucción, reforma o fundación de nuevas iglesias que se adaptasen mejor a la liturgia romana que ahora se impone por toda la cristiandad occidental siguiendo las pautas arquitectónicas y decorativas de este nuevo estilo que hoy llamamos románico.

En Compostela, este proceso tiene un exponente singular a nivel europeo que no es otro que la Catedral de Santiago, que se concibe como una estructura muy compleja siguiendo las pautas de las grandes iglesias ricas en reliquias de Francia y que, en este caso, respondía a la necesidad de acoger una creciente peregrinación internacional.

Pero, junto a esta catedral excepcional, se fueron construyendo un buen número de iglesias que, como en Santa María de Sar, tuvieron como promotor al arzobispo Diego Gelmírez (1100-1140). Tales son los casos de la iglesia del monasterio de Conxo; la iglesia del monasterio de Antealtares; la de San Pedro de *Foris*, en el Camino Francés; o la de Santiago de Padrón, todas ellas tristemente desaparecidas. Sin embargo, por referencias históricas y arqueológicas sabemos que respondían a este tipo basilical que, por fortuna, aún conservamos en Sar y que nos sirve como referente para entender su estructura y funcionalidad: Tiene tres naves, la central el doble de ancha que las laterales, tres ábsides en correspondencia con estas y tres puertas de acceso: una principal y de carácter representativo, en el eje de la nave central, y dos en las naves laterales. Una en el lado norte que comunica directamente con el camino y que daría a los fieles un acceso directo al ábside norte donde radicaría su parroquia, y otra en la nave sur que comunica con el claustro y que sería el acceso de los canónigos al templo desde el claustro y las dependencias de vida en común.

Este tipo de iglesia respondía, por lo tanto, a diversas necesidades: un amplio espacio congregacional en las naves, un presbiterio muy capaz para la liturgia de las horas de los canónigos y dos ábsides laterales uno de los cuales funcionaría como altar parroquial y el otro para acoger diversos cultos. Además, eran muy monumentales pero relativamente fáciles de construir ya que no presentaban grandes problemas estructurales debido a que fueron diseñadas para tener una




Fig. 2  
Arbotantes exteriores.  
Arbotantes exteriores.





estruturais debido a que foron deseñadas para ter unha cuberta de madeira a dúas augas sobre as naves, o que evitaba os complexos cálculos de pesos e presións que se derivarían dunha cuberta abovedada.

Deste xeito, este modelo que atopamos en Sar, aínda que con importantes reformas que comentaremos máis adiante, se estendeu desde moi cedo por Galicia sobre todo entre as comunidades monásticas de mediano tamaño que durante os séculos XII e XIII investiron unha boa parte das súas rendas, derivadas sobre todo da produción agrícola, en renovar ou reconstruír as súas igrexas monásticas. Algúns exemplos que aínda conservamos son Santa María de Aciveiro; Santa María de Xunqueira de Ambía; Santa Mariña de Augas Santas; San Xulian de Moraime; San Martiño de Xuvia; Santa María de Xunqueira de Espadañedo; San Clodio do Ribeiro ou Santa María de Penamaior.

A súa fortuna traspasará os límites da arte románica de xeito que, durante os séculos XIV e XV, faranse o que podemos denominar “traducións” deste antigo tipo que agora será adoptado e popularizado sobre todo polas novas ordes mendicantes, xa que os seus valores estruturais e espaciais respondían tamén ás necesidades e á nova espiritualidade de franciscanos e dominicos.

## A igrexa inclinada: ruína e reconstrución

Cando nos achegamos á igrexa de Sar o que máis nos chama a atención son os potentes arcobotantes acaroados aos seus muros que exteriormente lle dan ese perfil tan característico, pero que tamén desfiguran un tanto á súa orixinal volumetría románica. A nosa sorpresa non fará máis que aumentar cando, unha vez no interior, nos decatemos da perigosa inclinación que presentan tanto os muros laterais como os piares que separan as naves.

Aínda que algúns autores do século XIX, impregnados do romanticismo da época, quixeron ver nesta inclinación un atrevemento intencionado dos construtores medievaís hoxe sabemos que se trata dun problema técnico derivado dos excesivos empuxes da bóveda da nave central.

Nunha primeira mirada, a cuberta do templo, conformada por bóvedas de canón nas naves laterais e, na central, unha bóveda de canón apuntada, podería parecer perfectamente románica e contemporánea á construción. De feito, así o creron a maioría dos autores que trataron esta construción para os que un erro de cálculo do mestre que proxectou a igrexa en relación cos empuxes desta sería o causante da progresiva inclinación de piares e muros, ante a incapacidade destes de aguantar as presións das cubricións. Pero o máis probable é que, orixinalmente, fose proxectada para unha cuberta de madeira que apoiaría lonxitudinalmente no muro sobre os arcos formeiros que separan as naves e transversalmente en arcos diafragma que marcarían así os tramos a nivel de cuberta.

cubierta de madera a dos aguas sobre las naves, lo que evitaba los complejos cálculos de pesos y presiones que se derivarían de una cubierta abovedada.

De este modo, este modelo que encontramos en Sar, aunque con importantes reformas que comentaremos más adelante, se extendió desde muy temprano por Galicia sobre todo entre las comunidades monásticas de mediano tamaño que durante los siglos XII y XIII invirtieron buena parte de sus rentas, derivadas sobre todo de la producción agrícola, en renovar o reconstruir sus iglesias monásticas. Algunos ejemplos que aún conservamos son Santa María de Aciveiro; Santa María de Xunqueira de Ambía; Santa Mariña de Augas Santas; San Xulián de Moraime; San Martiño de Xuvia; Santa María de Xunqueira de Espadañedo; San Clodio do Ribeiro o Santa María de Penamaior.

Su fortuna traspasará los límites del arte románico de modo que, durante los siglos XIV y XV, se harán lo que podemos denominar “traducciones” de este antiguo tipo que ahora será adoptado y popularizado sobre todo por las nuevas órdenes mendicantes, ya que sus valores estructurales y espaciales respondían también a las necesidades y a la nueva espiritualidad de franciscanos y dominicos.

## La iglesia inclinada: ruina y reconstrucción

Cuando nos acercamos a la iglesia de Sar lo que más nos llama la atención son los potentes arbotantes adosados a sus muros que exteriormente le dan ese perfil tan característico, pero que también desfiguran un tanto su original volumetría románica. Nuestra sorpresa no hará más que aumentar cuando, una vez en el interior, nos demos cuenta de la peligrosa inclinación que presentan tanto los muros laterales como los pilares que separan las naves.

Aunque algunos autores del siglo XIX, impregnados del romanticismo de la época, quisieron ver en esta inclinación un atrevimiento intencionado de los constructores medievales hoy sabemos que se trata de un problema técnico derivado de los excesivos empujes de la bóveda de la nave central.

En una primera mirada, la cubierta del templo, conformada por bóvedas de cañón en las naves laterales y, en la central, una bóveda de cañón apuntada, podría parecer perfectamente románica y contemporánea a la construcción. De hecho, así lo creyeron la mayoría de los autores que trataron esta construcción para los cuales un error de cálculo del maestro que proyectó la iglesia en relación con los empujes de esta sería el causante de la progresiva inclinación de pilares y muros, ante la incapacidad de estos de soportar las presiones de las cubiertas. Pero lo más probable es que, originalmente, estuviese proyectada para una cubierta de madera que apoyaría longitudinalmente en el muro sobre los arcos formeros que separan las naves y transversalmente en arcos diafragma que marcarían así los tramos a nivel de cubierta.



Fig. 3  
Interior da igrexa de Santa María de Sar.  
Interior de la iglesia de Santa María de Sar.

De feito, agora sabemos que as bóvedas actuais foron volteadas durante o goberno do prior Gómez González do Canaval entre 1485 e 1505, aproveitando os arcos formeiros existentes. Son, polo tanto, unha obra tardogótica que se ben debeu de ter a intención de mellorar esteticamente o interior da igrexa, acabou por provocar a desestabilización dunha estrutura arquitectónica que, evidentemente, non fora concibida para aguantar semellante peso na parte superior.

O caso é que pouco despois de esta intervención foi cando se detecta documentalmente a construción dos primeiros catro arcobotantes no exterior para intentar conter a inclinación dos muros. Unha inclinación que continuou avanzando perigosamente ata que no século XVII a situación da igrexa era de case ruína. Isto despréndese dos informes de arquitectos como Melchor de Velasco, Diego de Romay ou Domingo de Andrade, quen insistiu na urxente necesidade de actuar sobre o templo para asegurar a súa estabilidade.

De hecho, ahora sabemos que las bóvedas actuales fueron levantadas durante el gobierno del prior Gómez González do Canaval entre 1485 y 1505, aprovechando los arcos formeros existentes. Son, por lo tanto, una obra tardogótica que si bien debió tener la intención de mejorar estéticamente el interior de la iglesia, acabó por provocar la desestabilización de una estructura arquitectónica que, evidentemente, no había sido concebida para aguantar semejante peso en la parte superior.

El caso es que poco después de esta intervención fue cuando se detecta documentalmente la construcción de los primeros cuatro arbotantes en el exterior para intentar contener la inclinación de los muros. Una inclinación que continuó avanzando peligrosamente hasta que en el siglo XVII la situación de la iglesia era de casi ruina. Esto se desprende de los informes de arquitectos como Melchor de Velasco, Diego de Romay o Domingo de Andrade, quien insistió en la urgente necesidad de actuar sobre el templo para asegurar su estabilidad.





En 1720, outra figura fundamental da arquitectura galega do momento, Fernando de Casas Novoa, emitiu un novo informe no que se deixa claro que toda a estrutura da igrexa, exceptuando a capela maior, ameazaba ruína xa que os seus muros estaban abertos, especialmente na fachada occidental. Achacaba o xa acusado esborralle dos muros laterais e dos piares interiores ao terreo pantanoso sobre o que se asentaba a igrexa, proponendo a súa demolición e a posterior reconstrución da maior parte desta.

En 1723, os mestres de obras Pedro Gómez Gundín e Frei Íñigo Suárez recoñecen de novo a igrexa recomendando, entre outras cousas, a reedificación de toda a metade superior da fachada principal, a reconstrución e elevación dos arcobotantes exteriores e a construción doutro máis xunto á porta norte para garantir a estabilidade do sistema de bóvedas. En 1727 Gómez Gundín comeza as obras de reparación nas que se reconstrúen parte das bóvedas das naves e a parte superior da fachada na que se abriron as tres fiestras rectangulares que temos hoxe en día. Se recompoñen os arcobotantes existentes e levántanse outros novos, seguindo o modelo dos antigos, ata ter un en cada contraforte dos muros norte e sur.

Por fortuna, esta intervención restauradora, aínda que non contaba con un gran orzamento económico, conseguiu estabilizar a estrutura e conservar unha igrexa románica que, doutro xeito, tería desaparecido.

En 1720, otra figura fundamental de la arquitectura gallega del momento, Fernando de Casas Novoa, emitió un nuevo informe en el que se dejaba claro que toda la estructura de la iglesia, exceptuando la capilla mayor, amenazaba ruina ya que sus muros estaban abiertos, especialmente en la fachada occidental. Atribuía el ya acusado derrumbe de los muros laterales y de los pilares interiores al terreno pantanoso sobre el que se asentaba la iglesia, proponiendo su demolición y la posterior reconstrucción de la mayor parte de la misma.

En 1723, los maestros de obras Pedro Gómez Gundín y Frei Íñigo Suárez reconocen de nuevo la iglesia recomendando, entre otras cosas, la reedificación de toda la mitad superior de la fachada principal, la reconstrucción y elevación de los arbotantes exteriores y la construcción de otro más junto a la puerta norte para garantizar la estabilidad del sistema de bóvedas. En 1727, Gómez Gundín comienza las obras de reparación en las que se reconstruyen parte de las bóvedas de las naves y la parte superior de la fachada en la que se abrieron las tres ventanas rectangulares que tenemos hoy en día. Se recomponen los arbotantes existentes y se levantan otros nuevos, siguiendo el modelo de los antiguos, hasta contar con uno en cada contrafuerte de los muros norte y sur.

Por fortuna, esta intervención restauradora, aunque no contaba con un gran presupuesto económico, consiguió estabilizar la estructura y conservar una iglesia románica que, de otro modo, habría desaparecido.



Fig. 4  
Detalle do claustro de Santa María de Sar.  
Detalle del claustro de Santa María de Sar.

## O claustro medieval de Santa María de Sar

Os obradoiros vencellados á construción da catedral compostelá que traballaron na igrexa de Sar tamén se ocuparon, unha vez rematadas as obras, da realización dun claustro que dera servizo ás necesidades da comunidade de Santo Agostiño. Deste xeito, encostado ao lado sur do templo, construíuse un claustro rectangular no que participaron os artistas de influencia mateá que tamén traballaban naquel momento na catedral.

O claustro medieval foi substituído no século XVIII polo actual, obra do arquitecto compostelán Frei Manuel de los Mártires; pero un tramo, formado por unha secuencia de nove arcos do seu lenzo norte, conservouse milagrosamente ao atoparse protexido tras un muro de reforzo. Grazas a estes restos *in situ* do claustro, xunto con outras pezas que se recuperaron a través da arqueoloxía, reutilizadas en diversos lugares do conxunto e, tamén, á coidadosa descrición do claustro incluída no informe realizado en 1712 por Fernando de Casas, é posible saber as súas características e disposición e, ao tempo, a evolución estilística producida ao longo da súa construción.

Así, nos primeiros tramos conservados, de rica decoración, apréciase o modo de traballar dos talleres de herdanza mateá que protagonizaron a arte compostelá das primeiras décadas do século XIII. Porén, avanzando cara ao lado oeste, faise evidente unha maior estilización e distintos recursos decorativos que mostran novas influencias artísticas e nos levan cara ao estilo gótico.

Sinalouse o papel desenvolvido na edificación deste claustro polo arcebispo Bernardo II, retirado en Sar no ano 1237; e que contaría coa participación dos artistas que, naquel tempo, estaban a construír o claustro catedralicio da man do seu sucesor na Mitra, Xoán Arias.

De feito, aínda que hoxe non se conserva, o Cardeal del Hoyo recolleu, na crónica da súa estancia en Compostela, a existencia dunha inscrición que se atopaba ás portas do antigo priorado e na que se recollía parte do labor de don Bernardo na Colexiata: AEDIFICAVIT ITA, BERNARDUS METROPOLITA SED SARIS AEGROTIS ET RELEBILITATE REMOTIS, a cal se correspondía coa construción dunha hospedería que estaría situada na parte oriental do claustro, xunto a unha capela dedicada a Santa María Magdalena, promovida polo mesmo prelado coa finalidade de acoller alí a súa sepultura, a cal, tras pasar por diferentes localizacións ao longo do tempo, hoxe se conserva no interior da igrexa en deficientes condicións de conservación, tal e como evidencia o estudo de conservación realizado dentro deste proxecto e incluído nesta publicación.

Como detallará máis adiante o epigrafista Álvaro Castresana, o sepulcro do arcebispo Bernardo II ten, na súa fronte unha poética inscrición TRAXIT AB HAC VITA BERNALDUS METROPOLITA POST HOC VILE SOLVM SACANDERE POSSE

## El claustro medieval de Santa María de Sar

Los talleres vinculados a la construcción de la catedral compostelana que trabajaron en la iglesia de Sar también se ocuparon, una vez finalizadas las obras, de la realización de un claustro que diera servicio a las necesidades de la comunidad de San Agustín. De este modo, adosado al lado sur del templo, se construyó un claustro rectangular en el que participaron los artistas de influencia mateana que también trabajaban en aquel momento en la catedral.

El claustro medieval fue reemplazado en el siglo XVIII por el actual, obra del arquitecto compostelano Frei Manuel de los Mártires; pero un tramo, formado por una secuencia de nueve arcos de su lienzo norte, se conservó milagrosamente al encontrarse protegido tras un muro de refuerzo. Gracias a estos restos *in situ* del claustro, junto con otras piezas que se recuperaron a través de la arqueología, reutilizadas en diversos lugares del conjunto y, también, a la cuidadosa descripción del claustro incluída en el informe realizado en 1712 por Fernando de Casas, es posible saber sus características y disposición y, al mismo tiempo, la evolución estilística producida a lo largo de su construcción.

Así, en los primeros tramos conservados, de rica decoración, se aprecia el modo de trabajar de los talleres de herencia matea que protagonizaron el arte compostelano de las primeras décadas del siglo XIII. Sin embargo, avanzando hacia el lado oeste, se hace evidente una mayor estilización y distintos recursos decorativos que muestran nuevas influencias artísticas y nos llevan hacia el estilo gótico.

Se ha señalado el papel desarrollado en la edificación de este claustro por el arzobispo Bernardo II, retirado en Sar en el año 1237; y que contaría con la participación de los artistas que, en aquel tiempo, estaban construyendo el claustro catedralicio bajo la dirección de su sucesor en la Mitra, Juan Arias.

De hecho, aunque hoy no se conserva, el Cardenal del Hoyo recogió, en la crónica de su estancia en Compostela, la existencia de una inscripción que se encontraba en las puertas del antiguo priorato y en la que se recogía parte del labor de don Bernardo en la Colegiata: AEDIFICAVIT ITA, BERNARDUS METROPOLITA SED SARIS AEGROTIS ET RELEBILITATE REMOTIS, la cual se correspondía con la construcción de una hospedería que estaría situada en la parte oriental del claustro, junto a una capilla dedicada a Santa María Magdalena, promovida por el mismo prelado con la finalidad de acoger allí su sepultura, la cual, tras pasar por diferentes localizaciones a lo largo del tiempo, hoy se conserva en el interior de la iglesia en deficientes condiciones de conservación, tal y como evidencia el estudio de conservación realizado dentro de este proyecto e incluido en esta publicación.

Como detallará más adelante el epigrafista Álvaro Castresana, el sepulcro del arzobispo Bernardo II tiene, en su frente una poética inscripción TRAXIT AB HAC VITA BERNALDUS METROPOLITA POST HOC VILE SOLVM SACANDERE POSSE





DERE POSSE POLUM (“Sacou desta vida o metropolitano Bernardo poder subir ao ceo desde este solo vil”), completada tempo despois por un segundo epígrafe situado na cabeceira: HIC IACET DOMINUS BERNARDVS COMPOSTELLANVS / QUONDAM ARCHIEPISCOPVS QVI OBIT XII KALENDAS / DECEMBRIS ERA MCCLXXXVIII (“Aquí xace don Bernardo, noutro tempo arcebispo compostelán, que finou o vinte de novembro da Era 1278 –ano 1240–”).

Ademais, a modo de cuberta se dispón unha imaxe xacente do devandito don Bernardo, vestido de pontifical e portando o báculo en tau propio dos prelados composteláns na Idade Media; unha peza que, como desenvolverán no seu estudo Victoriano Nodar e Diego Fernández, parece ter relación cos sepulcros do Panteón Real da catedral e que mostra a comentada evolución estilística, cara ao gótico, dos obradoiros locais activos nos anos centrais do século XIII.

Xunto ao sartego de Bernardo II, o claustro medieval de Sar acollería outros moitos enterramentos, algúns deles conservados actualmente entre os fondos arqueolóxicos do MuSar – Museo Colexiata de Sar. Esta función funeraria do espazo claustral tiña, asemade, unha compoñente simbólica que se vía reforzada pola propia decoración escultórica e, tamén, pola vexetación que, como sucede na actualidade, ocupaba o patio central, evocando o paraíso terrenal e seguindo a espiritualidade monástica para a cal “Certamente, o claustro é un Paraíso”.

Tamén xogaba un papel simbólico, nesta cuestión, a presenza da auga a través de unha fonte de cunca granítica de forma galonada inspirada na *Fons mirabilis* do *Paradisus* de Compostela, aberto diante da Porta Francígena da catedral. Consta que esta fonte, hoxe trasladada á parte central do patio, estaba orixinalmente nun dos ángulos do claustro, xusto situada fronte á capela da Magdalena onde se atopaba o devandito sepulcro do arcebispo don Bernardo, protagonista deste proxecto.

## A recuperación e posta en valor dun patrimonio. O MuSar · Museo Colexiata de Sar

Aínda que co paso do tempo e as sucesivas reformas se perderon pezas importantes das que quedan datos e memoria, caso da Virxe medieval que presidiría o altar maior, a actual parroquia de Santa María de Sar conta, como se avanzou nestas páxinas con importantes testemuñas arqueolóxicas, artísticas e litúrxicas que son parte da súa rica historia.

Para acoller, conservar, estudar e difundir estas coleccións, creouse no ano 1975 un Museo que, tras varias fases, pertence na actualidade ao programa Compostela Sacra impulsado pola Igrexa compostelá e a Fundación Catedral para a xestión do seu patrimonio cultural.

POLUM (“Sacó de esta vida al metropolitano Bernardo, para poder subir al cielo desde este suelo vil”), completada tiempo despois por un segundo epígrafe situado en la cabeza: HIC IACET DOMINUS BERNARDVS COMPOSTELLANVS / QUONDAM ARCHIEPISCOPVS QVI OBIT XII KALENDAS / DECEMBRIS ERA MCCLXXXVIII (“Aquí yace don Bernardo, en otro tiempo arzobispo compostelano, que falleció el veinte de noviembre de la Era 1278 – año 1240”).

Además, a modo de cubierta se dispone una imagen yacente del mencionado don Bernardo, vestido de pontifical y portando el báculo en tau propio de los prelados compostelanos en la Edad Media; una pieza que, como desarrollarán en su estudio Victoriano Nodar y Diego Fernández, parece tener relación con los sepulcros del Panteón Real de la catedral y que muestra la comentada evolución estilística, hacia el gótico, de los talleres locales activos en los años centrales del siglo XIII.

Junto al sarcófago de Bernardo II, el claustro medieval de Sar albergaría muchos otros enterramientos, algunos de los cuales se conservan actualmente entre los fondos arqueológicos del MuSar – Museo Colegiata de Sar. Esta función funeraria del espacio claustral tenía, además, un componente simbólico que se veía reforzado por la propia decoración escultórica y, también, por la vegetación que, como sucede en la actualidad, ocupaba el patio central, evocando el paraíso terrenal y siguiendo la espiritualidad monástica para la cual “Ciertamente, el claustro es un Paraíso”.

También jugaba un papel simbólico, en este sentido, la presencia del agua a través de una fuente de cuenca granítica de forma gallonada, inspirada en la *Fons mirabilis* del *Paradisus* de Compostela, abierta frente a la *Porta Francigena* de la catedral. Consta que esta fuente, hoy trasladada a la parte central del patio, estaba originalmente en uno de los ángulos del claustro, justo situada frente a la capilla de la Magdalena donde se encontraba el mencionado sepulcro del arzobispo don Bernardo, protagonista de este proyecto.

## La recuperación y puesta en valor de un patrimonio. El MuSar · Museo Colegiata de Sar

Aunque con el paso del tiempo y las sucesivas reformas se perdieron piezas importantes de las que quedan datos y memoria, como el caso de la Virgen medieval que presidía el altar mayor, la actual parroquia de Santa María de Sar cuenta, como se ha avanzado en estas páginas con importantes testimonios arqueológicos, artísticos y litúrgicos que forman parte de su rica historia.

Para acoger, conservar, estudiar y difundir estas colecciones, se creó en el año 1975 un Museo que, tras varias fases, pertenece en la actualidad al programa Compostela Sacra impulsado por la Iglesia compostelana y la Fundación Catedral para la gestión de su patrimonio cultural.



Fig. 5  
Detalle da inscrición do sepulcro de Bernardo II.  
Detalle de la inscripción del sepulcro de Bernardo II.



Fig. 6  
Gárgola con forma de león. Granito. Obradoiro do Mestre Mateo. S. XIII. Exposta no MuSar.  
Gárgola con forma de león. Granito. Taller del Maestro Mateo. S. XIII. Expuesta en el MuSar.





Tanto nas obras de restauración realizadas a finais do século XIX e na primeira metade do XX na Igrexa e no claustro, se recuperaron moitas pezas e fragmentos arqueolóxicos medievais que se usaran como materiais construtivos nas reformas barrocas de ambos espazos. Sumáronse, deste modo, a un conxunto de pezas e ornamentos litúrxicos e de esculturas que se conservaban no templo, configurando unhas coleccións susceptibles de formar un Museo que serviría para contar séculos de historia.

A organización destas coleccións, máis ou menos coincidente cos espazos nos que se organiza o Museo na actualidade é a seguinte:

• **A colección de escultura medieval.** Formada por un amplo conxunto de pezas románicas e góticas que proceden da igrexa e do claustro; entre elas, capiteis, cimacios e outros fragmentos e elementos que mostran a conexión entre os proxectos desenvolvidos en Sar e a catedral compostelá, principalmente, nas décadas finais do século XII e no XIII, da man dos artistas de tradición mateá activos na cidade.

Tamén se inclúen nesta colección as pezas de escultura funeraria asociadas ao claustro medieval. Ademais do citado e excepcional sepulcro do arcebispo Bernardo II, hoxe colocado no interior da Igrexa, debe destacarse o do cóngo Bernardo Arias, datado no ano 1291 e que, aínda que segue a tipoloxía do anterior, xa é plenamente gótico.

Asemade consérvanse testemuñas das devocións propias do pasado de Sar como priorado baixo a regra de Santo Agostiño, caso das representacións do propio Santo ou de San Brais en senllas pezas de pedra calcárea do século XV.

• **A colección de escultura barroca.** Tal e como se comentou, o século XVIII supuxo un novo período de auxe na Colexiata de Sar, con moitas obras e renovacións no templo, no claustro e nas súas dependencias anexas. Deste xeito, algúns dos principais artistas do barroco compostelán tamén teñen presenza nas coleccións do MuSar, con pezas procedentes de capelas e retablos que, co tempo, quedaron desubicadas pasando ao Museo.

Poden citarse, neste grupo, as imaxes de San Roque e de San Brais, que pertenceron a senllos retablos barrocos e contaban con importante devoción dos fieis, de xeito especial no caso do segundo, manténdose na actualidade a masiva romaría popular que cada ano se celebra o 3 de febreiro.

• **Ornamentos litúrxicos e pratería.** A través da colección de obxectos para a liturxia é posible facer un percorrido pola evolución do cerimonial da Colexiata nos últimos séculos e, tamén, por importantes obradoiros de pratería e bordado, cunha presenza destacada da Escola compostelá, aínda que tamén se conta con pezas de procedencia foránea.

Tanto en las obras de restauración realizadas a finales del siglo XIX y en la primera mitad del XX en la iglesia y en el claustro, se recuperaron muchas piezas y fragmentos arqueológicos medievales que se habían utilizado como materiales constructivos en las reformas barrocas de ambos espacios. Se sumaron, de este modo, a un conjunto de piezas y ornamentos litúrgicos y de esculturas que se conservaban en el templo, configurando unas colecciones susceptibles de formar un Museo que serviría para contar siglos de historia.

La organización de estas colecciones, más o menos coincidente con los espacios en los que se organiza el Museo en la actualidad es la siguiente:

• **La colección de escultura medieval.** Formada por un amplio conjunto de piezas románicas y góticas que proceden de la iglesia y del claustro; entre ellas, capiteles, cimacios y otros fragmentos y elementos que muestran la conexión entre los proyectos desarrollados en Sar y la catedral compostelana, principalmente, en las décadas finales del siglo XII y en el XIII, de la mano de los artistas de tradición matea activos en la ciudad.

También se incluyen en esta colección las piezas de escultura funeraria asociadas al claustro medieval. Además del citado y excepcional sepulcro del arzobispo Bernardo II, hoy colocado en el interior de la Iglesia, debe destacarse el del canónigo Bernardo Arias, datado en el año 1291 y que, aunque sigue la tipología del anterior, ya es plenamente gótico.

Así mismo, se conservan testimonios de las devociones propias del pasado de Sar como priorato bajo la regla de San Agustín, como las representaciones del propio Santo o de San Blas en sendas piezas de piedra caliza del siglo XV.

• **La colección de escultura barroca.** Tal como se comentó, el siglo XVIII supuso un nuevo período de auge en la Colegiata de Sar, con numerosas obras y renovaciones en el templo, en el claustro y en sus dependencias anexas. De este modo, algunos de los principales artistas del barroco compostelano también están presentes en las colecciones del MuSar, con piezas procedentes de capillas y retablos que, con el tiempo, quedaron desubicadas y pasaron al Museo.

Pueden citarse, en este grupo, las imágenes de San Roque y de San Blas, que pertenecieron a sendos retablos barrocos y contaban con importante devoción de los fieles, de manera especial en el caso del segundo, manteniéndose en la actualidad la masiva romería popular que cada año se celebra el 3 de febrero.

• **Ornamentos litúrgicos y platería.** A través de la colección de objetos para la liturgia es posible hacer un recorrido por la evolución del ceremonial de la Colegiata en los últimos siglos y, también, por importantes talleres de platería y bordado, con una presencia destacada de la Escuela compostelana, aunque también se cuentan piezas de procedencia extranjera.

Cabe salientar, na de pratería, a Cruz procesional, que mantén os seus usos cerimoniais en grandes solemnidades; o cáliz e ostensorio do compostelán Nóboa; ou o relicario de san Pedro, peza cordobesa do ano 1773.

Polo que respecta ás vestiduras litúrxicas, destaca o terno do século XVIII, individualizado co escudo de Santa María de Sar, formado por un año místico que está deitado sobre o Libro apocalíptico dos sete selos.

• **Fondo documental.** A peza máis salientable entre a documentación medieval que conserva a Colexiata de Sar, hoxe depositada no Arquivo Histórico Diocesano, mentres uns facsímiles substitúen aos orixinais por motivos de conservación, é o citado documento fundacional asinado polo Arcebispo Xelmírez o 1 de setembro de 1136; confirmado tempo despois por Afonso VII nun novo documento que tamén forma parte da colección.

Tamén debe citarse, neste fondo documental de Santa María de Sar o documento de novembro de 1471 polo que Enrique IV confirmaba os privilexios dos seus antecesores, eximindo ao priorado do “Yantar del Rey”.

## O proxecto Bernardo II e a memoria da Compostela Medieval

Nos últimos anos, tras a reapertura do MuSar dentro do programa cultural Compostela Sacra, froito da colaboración establecida entre o Arcebispado de Santiago e a Fundación Catedral, leváronse a cabo distintos proxectos focalizados no pasado medieval da Colexiata de Santa María de Sar, sempre desde unha tripla perspectiva que se ocupa da investigación, a conservación e a difusión.

Entre estes proxectos, xunto coa Universidade de Vigo estase a levar un estudo no que as novas tecnoloxías aplicadas ao patrimonio teñen un especial protagonismo; que xa permitiu reconstruír virtualmente a igrexa de Sar no século XIII e que, nestes momentos, está inmerso na reconstrución virtual do claustro, do que só se conserva, como se comentou, unha das súas pandas e moitas pezas nos fondos do Museo.

De xeito complementario e sen abandonar esta época dorada de santa María de Sar, cando os artistas do obradoiro do Mestre Mateo foron quen de compaxinar os seus traballos na catedral coa remodelación desta igrexa e a construción dun monumental claustro que seguía o modelo do catedralicio, levouse a cabo, no ano 2025, o proxecto *Bernardo II e a memoria da Compostela Medieval*, posible, como xa se relatou, grazas á colaboración da Deputación da Coruña e ao seu programa de subvencións no ámbito da cultura.

Cabe resaltar, en la de platería, la Cruz procesional, que mantiene sus usos ceremoniales en grandes solemnidades; el cáliz y ostensorio del compostelano Nóboa; o el relicario de San Pedro, pieza cordobesa del año 1773.

En lo que respecta a las vestiduras litúrgicas, destaca el ajuar del siglo XVIII, individualizado con el escudo de Santa María de Sar, formado por un cordero místico que se encuentra reclinado sobre el Libro apocalíptico de los siete sellos.

• **Fondo documental.** La pieza más destacable entre la documentación medieval que conserva la Colegiata de Sar, hoy depositada en el Archivo Histórico Diocesano, mientras que unos facsímiles sustituyen a los originales por motivos de conservación, es el citado documento fundacional firmado por el arzobispo Gelmírez el 1 de septiembre de 1136; confirmado tiempo después por Alfonso VII en un nuevo documento que también forma parte de la colección.

También debe citarse, en este fondo documental de Santa María de Sar el documento de noviembre de 1471 por el que Enrique IV confirmaba los privilegios de sus antecesores, eximiendo al priorato del “Yantar del Rey”.

## El proyecto Bernardo II y la memoria de la Compostela Medieval

En los últimos años, tras la reapertura del MuSar dentro del programa cultural Compostela Sacra, fruto de la colaboración establecida entre el Arzobispado de Santiago y la Fundación Catedral, se han llevado a cabo distintos proyectos centrados en el pasado medieval de la Colegiata de Santa María de Sar, siempre desde una triple perspectiva que abarca la investigación, la conservación y la difusión.

Entre estos proyectos, junto con la Universidad de Vigo se está realizando un estudio en el que las nuevas tecnologías aplicadas al patrimonio tienen un protagonismo especial; que ya ha permitido reconstruir virtualmente la iglesia de Sar en el siglo XIII y que, en estos momentos, está inmerso en la reconstrucción virtual del claustro, del que solo se conserva, como se comentó, uno de sus lienzos y muchas piezas en los fondos del Museo.

De manera complementaria y sin abandonar esta época dorada de Santa María de Sar, cuando los artistas del taller del Maestro Mateo fueron capaces de compaginar sus trabajos en la catedral con la remodelación de esta iglesia y la construcción de un monumental claustro que seguía el modelo catedralicio, se llevó a cabo, en el año 2025, el proyecto *Bernardo II y la memoria de la Compostela Medieval*, posible, como ya se relató, gracias a la colaboración de la Diputación de A Coruña y a su programa de subvenciones en el ámbito de la cultura.







Fig. 7  
Proceso de dixitalización do sepulcro de Bernardo II. Escaneado.  
Proceso de digitalización del sepulcro de Bernardo II. Escaneado.

O devandito proxecto incluíu os traballos de investigación científica que, en colaboración coa Universidade de Vigo, permitiron levar a cabo esta publicación, na que destacados especialistas profundan na figura e significación histórica de Bernardo II e nas testemuñas artísticas da súa época, especialmente o seu sarteago, coas súas inscricións e imaxe xacente. Asemade, fíxose un meticuloso estudo do estado de conservación da peza, concluíndose coas recomendacións para a súa necesaria restauración.

Por outra banda, dentro do proxecto levouse a cabo unha completa dixitalización do sepulcro, o que facilita o seu estudo epigráfico, histórico-artístico e de conservación, creando un xemelgo dixital no seu actual estado, incluíndo os restos atopados no seu interior, entre eles, ademais de osos, restos de tecidos e coiro. Estes materiais dixitais permiten, asemade, a creación de contidos divulgativos, accesibles nun apartado específico da páxina web do MuSar ([www.musar.gal](http://www.musar.gal)).

O proxecto completouse cun programa educativo sobre a figura de Bernardo II e a súa época, aberto aos centros educativos da cidade e que tamén incluíu a realización duns materiais didácticos igualmente dispoñibles na web do Museo. E, ademais, contou cun programa de comunicación que se desenvolveu a través das redes sociais do MuSar.

El mencionado proyecto incluyó los trabajos de investigación científica que, en colaboración con la Universidad de Vigo, permitieron llevar a cabo esta publicación, en la que destacados especialistas profundizan en la figura y significación histórica de Bernardo II y en los testimonios artísticos de su época, especialmente su sarcófago, con sus inscripciones e imagen yacente. Asimismo, se realizó un meticuloso estudio del estado de conservación de la pieza, concluyéndose con las recomendaciones para su necesaria restauración.

Por otra parte, dentro del proyecto se llevó a cabo una completa digitalización del sepulcro, lo que facilita su estudio epigráfico, histórico-artístico y de conservación, creando un gemelo digital en su estado actual, incluyendo los restos encontrados en su interior, entre ellos, además de huesos, restos de tejidos y cuero. Estos materiales digitales permiten, asimismo, la creación de contenidos divulgativos, accesibles en un apartado específico de la página web del MuSar ([www.musar.gal](http://www.musar.gal)).

El proyecto se completó con un programa educativo sobre la figura de Bernardo II y su época, abierto a los centros educativos de la ciudad y que también incluyó la realización de materiales didácticos igualmente disponibles en la web del Museo. Y, además, contó con un programa de comunicación que se desarrolló a través de las redes sociales del MuSar.



Fig. 8  
Proceso de dixitalización do sepulcro de Bernardo II. Modelo tridimensional.  
Proceso de digitalización del sepulcro de Bernardo II. Modelo tridimensional.

Por fin, perseguindo a posta en valor da obra no seu contexto actual fíxose unha pequena muscalización do sarteago, cunha cartela que da acceso, mediante un código QR a información sobre a obra e cunha iluminación museográfica do mesmo. Non obstante, cabe sinalar que, entre as recomendacións recollidas no estudo de conservación, figura a de trasladar a peza a un lugar máis adecuado, lembrando que, orixinalmente, o sepulcro colocárase nunha capela funeraria situada no claustro, nas proximidades das salas do actual MuSar. Isto permitiría solucionar os graves problemas de humidade, por capilaridade, que sofre o sarteago, dando a aparencia de que a imaxe xacente de Bernardo está a sudar cando a climatoloxía é húmida.

Nas seguintes páxinas deste volume monográfico, o historiador medievalista Xosé Manoel Sánchez profundiza na figura de Bernardo II e a súa época, un período importante para Compostela tras a consagración da catedral polo seu predecesor, Pedro Muñiz, anos antes. O autor percorre a biografía do prelado ata a súa chegada ao episcopado en 1224, e, de seguido, analiza este período e as súas principais realizacións, destacando a súa formación e cultura, así como a labor espiritual e política que desenvolveu. Por fin, da conta da súa renuncia como arcebispo e a retirada a Sar onde, tras a súa morte, sería soterrado. O estudo se completa cun interesante compendio documental relativa ao noso protagonista.

Por fin, persiguiendo la puesta en valor de la obra en su contexto actual se hizo una pequeña musealización del sarcófago, con una cartela que da acceso, mediante un código QR la información sobre la obra y con una iluminación museográfica del mismo. No obstante, cabe señalar que, entre las recomendaciones recogidas en el estudio de conservación, figura la de trasladar la pieza a un lugar más adecuado, recordando que, originalmente, el sepulcro se colocaría en una capilla funeraria situada en el claustro, en las proximidades de las salas del actual MuSar. Esto permitiría solucionar los graves problemas de humedad, por capilaridad, que sufre el sarcófago, dando la apariencia de que la imagen yacente de Bernardo está sudando cuando la climatología es húmeda.

En las siguientes páginas de este volumen monográfico, el historiador medievalista Xosé Manoel Sánchez profundiza en la figura de Bernardo II y su época, un período importante para Compostela tras la consagración de la catedral por su predecesor, Pedro Muñiz, años antes. El autor recorre la biografía del prelado hasta su llegada al episcopado en 1224 y, de seguido, analiza este período y sus principales realizaciones, destacando su formación y cultura, así como la labor espiritual y política que desarrolló. Por fin, da cuenta de su renuncia como arzobispo y de su retiro en Sar donde, tras su muerte, sería enterrado. El estudio se completa con un interesante compendio documental relativo a nuestro protagonista.





No seguinte capítulo, os historiadores da arte Victoriano Nodar e Diego Fernández se ocupan do estudo histórico-artístico do sartego, como se referiu, o máis antigo que se conserva dun arcebispo compostelán, ao que atribúen a fama de santidad coa que morreu no ano 1240; tratan, asemade, da relevancia deste prelado para a promoción artística, en particular, no claustro de Santa María de Sar, onde se configuraría unha capela, dedicada á Magdalena, para acoller a súa sepultura; e tamén abordan o estudo analítico e comparativo desde peza respecto da escultura funeraria da Compostela medieval. Por fin, percorren a fortuna do sartego, desde a súa localización orixinal á actual, cunha serie de peripecias ao longo do tempo que, sen dúbida, afectaron a súa conservación e, sobre todo, a aquelas pezas de enxoval que puideron soterrarse xunto co corpo de don Bernardo.

Pola súa banda, o especialista en epigrafía Álvaro Castresana, realiza un estudo en profundidade das dúas inscricións que presenta o sepulcro, especialmente relevantes para a súa identificación e que axudan a comprender a importancia do personaxe na súa época. Xunto a este sepulcro, consérvanse en Sar outras pezas epigráficas medievais de interese que derivan, segundo conclúe o estudo este autor, da inscrición conmemorativa da colocación dos linteis do Pórtico da Gloria, polo Mestre Mateo, no ano de 1188; unha tipoloxía que perdurará en Compostela ata o derradeiro terzo do século XIV.

Por fin, a conservadora-restauradora Noelia Márquez e o seu equipo se ocupan do estudo de conservación que presenta, na actualidade, o sepulcro de Bernardo II, deixando constancia dos riscos que corre pola súa localización no interior da igrexa, tanto polas propias condicións de humidade dese lugar, como pola acción antrópica ao non contar con ningún tipo de protección ou, tamén, por intervencións previas pouco adecuadas. Por todo elo, tras expor de forma detallada os danos que presenta a peza a través dos resultados das análises realizadas, pasan a propor unha serie de medidas para a súa restauración que inclúen a recomendación do seu traslado ás salas do MuSar e o seguimento posterior dun Plan de conservación que garanta a súa preservación nas mellores condicións.

Os textos acompañanse do correspondente aparato crítico e documentación, así como de imaxes, a meirande parte delas a cargo do fotógrafo Adolfo Enríquez, que ilustran a publicación e axudan ao lector a comprender mellor a magnitude deste proxecto e, como se pretendía hai un ano, cando comezaron os traballos, a poñer en valor a figura do Arcebispo Bernardo II e o seu tempo, facendo, deste xeito, memoria da cidade de Compostela na Idade Media.

En el siguiente capítulo, los historiadores del arte Victoriano Nodar y Diego Fernández se ocupan del estudio histórico-artístico del sarcófago, como se ha mencionado, el más antiguo que se conserva de un arzobispo compostelano, al que atribuyen la fama de santidad con la que murió en el año 1240; tratan, asimismo, de la relevancia de este prelado para la promoción artística, en particular, en el claustro de Santa María de Sar, donde se configuraría una capilla dedicada a la Magdalena para acoger su sepultura; y también abordan el estudio analítico y comparativo de esta pieza al respecto de la escultura funeraria de la Compostela medieval. Por último, recorren la fortuna del sarcófago, desde su ubicación original hasta la actual, con una serie de peripecias a lo largo del tiempo que, sin duda, afectaron su conservación y, sobre todo, a aquellas piezas de ajuar que pudieron enterrarse junto al cuerpo de don Bernardo.

Por su parte, el especialista en epigrafía Álvaro Castresana, realiza un estudio en profundidad de las dos inscripciones que presenta el sepulcro, especialmente relevantes para su identificación y que ayudan a comprender la importancia del personaje en su época. Junto a este sepulcro, se conservan en Sar otras piezas epigráficas medievales de interés que derivan, según concluye el estudio de este autor, de la inscripción conmemorativa de la colocación de los dinteles del Pórtico de la Gloria, por el Maestro Mateo, en el año 1188; una tipología que perdurará en Compostela hasta el último tercio del siglo XIV.

Por último, la conservadora-restauradora Noelia Márquez y su equipo se ocupan del estudio de conservación que presenta, en la actualidad, el sepulcro de Bernardo II, dejando constancia de los riesgos que corre por su localización en el interior de la iglesia, tanto por las propias condiciones de humedad de dicho lugar, como por la acción antrópica al no contar con ningún tipo de protección o, también, por intervenciones previas poco adecuadas. Por todo ello, tras exponer de forma detallada los daños que presenta la pieza a través de los resultados de los análisis realizados, pasan a proponer una serie de medidas para su restauración que incluyen la recomendación de su traslado a las salas del MuSar y el seguimiento posterior de un Plan de conservación que garantice su preservación en las mejores condiciones.

Los textos se acompañan del correspondiente aparato crítico y documentación, así como de imágenes, la mayor parte de ellas a cargo del fotógrafo Adolfo Enríquez, que ilustran la publicación y ayudan al lector a comprender mejor la magnitud de este proyecto y, como se pretendía hace un año, cuando comenzaron los trabajos, a poner en valor la figura del Arzobispo Bernardo II y su época, haciendo, de este modo, memoria de la ciudad de Compostela en la Edad Media.



Fig. 9  
Interior da igrexa de Santa María de Sar.  
Interior de la iglesia de Santa María de Sar.




II

**Bernardo II, arcebispo de Santiago de Compostela: episcopado, poder e cultura a inicios do século XIII**

Bernardo II, arzobispo de Santiago de Compostela: episcopado, poder y cultura a inicios del siglo XIII

XOSÉ M. SÁNCHEZ SÁNCHEZ  
Universidade de Santiago de Compostela





A historia da sé de Santiago de Compostela, no seu tempo longo, transmítenos desempeñando cargos varios algúns nomes pesados e potentes; deses que case calquera identifica na importancia dos seus tempos. De seguro poderíamos citar dous ou tres sen apenas pensar. Outros, sen embargo, deixan unha pegada que é igual de fonda no que significan; pero a súa labor calmada parece disfrazar a tranquilidade de insignificancia, algo ben actual por outra banda dos tempos que corren. E, polo xeral, nada máis lonxe da realidade.

Prescindamos xa de principio do fulgurante recordo xelmi-riano. Bernardo II é arcebispo da sé metropolitana de Santiago de Compostela entre os anos 1224 e 1237. O seu tempo, pois, non é extenso en demasía. Segue a algúns episcopados de entidade considerable, como son os recentes de Pedro Suárez de Deza (1173-1206) ou Pedro Gudestéiz (1206-1224), e antecede ademais a un longo e frutífero como é o de Xoán Arias (1237-1266). E así, a proximidade histórica de tales figuras opaca en certo xeito a actividade dun prelado que sen embargo resulta fundamental nas formas políticas da sé de cara ao futuro e considerable en canto á súa vertente cultural<sup>1</sup>. Porque, aínda desde a relativa brevidade dos seus trece anos de exercicio, non é menos certo que o tempo da súa cátedra deu para moito.

Á hora de ofrecer unha perspectiva de vida e actividade, as principais fontes documentais atópanse nos máis destacados volumes que se elaboran na institución catedralicia e custodiados do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago: os tombos coñecidos coma A, B e C<sup>2</sup>. Neles se copian os máis salientados documentos concedidos á igrexa de Santiago polos monarcas sucesivos, papas e cóengos, ofrecendo un conxunto de fontes que permiten seguir a historia de Compostela, xa sexa cidade ou igrexa. A eles deberemos de engadir outros diplomas en centros máis distantes, como o Arquivo Apostólico Vaticano. Xunto con isto, e partindo de tales fontes, dende perspectivas tradicionais ata o tempo actual o personaxe suscitou xa certo interese por parte da historiografía. Quizais a aproximación máis clásica e completa sexa a de Antonio López Ferreiro e o capítulo que lle dedica na súa magna obra sobre a historia da sé<sup>3</sup>; a ela compre engadir outras máis recentes nas que se lle presta tamén atención<sup>4</sup>.

De forma xeral, e a modo de pórtico, podemos marcar tres liñas que nos permitirán entender a personaxe, a súa actividade á fronte da sé e a importancia do seu exercicio: o tempo dun episcopado que ve a ampliación do urbano, co crecemento notable da cidade de Santiago de Compostela máis aló das súas murallas; en segundo termo, o momento de re-axuste na relación política dunha Compostela que sendo sé arcebispal do reino galaico-leonés, verá dende 1230 como a monarquía hispana tenderá a construírse mirando cara o eixo norte-sur peninsular de Castela e León; e ao tempo, por último, o contexto de reforzo no cultural, desde o magnífico templo compostelán apenas consagrado e o constante fluir da peregrinación xacobeá, todo o cal toma forma persoal nun profundo gusto de Bernardo pola cultura e a produción libraria.

Episcopado, poder e panorama cultural toman forma así nun individuo cuxas diversas facetas permitirannos seguir a historia compostelá e galega no primeiro terzo do século XIII.

La historia de la sede de Santiago de Compostela, en su tiempo largo, nos transmite, en el desempeño de cargos varios, algunos nombres pesados y potentes; de esos que casi cualquiera identificaría en la importancia de sus tiempos. Ciertamente podríamos citar dos o tres sin apenas pensar. Otros, sin embargo, dejan una huella que es igual de profunda en lo que significan; pero su labor calmada parece disfrazar la tranquilidad de insignificancia, algo bien actual por otra parte de los tiempos que corren. Y, por lo general, nada más lejos de la realidad.

Prescindamos ya de principio del fulgurante recuerdo gelmi-riano. Bernardo II es arzobispo de la sede metropolitana de Santiago de Compostela entre los años 1224 y 1237. Su tiempo, pues, no es extenso en demasía. Sigue a algunos episcopados de entidad considerable, como son los recientes de Pedro Suárez de Deza (1173-1206) o Pedro Gudestéiz (1206-1224), y antecede además a uno largo y fructífero como es el de Juan Arias (1237-1266). Y así, la proximidad histórica de tales figuras opaca en cierto modo la actividad de un prelado que sin embargo resulta fundamental en las formas políticas de la sede hacia el futuro y considerable en cuanto a su vertiente cultural<sup>1</sup>. Porque, aun desde la relativa brevedad de sus trece años de ejercicio, no es menos cierto que el tiempo de su cátedra dio para mucho.

A la hora de ofrecer una perspectiva de vida y actividad, las principales fuentes documentales se encuentran en los más destacados volúmenes elaborados en la institución catedralicia y custodiados del Archivo-Biblioteca de la Catedral de Santiago: los tumbos conocidos como A, B y C<sup>2</sup>. En ellos se copian los principales documentos concedidos a la iglesia de Santiago por los monarcas sucesivos, papas y canónigos, ofreciendo un conjunto de fuentes que permiten seguir la historia de Compostela, ya sea ciudad o iglesia. A ellos deberemos añadir otros diplomas en centros más distantes, como el Archivo Apostólico Vaticano. Junto con esto, y partiendo de tales fuentes, desde perspectivas tradicionales hasta el tiempo actual el personaje ha suscitado ya cierto interés por parte de la historiografía. Quizá la aproximación más clásica y completa sea la de Antonio López Ferreiro y el capítulo que le dedica en su magna obra sobre la historia de la sede<sup>3</sup>; a ella cumple añadir otras más recientes en las que se le presta también atención<sup>4</sup>.

De forma general, y a modo de pórtico, podemos marcar tres líneas que nos permitirán entender al personaje, su actividad al frente de la sede y la importancia de su ejercicio: el tiempo de un episcopado que ve la ampliación de lo urbano, con el crecimiento notable de la ciudad de Santiago de Compostela más allá de sus murallas; en segundo término, el momento de reajuste en la relación política de una Compostela que siendo sede arzobispal del reino galaico-leonés, verá desde 1230 cómo la monarquía hispana tenderá a construirse mirando hacia el eje norte-sur peninsular de Castilla y León; y al tiempo, por último, el contexto de refuerzo en lo cultural, desde el magnífico templo compostelano apenas consagrado y el constante fluir de la peregrinación jacobea, todo lo cual toma forma personal en un profundo gusto de Bernardo por la cultura y la producción libraria.

Episcopado, poder y panorama cultural toman forma así en un individuo cuyas diversas facetas nos permitirán seguir la historia compostelana y gallega en el primer tercio del siglo XIII.

## Bernardo antes do arcebispado: entre Padrón e Compostela

O 29 de xaneiro do ano 1224 falecía en Compostela o arcebispo Pedro Múñiz, ese que co tempo sería alcumado con pouca xustificación “o nigromante”. Pero os tempos de longas sés vacantes nunca son bos nin estabilizadores; e nestes anos 20 da centuria a igrexa compostelá ía ventilando asuntos de entidade en frontes varias: na súa provincia diocesana, con respecto ás sés das que era metrópole e na competencia con Braga e Toledo; nas formas do poder, tanto cunha cidade en crecemento como na relación coa nobreza galega; e nas propias formas que o poder rexio estaba a construír. Así, de xeito case inmediato debeu de reunirse o cabido catedralicio, órgano colexiado e rétor da institución, pois ao pouco, en agosto, cóstanos xa consagrado un novo prelado á fronte da sede: Bernardo, o segundo do seu nome, e que era xa deán capitular. A elección tiña o seu fundamento pois, como veremos, quen concertara os votos capitulares era un individuo de habilidade política e bo coñecedor de cidade e institución; non era personaxe calquera. Pero medir a súa actividade xunto coa súa chegada á prelatura implica comezar, con boa orde, polas súas orixes.



Fig. 1  
Detalle da efixie do sepulcro de Bernardo II.  
Detalle de la efigie del sepulcro de Bernardo II.

## Bernardo antes del arzobispado: entre Padrón y Compostela

El 29 de enero del año 1224 fallecía en Compostela el arzobispo Pedro Múñiz, ese que con el tiempo sería apodado con poca justificación “el nigromante”. Pero los tiempos de largas sedes vacantes nunca son buenos ni estabilizadores; y en estos años 20 de la centuria la iglesia compostelana iba ventilando asuntos de entidad en frentes varios: en su provincia diocesana, con respecto a las sedes de las que era metrópoli y en la competencia con Braga y Toledo; en las formas del poder, tanto con una ciudad en crecimiento como en la relación con la nobleza gallega; y en las propias formas que el poder regio estaba construyendo. Así, de manera casi inmediata debió de reunirse el cabildo catedralicio, órgano colegiado y rector de la institución, pues al poco, en agosto, consta ya consagrado un nuevo prelado al frente de la sede: Bernardo, el segundo de su nombre, y que era ya deán capitular. La elección tenía su fundamento pues, como veremos, quién había concertado los votos capitulares era un individuo de habilidad política y buen conocedor de ciudad e institución; no era personaje cualquiera. Pero medir su actividad junto con su llegada a la prelatura implica comenzar, con buen orden, por sus orígenes.





Podemos rastrexar a súa procedencia ata unha familia da comarca compostelá. As seguridades son poucas en base á documentación existente, pero todo parece indicar que procede dunha familia acomodada, da contorna de Padrón e Compostela. En 1238, e xa próximo o fin da súa vida, concede en doazón á igrexa compostelá diversas propiedades que foran da súa familia, herdadas dos seus pais, ou ben compradas por el mesmo antes da súa elección. Nela remítenos tanto ás que están en Santiago como a varias en Padrón, Estramundi ou un *Broulin*, seica un actual Boullón ou Brollón, reservándose para si unha horta na vila padronesa xunto coas herdades de Silveira, Gandil e Carrais, na contorna do río Sarela<sup>5</sup>. A posición familiar semella, pois, desafogada. Ese mesmo documento dános ademais noticia dalgún dos seus achegados: un sobriño, Pedro Peláez, chamado *forti homini* (home forte).

Bernardo II, século XIII.

Pero, ademais, no máis plausible, algún dos seus familiares tería xa xogado un papel destacado na produción cultural e desempeño eclesiástico. Tal e como sinalara Antonio López Ferreiro, o seu tío tería sido outro Bernardo, o sinalado canonista coñecido como *major* ou *antiquus* –para diferencialo do posterior Bernardo *minor*–: cóengo compostelán, un dos grandes autores da teoloxía e canonística peninsular dacabalo entre fins do século XII e inicios do XIII, e que quizais lle transmitira un gusto pola cultura libreria que o prelado non esquecería<sup>6</sup>. Si sabemos de seguro que un tío B. légalle un salterio glosado, que na fin dos seus días o propio Bernardo II deixará aos seus sucesores<sup>7</sup>; todo a favor para que sexa o *major*.

Bernardo II, século XIII.

Seguindo quizais esta liña, si sabemos de seguro que o noso Bernardo posuía unha intensa formación cultural pois na subscrición dun diploma real, no ano 1223, asina coma *magistro Bernaldo*<sup>8</sup>. A firma como “mestre” non é neste tempo gratuíta: trátase dun título universitario que tería sido obtido nos inicios dunha formación regrada, no completado de estudos de Teoloxía ou Dereito. Bernardo houbo de gozar así dunha formación notoria e universitaria, que López Ferreiro interpreta que obtén na Universidade de París, a teor doutros casos composteláns<sup>9</sup>. Partindo de aí, outros o consideran plausible; no estudio da súa biblioteca García y García o ven moi posible considerando os títulos que se atopan nela e deixa incluso aberta a posibilidade de que fose alumno do coñecido teólogo da Sorbona, Stephanus Langton<sup>10</sup>. No contexto de Santiago, en efecto, non resultaría excepcional, pois nos constan membros do cabido que cursan na universidade francesa os seus estudos. Sen ir máis lonxe no cronolóxico, en 1204 o cóengo Nuno Fernández fixera testamento antes de ir estudar a ela<sup>11</sup>. O indubidable é que neste tempo que houbo de ser formativo para Bernardo, futuro mestre, o cabido velaba pola formación dos seus integrantes, con constitucións aprobadas en 1169 e logo en 1207 para regulamentar as formas, beneficios e obrigacións do estudo<sup>12</sup>. Non sabemos o momento concreto en que obtén o seu grao, pero no testamento do cóengo Xoán Afonso, en 1209, rubrícao aínda como simple arcediago cando á súa sinatura lle segue a subscrición do *magister Iohannis*, o que parece indicar que Bernardo aínda non o era<sup>13</sup>.

Podemos rastrear su origen hasta una familia de la comarca compostelana. Las seguridades son pocas en base a la documentación existente, pero todo parece indicar que procede de una familia acomodada, del entorno de Padrón y Compostela. En 1238, y ya próximo el fin de su vida, concede en donación a la iglesia compostelana diversas propiedades que habían sido de su familia, heredadas de sus padres, o bien compradas por él mismo antes de su elección. En ella nos remite tanto a las que están en Santiago como a varias en Padrón, Estramundi o un *Broulin*, acaso un actual Boullón o Brollón, reservándose para sí una huerta en la villa padronesa junto con las heredades de Silveira, Gandil y Carrais, en el entorno del río Sarela<sup>5</sup>. La posición familiar parece, pues, desahogada. Ese mismo documento nos da además noticia de alguno de sus allegados: un sobrino, Pedro Peláez, llamado *forti homini* (hombre fuerte).

Bernardo II, século XIII.

Pero, además, en lo más plausible, alguno de sus familiares habría ya jugado un papel destacado en la producción cultural y desempeño eclesiástico. Tal y como había señalado Antonio López Ferreiro, su tío habría sido otro Bernardo, el destacado canonista conocido como *major* o *antiquus* –para diferenciarlo del posterior Bernardo *minor*–: canónigo compostelano, uno de los grandes autores de la teología y canonística peninsular a caballo entre fines del siglo XII e inicios del XIII, y que quizás le había transmitido un gusto por la cultura libreria que el prelado no olvidaría<sup>6</sup>. Si sabemos que un tío B. le lega un salterio glosado, que al fin de sus días el propio Bernardo II dejará a sus sucesores<sup>7</sup>; todo a favor para que sea el *major*.

Bernardo II, século XIII.

Siguiendo quizá esta línea, sí sabemos ciertamente que nuestro Bernardo poseía una intensa formación cultural pues en la suscripción de un diploma real, en el año 1223, firma como *magistro Bernaldo*<sup>8</sup>. La firma como “maestro” no es en este tiempo gratuita: se trata de un título universitario que habría sido obtenido en los inicios de una formación reglada, en el completado de estudios de Teología o Derecho. Bernardo hubo de disfrutar así de una formación notoria y universitaria, que López Ferreiro interpreta obtiene en la Universidad de París, a tenor de otros casos compostelanos<sup>9</sup>. Partiendo de ahí, otros lo consideran plausible; en el estudio de su biblioteca García y García y Vázquez Janeiro lo ven muy posible considerando los títulos que se encuentran en ella y dejan incluso abierta la posibilidad de que haya sido alumno del conocido teólogo de la Sorbona, Stephanus Langton<sup>10</sup>. En el contexto de Santiago, en efecto, no resultaría excepcional, pues nos constan miembros del cabildo que cursan en la universidad francesa sus estudios. Sin ir más lejos en lo cronológico, en 1204 el canónigo Nuno Fernández había hecho testamento antes de ir a estudiar a ella<sup>11</sup>. Lo indudable es que en este tiempo que hubo de ser formativo para Bernardo, futuro maestro, el cabildo velaba por la formación de sus integrantes, con constituciones aprobadas en 1169 y luego en 1207 para reglamentar las formas, beneficios y obligaciones del estudio<sup>12</sup>. No sabemos el momento concreto en que obtiene su grado, pero el testamento del canónigo Juan Alfonso, en 1209, lo rubrica aún como simple arcediano mientras que a su firma le sigue la suscripción del *magister Iohannis*, lo que parece indicar que Bernardo aun no lo era<sup>13</sup>.

A esta capacidade na súa procedencia social e desde aí unha formación completa lle podemos engadir unha condición persoal que, como sinala López Ferreiro e aínda no subxectivo, non convén esquecer. Bernardo debía de ser individuo de certa concordia; así parecen demostralo as súas primeiras accións no exercicio do cargo arcebispal, pois alcanza algúns acordos aos que chega *pro bono pacis*<sup>14</sup>. E dende aí nos constarán concordias varias que acada ao longo da súa traxectoria resolvendo enfrontamentos diversos: co cabido en si, cos concheiros da cidade, ou con outras sés veciñas.

Bernardo II, século XIII.

Pero é que o noso protagonista, unha vez alcanza a prelatura, non era home inexperto nas lides do político. É individuo próximo á monarquía leonesa coroada sobre os reinos de Galicia e León.

Bernardo II, século XIII.

## Unha carreira eclesiástica e política cara ao arcebispado

Bernardo II, século XIII.

Chegado o século XIII, as cortes rexias ían avanzando, paseniño, cara os primeiros alicerces do estado moderno. En Castela, tal chega con Afonso X, na segunda metade do século XIII, pero xa dende agora empezamos a ver algúns signos. Os monarcas peninsulares, dende as monarquías feudais do século XII, aquelas que se organizaban en torno á vasalaxe e o disfrute de beneficios, profundaban nas relacións dos cargos e compuñan unha organización administrativa cada vez máis solvente. Así contamos con funcións pouco a pouco máis definidas na produción de documentos oficiais, na consideración de impostos, ou na comunicación cos corpos diversos dos reinos (ciudades, nobrezas, igrexas). Toda unha arquitectura que irá poñendo, no futuro, as bases estatais. E en toda esta construción, a igrexa compostelán, e xa que logo Bernardo no seu tempo, terán certa participación.

Bernardo II, século XIII.

Sexa cal fose o centro no que cursa os seus estudos, a formación do noso protagonista debía de ser intensa; non só polo título maxistral, senón polo desempeño dun destes cargos político–administrativos e de certa relevancia: chanceler na chancelería do monarca Afonso VIII, rei de León e Galicia, ese ao que a historiografía, por convención, coñece coma Afonso IX<sup>15</sup>. Atenderemos máis adiante á propia forma do reino. Polo de agora, cumpre constatar que o cargo era propiamente compostelán. O seu pai, Fernando II, confirmara en 1158 ao arcebispo de Santiago, presente e futuros, na chancelería e capelanía hispanas<sup>16</sup>. Non sabemos de certo o momento en que inicia Bernardo o seu desempeño; en 1197 érao Pedro Vélaz<sup>17</sup>. Pero en calquera caso consta como tal xa no tempo en que ostentaba outro cargo notable: deán do cabido de Compostela. Vaíamos por partes.

Bernardo II, século XIII.

É certo que no caso de Bernardo o exercicio da chancelería parece inestable. En 1221 a concesión rexia de varias rendas sobre as viñas de Quinza faise co arcediago de Salamanca Pedro Pérez como “tenente da chancelería”<sup>18</sup>, podemos entender que por delegación do posto, algo que como veremos non é excepcional. Na súa ocupación persoal, Bernardo figura nela nun dos últimos diplomas que emite

A esta capacidad en su origen social y desde ahí una formación completa le podemos añadir una condición personal que, como señala López Ferreiro y aún en lo subjetivo, conviene no olvidar. Bernardo debía de ser individuo de cierta concordia; así parecen demostrarlo sus primeras acciones en el ejercicio del cargo arzobispal, pues alcanza algunos acuerdos a los que llega *pro bono pacis*<sup>14</sup>. Y desde ahí nos constarán concordias varias que alcanza a lo largo de su trayectoria resolviendo enfrontamientos diversos: con el cabildo en sí, con los concheros de la ciudad, o con otras sedes vecinas.

Bernardo II, século XIII.

Pero es que nuestro protagonista, una vez alcanza la prelatura, no era hombre inexperto en las lides de lo político. Es individuo próximo a la monarquía leonesa coronada sobre los reinos de Galicia y León.

Bernardo II, século XIII.

## Una carrera eclesiástica y política hacia el arzobispado

Bernardo II, século XIII.

Llegado el siglo XIII, las cortes regias iban avanzando, despacio, hacia las primeras bases del estado moderno. En Castilla, tal llega con Alfonso X, en la segunda mitad del siglo XIII, pero ya desde ahora empezamos a ver algunos signos. Los monarcas peninsulares, desde las monarquías feudales del siglo XII, aquellas que se organizaban en torno al vasallaje y el disfrute de beneficios, profundizaban en las relaciones de los cargos y componían una organización administrativa cada vez más solvente. Así contamos con funciones poco a poco más definidas en la producción de documentos oficiales, en la consideración de impuestos, o en la comunicación con los cuerpos diversos de los reinos (ciudades, noblezas, iglesias). Toda una arquitectura que irá poniendo, en el futuro, las bases estatales. Y en toda esta construcción, la iglesia compostelana, y por tanto Bernardo en su tiempo, tendrán cierta participación.

Bernardo II, século XIII.

Sea cuál fuera el centro en el que cursa sus estudios, la formación de nuestro protagonista debía de ser intensa; no solo por el título magistral, sino por el desempeño de uno de estos cargos político–administrativos y de cierta relevancia: canciller en la cancellería del monarca Alfonso VIII, rey de León y Galicia, ese al que la historiografía, por convención, conoce como Alfonso IX<sup>15</sup>. Atenderemos más adelante a la propia forma del reino. Por ahora, cumple constatar que el cargo era propiamente compostelano. Su padre, Fernando II, había confirmado en 1158 al arzobispo de Santiago, presente y futuros, en la cancellería y capellanía hispanas<sup>16</sup>. No sabemos con certeza el momento en que inicia Bernardo su desempeño; en 1197 lo era Pedro Vélaz<sup>17</sup>. Pero en cualquier caso consta como tal ya en el tiempo en que ostentaba otro cargo notable: deán del cabildo de Compostela. Vayamos por partes.

Bernardo II, século XIII.

Es cierto que en el caso de Bernardo el ejercicio de la cancellería parece inestable. En 1221 la concesión regia de varias rentas sobre las viñas de Quinza se hace con el arcediano de Salamanca Pedro Pérez como “tenente de la cancellería”<sup>18</sup>, podemos entender que por delegación del puesto, algo que como veremos no es excepcional. En su ocupación personal, Bernardo figura en ella en uno de los últimos diplomas que





Fig. 2  
Afonso VIII (IX) de León, rei de Galicia. Tombo A da Catedral de Santiago. ©Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago.  
Alfonso VIII (IX) de León, rey de Galicia. Tumbo A de la Catedral de Santiago. ©Archivo-Biblioteca de la Catedral de Santiago.

o monarca Afonso IX, a cesión dunhas propiedades en Toro á igrexa compostelá en 1223; o noso personaxe o subscibe como *magistro Bernaldo, decano Compostellano existente cancellarius*<sup>19</sup>. O seu fin na mesma é igualmente difuso. En 1230, xa ao final do seu reinado, o rei entrega á igrexa compostelá a recentemente conquistada cidade de Mérida; neste diploma o chanceler é xa o mestre-escola auriense Pedro Pérez, quizais polo requisito que o cargo episcopal implicaba para Bernardo pois xa era arcebispo<sup>20</sup>. En 1231, xa falecido Afonso IX, o abade de Valladolid exerce o cargo indicando “que recibo e teño a chancelería do reino de León polo venerable Bernardo, arcebispo compostelán, no seu nome e da igrexa Compostelá”<sup>21</sup>. Unha encomenda que se entende naquela confirmación de Fernando II do cargo en exclusividade para a igrexa de Santiago, de xeito que agora se delega nun novo receptor.

En segundo termo a subscrición do *magistro Bernaldo, decano Compostellano* transmítenos tamén o seu arraigamento na igrexa galega e na sede. A súa intensa traxectoria en formación e desempeños, non cae en saco roto na institución catedralicia e, antes do episcopado, ocupa a cabeza do cabido coma deán. De xeito monográfico, lle ten dedicado atención Salustiano Portela Pazos no seu *Decanologio*<sup>22</sup>. O seu nomeamento tampouco é concreto, pero podemos aproximar bastante. Sabemos que en agosto do ano 1207 ocupaba a dignidade o deán Fernando<sup>23</sup>; e como vimos en 1209 Bernardo figura aínda como arcediogo. Considerábase 1214 o ano de inicio do seu deanato, pero podemos adiantalo algo: o 11 de febreiro de 1212 Bernardo xa subscibe como deán da igrexa compostelá, á cabeza da institución capitular na prelatura de Pedro Muñiz, confirmando neste caso nun permiso de plantación de viña xunto á ponte de Arnois<sup>24</sup>.

No desempeño do cargo xestionará como deán cuestións varias relativas máis á intendencia e o funcionamento público da institución. Corrobora así documentos varios, como diversos testamentos de capitulares<sup>25</sup>, ou a recepción no 6 de abril de 1213 das propiedades que doaba o mestre e cóengo compostelán Menendo<sup>26</sup>. Outras xestións son de maior calado relativo para a sede, como a cesión en 1216 da propiedade capitular portuguesa de Pereira, en terra de Cornelhã, para a súa posta en cultivo<sup>27</sup>.

O tempo, ademais, fornece a súa perspectiva política de certo matiz internacional, pois non pasa desapercibido para Roma. O noso Bernardo se moverá entre os papados de tres pontífices: Inocencio III (1198–1216), Honorio III (1216–1227) e Gregorio IX (1227–1241). É tempo de enfrontamento entre monarquías, competindo polas capacidades, e de loitas relixiosas e tentativa de conquista fronte aos musulmáns, xa na Península, xa en Terra Santa. Todo elo ocupará boa parte da atención pontificia (sobre todo a de Inocencio III), así como a xestión e recadación de rendas varias, e a delimitación das dioceses. Neste contexto, o papa Inocencio III comisiona a Bernardo coma deán, en 7 de abril de 1216, xunto co bispo Mauricio de Burgos, para que xestionen a paz entre o rei de Portugal, Afonso II, e as súas irmás, as infantas Sancha e Tareixa; unha xestión que se manterá con novas comunicacións nos anos seguintes con Honorio III<sup>28</sup>.

emite el monarca Alfonso IX, la cesión de unas propiedades en Toro a la iglesia compostelana en 1223; nuestro personaje lo suscribe como *magistro Bernaldo, decano Compostellano existente cancellarius*<sup>19</sup>. Su fin en la misma es igualmente difuso. En 1230, ya al final de su reinado, el rey entrega a la iglesia compostelana la recién conquistada ciudad de Mérida; en este diploma el canciller es ya el maestrescuela auriense Pedro Pérez, quizá por el requerimiento que el cargo episcopal implicaba para Bernardo pues ya era arzobispo<sup>20</sup>. En 1231, ya fallecido Alfonso IX, el abad de Valladolid ejerce el cargo indicando “que recibo y tengo la cancellería del reino de León por el venerable Bernardo, arzobispo compostelano, en su nombre y de la iglesia Compostelana”<sup>21</sup>. Un encargo que se entiende en aquella confirmación de Fernando II del cargo en exclusividad para la iglesia de Santiago, de manera que ahora se delega en un nuevo receptor.

En segundo término, la suscripción del *magistro Bernaldo, decano Compostellano* nos transmite también su arraigo en la iglesia gallega y en la sede. Su intensa trayectoria en formación y desempeños no cae en saco roto en la institución catedralicia y, antes del episcopado, ocupa la cabeza del cabildo como deán. De manera monográfica le ha dedicado atención Salustiano Portela Pazos en su *Decanologio*<sup>22</sup>. Su nombramiento tampoco es concreto, pero podemos aproximar bastante. Sabemos que en agosto del año 1207 ocupaba la dignidad el deán Fernando<sup>23</sup>; y como hemos visto en 1209 Bernardo figura aún como arcediano. Se consideraba 1214 el año de inicio de su deanato, pero podemos adelantarle algo: el 11 de febrero de 1212 Bernardo ya suscribe como deán de la iglesia compostelana, a la cabeza de la institución capitular en la prelatura de Pedro Muñiz, confirmando en este caso un permiso de plantación de viña junto al puente de Arnois<sup>24</sup>.

En el desempeño del cargo gestionará como deán cuestiones varias más relativas a la intendencia y el funcionamiento público de la institución. Corrobora así documentos varios, como diversos testamentos de capitulares<sup>25</sup>, o la recepción en 6 de abril de 1213 de las propiedades que donaba el maestro y canónigo compostelano Menendo<sup>26</sup>. Otras gestiones son de mayor calado relativo para la sede, como la cesión en 1216 de la propiedad capitular portuguesa de Pereira, en tierra de Cornelhã, para su puesta en cultivo<sup>27</sup>.

El tiempo, además, fortalece su perspectiva política de cierto matiz internacional, pues no pasa desapercibido para Roma. Nuestro Bernardo se moverá entre los papados de tres pontífices: Inocencio III (1198–1216), Honorio III (1216–1227) y Gregorio IX (1227–1241). Es tiempo de enfrentamiento entre monarquías, compitiendo por las capacidades, y de luchas religiosas y tentativa de conquista frente a los musulmanes, ya en la Península, ya en Tierra Santa. Todo ello ocupará buena parte de la atención pontificia (sobre todo la de Inocencio III), así como la gestión y recaudación de rentas varias, y la delimitación de las diócesis. En este contexto, el papa comisiona la Bernardo como deán, en 7 de abril de 1216, junto con el obispo Mauricio de Burgos, para que gestionen la paz entre el rey de Portugal, Afonso II, y sus hermanas, las infantas Sancha y Teresa; una gestión que se mantendrá con nuevas comunicaciones en los años siguientes con Honorio III<sup>28</sup>.








Fig. 3  
Inocencio III, Papa das primeiras comunicacións con Bernardo. Pinturas do mosteiro de Sacro Speco de Subiaco (Roma).  
Inocencio III, Papa de las primeras comunicaciones con Bernardo. Pinturas del monasterio de Sacro Speco de Subiaco (Roma).

Bernardo xa tiña recorrido con anterioridade á autoridade pontificia. Nese mesmo ano de 1216, lle tiña remitido algunhas cuestións de dúbida en torno ao pago do imposto da vixésima na igrexa compostelán e o destino dos fondos para sufragar as campañas en Terra Santa, ao que o papa responde en 1 de decembro<sup>29</sup>. Esta condición na delegación de xestións non é particular, pois consta para moitos outros cargos peninsulares como é sabido, pero convén non esquecela. Se mantén nos tempos seguintes ensanchando a figura do deán nas xestións no só galaicas senón peninsulares. En 29 de agosto de 1220, Honorio III comisiona a Bernardo, deán, e a un arcediago de Toledo para absolver ao pobo de Medina del Campo e intervir no preito que os habitantes mantiñan co bispo de Salamanca<sup>30</sup>.

Ampliaba así funcións de xestión e diplomáticas de entidade; encargos e desempeños notábeis que ían dando forma a un persoeiro salientado no eido eclesiástico do noroeste. A súa verdadeira labor non tardaría en chegar. A actividade política, formación cultural e xestión, parece que solvente á fronte da institución capitular, sinalan a súa figura cando, en 1224, o arcebispo Pedro Muñiz, falece.

## O arcebisado de Bernardo II en Compostela

O deceso do prelado prodúcese en xaneiro do 1224 e de xeito case inmediato a corporación capitular, podemos supoñer que en parte debido á súa bagaxe en postos e formación, elixe prelado a Bernardo quen, tras aquel arcebispo homónimo de mediados do século XII, será para nós coñecido como Bernardo II. As fontes pontificias non conservan a consagración, pero debeu de ser rápida como cumpre á norma canónica. No 24 de abril figura xa como subscritor da doazón que Afonso IX fai dunha praza na cidade de Toro á igrexa compostelá na que é a súa primeira mención episcopal: *Bernaldus, Compostellane sedis archiepiscopus, confirmat*<sup>31</sup>. Con certo tempo anterior a sé xa tiña recibido un par de comunicacións papais, emitidas por Honorio III en xaneiro e marzal, sobre a axuda a prestar ao bispo de Lisboa pola independencia da súa igrexa e a colecta de rendas para Terra Santa, e aínda que o seu nome non figura de xeito explícito podemos supoñer que serían xa xestión propia<sup>32</sup>.

Dende unha dimensión compostelá, e en observación da sé, o centro do seu episcopado será o reforzo da presenza arcebispal e catedralicia na cidade, xunto co desenvolvemento de acordos varios que fixarán as condicións de cara ao futuro na relación con institucións varias. Partindo dese ano de 1224 e no seu exercicio máis eclesiástico, Bernardo II terá que facer fronte a varias cuestións que se comprenden desde o seu propio contexto. De novo, estudos históricos anteriores a este foron definindo o que ocorre ata chegar a este punto. Na década dos anos 30 do século IX o descubrimento dunha edícula de tradición clásica atribuída ao apóstolo Santiago, inicia unha veneración xa constante do lugar.

Bernardo ya había recurrido con anterioridad a la autoridad pontificia. En ese mismo año de 1216, le había remitido algunas cuestiones de duda en torno al pago del impuesto de la vigésima en la iglesia compostelana y el destino de los fondos para sufragar las campañas en Tierra Santa, a lo que el papa responde en 1 de diciembre<sup>29</sup>. Esta condición en la delegación de gestiones no es particular, pues consta para muchos otros cargos peninsulares como es sabido, pero conviene no olvidarla. Se mantiene en los tiempos siguientes ensanchando la figura del deán en las gestiones no solo galaicas sino peninsulares. En 29 de agosto de 1220, Honorio III comisiona la Bernardo, deán, y a un arcediano de Toledo para absolver al pueblo de Medina del Campo e intervenir en el pleito que los habitantes mantenían con el obispo de Salamanca<sup>30</sup>.

- 42 **Así o enuncia o documento co que se chega a unha concordia, pois “entre a bendita memoria de Pedro Suárez e Pedro Múñiz, arcebispos de Compostela, por unha banda, e todo o cabido da mesma igrexa por outra, xurdiu unha disputa sobre diversas propostas que dunha ou outra parte, e non cesou”. Arquivo da Catedral de Santiago, Tombo C, fol. 87. Ed. *ibidem*, ap. XIII.**  
Así lo enuncia el documento con el que se llega a una concordia, pues “entre la bendita memoria de Pedro Suárez y Pedro Múñiz, arzobispos de Compostela, por una parte, y todo el cabildo de la misma iglesia por otra, surgió una disputa sobre diversas propuestas de una u otra parte, y no cesó”. Archivo de la Catedral de Santiago, Tumbo C, fol. 87. Ed. *ibidem*, ap. XIII.
- 43 **A concordia editaa López Ferreiro, sobre as copias varias que se conservan no arquivo catedralicio. *ibidem*, ap. XIII.**  
La concordia la edita López Ferreiro, sobre las copias varias que se conservan en el archivo catedralicio. *ibidem*, ap. XIII.
- 44 **A exacción, quizais, teña certa raíz anterior. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M.: La iglesia de Santiago..., op. cit., p. 143ss.**  
La exacción, quizá, tenga cierta raíz anterior. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M.: La iglesia de Santiago..., op. cit., p. 143ss.
- 45 **GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 311, p. 587-588.**  
GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 311, p. 587-588.
- 46 **Neste sentido xa constan análises que parten tanto da relación entre as sés, como de cuestións a medio camiño entre o litúrxico e o poder. Ver, por exemplo: LÓPEZ ALSINA, F.: “Las relaciones de Braga, Oviedo y Santiago en el marco de las reformas eclesiásticas de los siglos IX-XII”, en VALLE PÉREZ, J. C. (coord.): Santiago e a peregrinación: III Memorial Filgueira Valverde, Pontevedra, 2005, p. 45-63.**

- En este sentido ya constan análisis que parten tanto de la relación entre las sedes, como de cuestiones a medio camino entre lo litúrgico y el poder. Ver, por ejemplo: LÓPEZ ALSINA, F.: “Las relaciones de Braga, Oviedo y Santiago en el marco de las reformas eclesiásticas de los siglos IX-XII”, en VALLE PÉREZ, J. C. (coord.): Santiago e a peregrinación: III Memorial Filgueira Valverde, Pontevedra, 2005, p. 45-63.
- 47 **GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 255, p. 482.**  
GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 255, p. 482.
- 48 **Arquivo da Catedral de Santiago, Tombo C, fol. 233v.**  
Archivo de la Catedral de Santiago, Tumbo C, fol. 233v.
- 49 **DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ S.: Documentos de Gregorio IX (1227-1241) referentes a España, León, 2004, doc. 152, p. 168-169.**  
DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ S.: Documentos de Gregorio IX (1227-1241) referentes a España, León, 2004, doc. 152, p. 168-169.
- 50 **Sobre os concheiros e a súa presenza na cidade: SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M.: Iglesia, mentalidad y vida cotidiana en la Compostela medieval, Santiago de Compostela, 2019, p. 120-123.**  
Sobre los concheros y su presencia en la ciudad: SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M.: Iglesia, mentalidad y vida cotidiana en la Compostela medieval, Santiago de Compostela, 2019, p. 120-123.
- 51 **Arquivo da Catedral de Santiago, Tombo C, fol. 239v. Ed. LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XIII.**  
Archivo de la Catedral de Santiago, Tumbo C, fol. 239v. Ed. LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XIII.
- 52 **MANSILLA REOYO, D.: La documentación pontificia de Honorio... op. cit., doc. 520.**  
MANSILLA REOYO, D.: La documentación pontificia de Honorio... op. cit., doc. 520.
- 53 **GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 54, p. 159.**  
GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 54, p. 159.
- 54 ***Ibidem*, doc. 11, p. 87.**  
*Ibidem*, doc. 11, p. 87.
- 55 **Temos no tomo B, catorce concesións emitidas entre os días 17 e 29 de febreiro, correspondentes a esta visita rexia. E a seguir, o 2 de abril de 1233 e xa desde Úbeda, o rei toma baixo a súa protección outros espazos: Vide, e o que a prelatura tiña nas ribeiras do Miño cara a Ribadavia. *Ibidem*, doc. 55, p. 160.**  
Tenemos en el tomo B catorce concesiones emitidas entre los días 17 y 29 de febrero, correspondientes a esta visita regia. Y a seguir, el 2 de abril de 1233 y ya desde Úbeda, el rey toma bajo su protección otros espacios: Vide, y el que la prelatura tenía en las riberas del Miño hacia Ribadavia. *Ibidem*, doc. 55, p. 160.
- 56 **GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 183, p. 360.**  
GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: Tumbo B... op. cit., doc. 183, p. 360.
- 57 ***Ibidem*, doc. 12, p. 88.**  
*Ibidem*, doc. 12, p. 88.
- 58 ***Ibidem*, doc. 238, p. 454-455.**  
*Ibidem*, doc. 238, p. 454-455.
- 59 ***Idem*.**  
*Idem*.
- 60 ***Ibidem*, doc. 105, p. 222.**  
*Ibidem*, doc. 105, p. 222.
- 61 ***Ibidem*, dic. 137, p. 297.**  
*Ibidem*, dic. 137, p. 297.
- 62 **DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ S.: Documentos de Gregorio IX..., op. cit., doc. 587.**  
DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ S.: Documentos de Gregorio IX..., op. cit., doc. 587.
- 63 **Arquivo da Catedral de Santiago, Tombo C, fol. 239v. Ed. LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XIII.**  
Archivo de la Catedral de Santiago, Tumbo C, fol. 239v. Ed. LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XIII.
- 64 **LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XVI, p. 50.**  
LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XVI, p. 50.
- 65 **A crónica ten ofrecido xa unha historiografía ben ampla, destacando as edicións de Emma Falque: FALQUE REY, E.: Historia Compostelana, Madrid, 1994; FALQUE REY, E.: Historia Compostelana, Turnholt, 1988. Para unha orientación do sentido da obra, ver: FALQUE REY, E.: “La Historia Compostelana en el panorama de la historiografía latina medieval”, en LÓPEZ ALSINA, F. (dir.): O século de Xelmírez, Santiago de Compostela, 2013, p. 459-486.**





- La crónica ha ofrecido ya una historiografía bien amplia, destacando las ediciones de Emma Falque: FALQUE REY, Y.: Historia Compostelana, Madrid, 1994; FALQUE REY, Y.: Historia Compostelana, Turnholt, 1988. Para una orientación del sentido de la obra, ver: FALQUE REY, Y.: “La Historia Compostelana en el panorama de la historiografía latina medieval”, en LÓPEZ ALSINA, F. (dir.): O século de Xelmírez, Santiago de Compostela, 2013, p. 459–486.
- 66

Tres delas, unha incompleta, se conservan no arquivo catedralicio compostelán. Dá conta de todas elas unha aportación e interpretación máis recente sobre a crónica: SOUTO CABO, J. A.: “Liber registri Didaci secundi. Sobre a tradição manuscrita medieval da História Compostelana”, Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, 21, 2018, p. 239–242.  
  
Tres de ellas, una incompleta, se conservan en el archivo catedralicio compostelano. Da cuenta de todas ellas una aportación e interpretación máis reciente sobre la crónica: SOUTO CABO, J. La.: “*Liber registri Didaci secundi*. Sobre a tradição manuscrita medieval da História Compostelana”, Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, 21, 2018, p. 239–242.
- 67

*Ibidem*, p. 240, nt. 11. O tempo, en calquera caso, consta coma un contexto de saber e formación que xa se ten salientado, rompendo a imaxe dun eido cultural en certo declive tras o impulso xelmiriano. Ver: LÓPEZ-MAYÁN NAVARRETE, M.; CASTRO DÍAZ, B.: Historia de Santiago... op. cit., p. 121.  
  
*Ibidem*, p. 240, nt. 11. El tiempo, en cualquier caso, consta como un contexto de saber y formación que ya se ha destacado, rompiendo la imagen de un campo cultural en cierto declive tras el impulso gelmiriano. Ver: LÓPEZ-MAYÁN NAVARRETE, M.; CASTRO DÍAZ, B.: Historia de Santiago... op. cit., p. 121.
- 68

LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XX, p. 58.  
  
LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XX, p. 58.
- 69

GARCÍA Y GARCÍA, A.; VÁZQUEZ JANEIRO, I.: “La biblioteca del arzobispo...” op. cit., p. 544.  
  
GARCÍA Y GARCÍA, A.; VÁZQUEZ JANEIRO, I.: “La biblioteca del arzobispo...” op. cit., p. 544.
- 70

*Ibidem*, p. 560–568.  
  
*Ibidem*, p. 560–568.
- 71

*Ibidem*, p. 545.  
  
*Ibidem*, p. 545.
- 72

Trad. propia, dende o orixinal. Edita: LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XXXVIII.  
  
Trad. propia, desde el original. Edita: LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia... op. cit., ap. XXXVIII.
- 73

DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ S.: Documentos de Gregorio IX... op. cit., doc. 686, p. 548. 74 *Ibidem*, p. 145.  
  
DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ S.: Documentos de Gregorio IX... op. cit., doc. 686, p. 548. 74 *Ibidem*, p. 145.  
  
*Ibidem*, p. 145.
- 75

Constan logo aniversarios en conmemoración dun “arcebispo Bernardo” nas celebracións anuais da sé, pero non podemos afirmar si se trata do I do seu nome ou do II. Ver: LEIRÓS FERNÁNDEZ, E.: “Los tres libros de aniversarios de la catedral de Santiago de Compostela”, Compostellenum: revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela, 15–2, 1970, p. 193.  
  
Constan luego aniversarios en conmemoración de un “arzobispo Bernardo” en las celebraciones anuales de la sede, pero no podemos afirmar si se trata del I de su nombre o del II. Ver: LEIRÓS FERNÁNDEZ, E.: “Los tres libros de aniversarios de la catedral de Santiago de Compostela”, Compostellenum: revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela, 15–2, 1970, p. 193.





III

***En olor de santidad:***  
**O Sepulcro de Bernardo II,**  
**forma, estilo e recepción**

*En olor de santidad:* El Sepulcro de Bernardo II,  
forma, estilo y recepción

VICTORIANO NODAR FERNÁNDEZ  
DIEGO FERNÁNDEZ NÚÑEZ  
Universidade de Vigo








Fig. 1  
Sepulcro de Bernardo II na súa actual localización, na igrexa.  
Sepulcro de Bernardo II en su actual localización en la iglesia.

O sepulcro de Bernardo II, na igrexa de Santa María a Real de Sar, é célebre por ser o máis antigo conservado dun arcebispo compostelán xa que, aínda que temos referencias documentais da existencia dos enterramentos dalgúns dos seus predecesores, estes non chegaron ata nós' (Figura 1).

Está formado por un xacigo cúbico realizado en granito de gran groso e unha tampa con xacente en alto relevo para a que se elixiu unha gran lousa de granito fino de acabado moi pulido. Na elección do material, o artista que labrou este sepulcro segue a tradición dos obradoiros composteláns desde o século XI que, frecuentemente, utilizaban un tipo de granito de gran fino para labrar os elementos escultóricos como capiteis, cimacios e relevos xa que permitía un acabado máis coidado sobre todo tras o pulido da superficie. Neste sentido tamén se aprecia que o sepulcro foi concibido para estar acaroado á parede xa que na cara traseira da caixa presenta un desbastado máis groseiro sobre todo en comparación co fronte que presenta un acabado moi coidado. Este está ocupado integramente por unha inscrición laudatoria disposta en dous rexistros mentres que na cabeceira aparece labrado un epitafio sepulcral que nos informa do falecemento do prelado o 12 de decembro do ano 1240.

### Bernardo II en Sar: promoción e produción artística

Cando en 1902 A. López Ferreiro publica o tomo V da súa “Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela” recolle, ao tratar o arcebispado de Bernardo II, a común crenza de que este morrera en “olor de santidad” coas seguintes palabras: “Los últimos días de D. Bernardo no hicieron más que acrecentar sus merecimientos a los ojos de Dios y del mundo; así es que cuando el 20 de noviembre de 1240 exhaló su último aliento, todos decían que había fallecido un Santo. Y esta fragancia que despedían sus virtudes, se perpetuó por mucho tiempo; y aun el Cardenal Hoyo decía que había muerto en olor de santidad”<sup>2</sup>. O insigne historiador refírese nesta cita ao cardeal Jerónimo del Hoyo e a súa obra “Memorias del arzobispado de Santiago” quen dedica un breve pero interesante capítulo ao priorado de Sar<sup>3</sup>. Como trataremos máis abaixo, esta fama de santidad do arcebispo puido ter sido a responsable da conservación do seu sepulcro, mesmo despois da reconstrución total do edificio do priorado no século XVIII e a conseguinte destrución da capela funeraria onde se atopaba. O que resulta de gran interese do capítulo dedicado a Sar na obra de Jerónimo del Hoyo é que, ao final, dá unha breve pero interesante referencia que nos aproxima á actividade artística no priorado durante o seu pontificado e, particularmente, durante o seu retiro a Sar entre 1237 e 1240: “ Encima de la puerta principal del priorato está un letrero que dice así Edificavit ita Bernardus Metropolitae sed saris egrotis et replebilitate remotis”<sup>4</sup> (Figura 2). A tradución, “Edificou isto o arcebispo Bernardo para os enfermos de Sar e para os

El sepulcro de Bernardo II, en la iglesia de Santa María la Real de Sar, es célebre por ser el más antiguo conservado de un arzobispo compostelano ya que, aunque tenemos referencias documentales de la existencia de los enterramientos de algunos de sus predecesores, estos no han llegado hasta nosotros' (Figura 1).

Está formado por una yacija cúbica realizada en granito de grano grueso y una tapa con yacente en alto relieve para la que se eligió una gran losa de granito fino de acabado muy pulido. En la elección del material, el artista que labró este sepulcro sigue la tradición de los talleres compostelanos desde el siglo XI que, frecuentemente, utilizaban un tipo de granito de grano fino para labrar los elementos escultóricos como capiteles, cimacios y relieves ya que permitía un acabado más cuidado sobre todo tras el pulimentado de la superficie. En este sentido también se aprecia que el sepulcro fue concebido para estar adosado a la pared ya que en la cara traseira de la caja presenta un desbastado más grosero sobre todo en comparación con el frente que presenta un acabado muy cuidado. Este está ocupado integramente por una inscripción laudatoria dispuesta en dos registros mientras que en la cabecera se labró un epitafio sepulcral que nos informa del fallecimiento del prelado el 12 de diciembre del año 1240.

### Bernardo II en Sar: promoción y producción artística

Cuando en 1902 A. López Ferreiro publica el tomo V de su “Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela” recoge, al tratar el arzobispado de Bernardo II, la común creencia de que había muerto en “olor de santidad” con las siguientes palabras: “Los últimos días de D. Bernardo no hicieron más que acrecentar sus merecimientos a los ojos de Dios y del mundo; así es que cuando el 20 de noviembre de 1240 exhaló su último aliento, todos decían que había fallecido un Santo. Y esta fragancia que despedían sus virtudes, se perpetuó por mucho tiempo; y aun el Cardenal Hoyo decía que había muerto en olor de santidad”<sup>2</sup>. El insigne historiador se refiere en esta cita al cardenal Jerónimo del Hoyo y su obra “Memorias del arzobispado de Santiago” quien dedica un breve pero interesante capítulo al priorato de Sar<sup>3</sup>. Como trataremos más abajo, esta fama de santidad del arzobispo pudo haber sido la responsable de la conservación de su sepulcro, incluso después de la reconstrucción total del edificio del priorato en el siglo XVIII y la consiguiente destrucción de la capilla funeraria donde se encontraba. Lo que resulta de gran interés del capítulo dedicado a Sar en la obra de Jerónimo del Hoyo es que, al final, da una escueta pero interesante referencia que nos aproxima a la actividad artística en el priorato durante su pontificado y, particularmente durante su retiro a Sar entre 1237 y 1240: “Encima de la puerta principal del priorato está un letrero que dice así Edificavit ita Bernardus Metropolitae sed saris egrotis et replebilitate remotis”<sup>4</sup> (Figura 2). La traducción, “Edificó esto el arzobispo Bernardo para los enfermos de Sar y para los alejados por la






Fig. 2  
Jerónimo del Hoyo. Memorias do Arcebispo de Santiago, 1607. Folio 111r, no que se transcribe a inscrición perdida da enfermería edificada polo arcebispo Bernardo II.

Jerónimo del Hoyo, Memorias del arzobispado de Santiago, 1607. Folio 111r en el que se transcribe la inscripción perdida de la enfermería edificada por el arzobispo Bernardo II.

afastados pola debilidade” fai unha clara referencia á función do priorado como lugar de retiro dos cóengos composteláns que terían, desde entón a súa propia enfermaría, no claustro. A inscrición, hoxe desgraciadamente perdida, dá testemuño da intervención edilicia do prelado no priorado coa construción deste pequeno hospital que<sup>5</sup>, a todas luces, debía de atoparse entre os edificios anexados á panda este do claustro xa que del Hoyo sitúa a inscrición “encima da porta principal do priorado” que, ao igual que hoxe se abría no muro oriental.

Nesta mesma panda debeu de construír unha capela para albergar o seu sepulcro que estaría dedicada a Santa María Madalena<sup>6</sup>. Esta conservábase aínda no século XVII xa que na narración da visita ao priorado de Sar dos irmáns Boan (ca. 1633–1646) aparece citada a “Capilla de Santa Magdalena, donde se hacía cabildo”<sup>7</sup> o que, ademais, nos informa do uso que lle daban os cóengos como sala capitular. No informe de Fernando de Casas de 1720 sobre o estado do priorado, cando se describe o claustro, noméanse as casas dos cóengos na parte oeste e na oriental: “Viviendas, granería, capítulo y escaleras” cuxas paredes —di— “por su antigüedad desplomadas y abiertas por algunas partes”<sup>8</sup>. É unha confirmación máis de que esta capela-sala capitular

debilidad” hace una clara referencia a la función del priorato como lugar de retiro de los canónigos compostelanos que tendrían, desde entonces su propia enfermería, en el claustro. La inscripción, hoy desgraciadamente perdida, da testimonio de la intervención edilicia del prelado en el priorato con la construcción de este pequeño hospital que<sup>5</sup>, a todas luces, debía de encontrarse entre los edificios adosados a la crujía este del claustro ya que del Hoyo sitúa la inscripción “encima de la puerta principal del priorato” que, al igual que hoy se abría en el muro oriental.

En esta misma panda debió de construír una capilla para albergar su sepulcro que estaría dedicada a Santa María Magdalena<sup>6</sup>. Esta se conservaba todavía en el siglo XVII ya que en la narración de la visita al priorato de Sar de los hermanos Boan (ca. 1633–1646) se cita la “Capilla de Santa Magdalena, donde se hacía cabildo”<sup>7</sup> lo que, además, nos informa del uso que le daban los canónigos como sala capitular. En el informe de Fernando de Casas de 1720 sobre el estado del priorato, cuando se describe el claustro, se nombran casas de los canónigos en la parte oeste y en la oriental: “Viviendas, granería, capítulo y escaleras” cuyas paredes —dice— “por su antigüedad desplomadas y abiertas por algunas partes”<sup>8</sup>. Es una confirmación más de que esta capilla-sala capitular efectivamente se

efectivamente se situaba entre as edificacións que se anexaban á panda oriental do claustro medieval. A capela, ao igual que o resto das edificacións medievais do claustro, desapareceu durante a reconstrución do edificio do priorado dirixida polo arquitecto Frei Manuel de los Mártires no século XVIII. A obra, motivada polo mal estado xeral do claustro, acometeuse durante o goberno do prior Manuel Pérez de Guzmán “o Bo” (1736–1773) comezando en 1753 e rematando no verán de 1755<sup>9</sup> e tivo como resultado a construción do actual claustro barroco no que só quedou como testemuña do pasado, a panda pegada á igrexa onde, se conservou, case milagrosamente, a primitiva arcada románica<sup>10</sup>.

No novo edificio foron reutilizados abundantes materiais procedentes das dependencias medievais sobre todo debido ao baixo orzamento do que dispoñía o arquitecto<sup>11</sup>. Algunhas destas pezas, como a cornixa en caveto ornada con flores con botón central atópanse aínda *in situ*, pero outras, reutilizadas como pavimento das galerías do novo claustro, foron rescatadas durante a actuación restauradora do arquitecto Francisco Pons-Sorolla no ano 1969 colocándose, a continuación, o actual solo de lousas de granito regulares<sup>12</sup>. Actualmente, estas pezas atópanse, unhas expostas na colección permanente do MuSar e outras almacenadas no depósito do museo á espera da adecuación dunha nova sala para a súa correcta exposición.

Entre elas atopamos unha ducia de grandes doelas que, pola súa forma e estilo ben poderían ter sido realizadas durante o pontificado e posterior retiro a Sar do arcebispo Bernardo II (Figura 3). As súas dimensións de largo oscilan entre os 27 e os 30 cm, de alto teñen todas 30 cm e os seus longos oscilan entre os 92 e os 40 cm. Estes datos unidos ao seu formato e á curva tan aberta que presentan indican que deberon de ter pertencido todas aos nervios dunha gran bóveda de cruzaría<sup>13</sup>.

Están formados por dous grosos baquetóns nos ángulos inferiores seguidos nas roscas e no intradós por profundas escocias que, xusto antes do trasdós, rematan nun largo listel liso. A escocia do intradós está decorada cunha serie de flores dispostas ritmicamente e que presentan, cada unha, catro pétalos moi carnosos e cos bordos lobulados. Nas roscas, labráronse cun ritmo de dous ou tres, segundo o tamaño da doela, feixes de tres follas que nacen do mesmo punto na base do bocel e que se despregan aumentando de volume ata rizar as súas puntas no remate.

Os modelos directos tanto para a articulación dos nervios con escocias e bocéis como para os motivos decorativos hai que buscalos nas obras que contemporaneamente estaba a promover o sucesor de Bernardo II na sede compostelá, Juan Arias (1238–1266) no contorno da catedral, concretamente, no pazo episcopal e no claustro.

Nas bóvedas realizadas baixo o seu mandato para cubrir o denominado salón de cerimonias do pazo episcopal atopamos, particularmente entre as dos tramos setentrionais, o mesmo tipo de doelas que forman arcos moi amplos e coa mesma decoración tanto nos intradoses como nas roscas<sup>14</sup>

situaba entre las edificaciones que se adosaban a la crujía oriental del claustro medieval. La capilla, al igual que el resto de las edificaciones medievales del claustro, desapareció durante la reconstrucción del edificio del priorato dirigida por el arquitecto Fray Manuel de los Mártires en el siglo XVIII. La obra, motivada por el mal estado general del claustro, se acometió durante el gobierno del prior Manuel Pérez de Guzmán “el Bueno” (1736–1773) comenzando en 1753 y finalizando en el verano de 1755<sup>9</sup> y tuvo como resultado la construcción del actual claustro barroco en el que sólo quedo como testimonio del pasado, la crujía adosada a la iglesia donde, se conservó, casi milagrosamente, la primitiva arquería románica<sup>10</sup>.

En el nuevo edificio se reutilizaron abundantes materiales procedentes de las dependencias medievales sobre todo debido al bajo presupuesto del que disponía el arquitecto<sup>11</sup>. Algunas de estas piezas, como la cornisa en caveto ornada con flores con botón central se encuentran todavía in situ, pero otras, reutilizadas como pavimento de las galerías del nuevo claustro, fueron rescatadas durante la actuación restauradora del arquitecto Francisco Pons-Sorolla en el año 1969 colocándose, a continuación, el actual suelo de losas de granito regulares<sup>12</sup>. Actualmente, estas piezas se encuentran, unas expuestas en la colección permanente del MuSar y otras almacenadas en el depósito del museo a la espera de la adecuación de una nueva sala para su correcta exposición.

Entre ellas se encuentran una docena de grandes dovelas que, por su forma y estilo bien podrían haber sido realizadas durante el pontificado y posterior retiro a Sar del arzobispo Bernardo II (Figura 3). Sus dimensiones de ancho oscilan entre los 27 y los 30 cm, de alto tienen todas 30 cm y sus largos oscilan entre los 92 y los 40 cm. Estos datos unidos a su formato y la curva tan abierta que presentan indican que debieron de haber pertenecido todas a los nervios de una gran bóveda de crucería<sup>13</sup>.

Están formados por dos gruesos baquetones en los ángulos inferiores seguidos en las roscas y en el intradós por profundas escocias que, justo antes del trasdós, rematan en un ancho listel liso. La escocia del intradós está decorada con una serie de flores dispuestas rítmicamente y que presentan, cada una, cuatro pétalos muy carnosos y con los bordes lobulados. En las roscas, se labraron con un ritmo de dos o tres, según el tamaño de la dovela, haces de tres hojas que nacen del mismo punto en la base del bocel y que se despliegan aumentando de volumen hasta rizar sus puntas en el remate.

Los modelos directos tanto para la articulación de los nervios con escocias y bocelos como para los motivos decorativos hay que buscarlos en las obras que contemporáneamente estaba promoviendo el sucesor de Bernardo II en la sede compostelana, Juan Arias (1238–1266) en el entorno de la catedral, concretamente, en el palacio episcopal y en el claustro.

En las bóvedas que se realizaron bajo su mandato para cubrir el denominado salón de ceremonias del palacio episcopal encontramos, particularmente entre las de los tramos septentrionales, el mismo tipo de dovelas que forman arcos muy amplios y con la misma decoración tanto en los intradoses







Fig. 3  
Doelas pertencentes a unha bóveda de crucería conservadas nos fondos do MuSar.  
Dovelas pertenecientes a una bóveda de crucería conservadas en los fondos del MuSar.



Fig. 4  
Bóvedas nervadas do Salón de Cerimonias do Pazo de Xelmírez de Santiago de Compostela.  
Bóvedas nervadas del Salón de Ceremonias del Palacio de Gelmírez de Santiago de Compostela.

(Figura 4). Entre os restos do desaparecido claustro románico, hoxe conservados nos fondos do Museo Catedral e na colección permanente do Museo das Peregrinacións, atópanse doelas que formaban parte dos arcos das galerías nas que o mesmo obradoiro utilizou tamén os mesmos motivos decorativos dispostos tamén da mesma forma: flores no intrados e feixes de follas de puntas rizadas nas roscas<sup>15</sup> (Figura 5). Iso si, os de Sar que estamos comentando, aínda que dunha indubidable calidade na súa factura, resultan máis secos e estilizados e distribúense cun ritmo máis relaxado deixando abundantes espazos entre eles (Figura 6). Esta característica, lonxe de ser un reflexo periférico do estilo do obradoiro de Juan Arias, aínda moi inmerso na tradición dos escultores mateinos, fai patente unha maior presenza do goticismo propio das datas nas que nos atopamos, a primeira metade do século XIII. Este goticismo maniféstase no formato das doelas destes nervios, máis longas que as realizadas a finais do século XII e, sobre todo, na maior separación entre os motivos decorativos que as ornan que foxen progresivamente do abigarramento, case barroco, dos obradoiros mateinos.

como en las roscas<sup>14</sup> (Figura 4). Entre los restos del desaparecido claustro románico, hoy conservados en los fondos del Museo Catedral y en la colección permanente del Museo das Peregrinacións, se encuentran dovelas que formaban parte de los arcos de las galerías en las que el mismo taller utilizó también los mismos motivos decorativos dispuestos también de la misma forma: flores en los intradoses y haces de hojas de puntas rizadas en las roscas<sup>15</sup> (Figura 5). Eso sí, los de Sar que estamos comentando, aunque de una indudable calidad en su factura, resultan más secos y estilizados y se distribuyen con un ritmo más relajado dejando abundantes espacios entre ellos (Figura 6). Esta característica, lejos de ser un reflejo periférico del estilo del taller de Juan Arias, todavía muy inmerso en la tradición de los escultores mateanos, hace patente una mayor presencia del goticismo propio de las fechas en las que nos encontramos, la primera mitad del siglo XIII. Este goticismo se manifiesta en el formato de las dovelas de estos nervios, más largas que las realizadas a finales del siglo XII y, sobre todo, en la mayor separación entre los motivos decorativos que las ornan que huye progresivamente del abigarramiento, casi barroco, de los talleres mateanos.



Fig. 5  
Arco procedente do desaparecido claustro románico da catedral de Santiago. Museo das Peregrinacións e de Santiago. Santiago de Compostela.  
Arco procedente del desaparecido claustro románico de la Catedral de Santiago de Compostela. Museo das Peregrinacións e de Santiago. Santiago de Compostela.

Aínda así, o énfase decorativo e a calidade destes nervios de bóveda fan pensar en que puideron ter pertencido a unha estancia nobre situada no claustro e non sería desatinado, por tanto, atribuílos á capela da Madalena onde o arcebispo Bernardo II tería previsto enterrarse. Neste sentido, o noso prelado insírese nunha tendencia que se estaba a instalar con forza entre as altas dignidades eclesiásticas durante o século XIII de enterrarse en capelas construídas arredor das pandas dos claustros<sup>16</sup>. Unha tendencia que segue o seu sucesor na cátedra, Juan Arias, quen funda o 9 de setembro de 1250 unha capela funeraria no claustro da catedral que entón se atopaba en construción<sup>17</sup>. O interesante desta fundación é que Juan Arias no seu testamento o 20 de abril de 1266, solicita ó cabido enterrarse efectivamente no claustro *in thesauro novo sci. Iacobi iuxta fratres archiepiscopus et coepiscopus*, é dicir, que a capela que fundara en 1250 combinaba a función funeraria coa comunitaria xa que era usada como tesouro e tamén como sala capitular<sup>18</sup>. Neste sentido séguese unha tendencia á polifuncionalidade destes espazos que se documenta na península xa desde o século XII tanto en catedrais como en mosteiros<sup>19</sup>.

É neste punto cando temos que recordar as mencionadas noticias de época moderna nas que se dá conta do uso da capela da Madalena do arcebispo Bernardo en Sar como sala capitular dos cóngos. A polifuncionalidade destes espazos tanto no claustro catedralicio como no do priorado de Sar enlaza novamente ambas as construcións desde o punto de vista do uso deste tipo de capelas funerarias como lugares de reunión da comunidade. Nestas estancias os cóngos terían a presenza real dos seus predecesores a través dos seus sepulcros e, no caso de Bernardo II en Sar, tamén a través da súa imaxe labrada na tapa e, polo tanto, perpetuada para a posteridade como modelo de



Fig. 6  
Detalle da decoración dunha das doelas conservadas nos fondos do MuSar.  
Detalle de la decoración de una de las dovelas conservadas en los fondos del MuSar.

Aun así, el énfasis decorativo y la calidad de estos nervios de bóveda hacen pensar en que pudieron haber pertenecido a una estancia noble situada en el claustro y no sería descabellado, por tanto, atribuirlos a la capilla de la Magdalena donde el arzobispo Bernardo II habría previsto enterrarse. En este sentido, nuestro prelado se inserta en una tendencia que se estaba instalando con fuerza entre las altas dignidades eclesiásticas durante el siglo XIII de enterrarse en capillas construidas en torno a las crujías de los claustros<sup>16</sup>. Una tendencia que sigue su sucesor en la cátedra, Juan Arias, quien funda el 9 de septiembre de 1250 una capilla funeraria en el claustro de la catedral que entonces se hallaba en construcción<sup>17</sup>. Lo interesante de esta fundación es que Juan Arias en su testamento el 20 de abril de 1266, solicita al cabildo enterrarse efectivamente en el claustro *in thesauro novo sci. Iacobi iuxta fratres archiepiscopus et coepiscopus*, es decir, que la capilla que había fundado en 1250 aunaba la función funeraria con la comunitaria ya que era usada como tesoro y también como sala capitular<sup>18</sup>. En este sentido se sigue una tendencia a la polifuncionalidad de estos espacios que se documenta en la península ya desde el siglo XII tanto en catedrales como en monasterios<sup>19</sup>.

Es en este punto cuando tenemos que recordar las mencionadas noticias de época moderna en las que se da cuenta del uso de la capilla de la Magdalena del arzobispo Bernardo en Sar como sala capitular de los canónigos. La polifuncionalidad de estos espacios tanto en el claustro catedralicio como en el del priorato de Sar enlaza nuevamente ambas construcciones desde el punto de vista del uso de este tipo de capillas funerarias como lugares de reunión de la comunidad. En estas estancias los canónigos tendrían la presencia real de sus predecesores a través de sus sepulcros y, en el caso de Bernardo II en Sar, también a través de su imagen labrada en la tapa y, por lo tanto, perpetuada para la posteridad como modelo de



eclesiástico virtuoso ante a comunidade<sup>20</sup>. Este carácter privado do seu lugar de enterramento entronca tamén coa vocación comunicativa do seu xacigo que poderíamos denominar como “falante”. As súas inscricións “falan” en latín, unha lingua que se volve particularmente culta e literaria na da fronte e que, polo tanto, nos dan a entender que estaban pensadas para unha audiencia culta —os cóngos do priorado de Sar— que non só a poderían ler senón tamén comprender o seu carácter penitencial e exemplificador.

Pero, este tema da vinculación da actividade edilicia de Bernardo en Sar coa Catedral de Santiago non termina aquí. De feito, a elección da advocación da súa capela funeraria a Santa María Madalena parece de todo menos casual. O culto á Madalena tiña, de feito, unha longa tradición na basílica compostelá. Alí, tiña unha capela nun lugar privilexiado no trasaltar xunto ao sepulcro do Apóstolo Santiago polo menos desde o pontificado de Diego Gelmírez (1100-1140)<sup>21</sup> “onde se cantaban as misas tempranas para os peregrinos” segundo nos informa o libro V do *Liber Sancti Iacobi*<sup>22</sup>. É dicir, que o seu culto tiña unha importante relación tanto co sepulcral como co penitencial que, ademais, perviviu na topografía sagrada da catedral nos séculos posteriores<sup>23</sup>. Certamente, a figura da Madalena xunta o papel de anunciadora da salvación ao ter sido a primeira en atoparse con Cristo tras a resurrección, co de modelo de pecadora penitente<sup>24</sup>. Era, por tanto, unha advocación perfecta para a capela funeraria dun arcebispo que “Despois deste vil solo, puido subir ao ceo” segundo reza a inscrición do seu sepulcro cun poético tono penitencial.

Se Bernardo II constrúe a súa capela funeraria e a enfermería na panda oriental do claustro é porque probablemente a galería correspondente xa estaba construída ou, polo menos, moi avanzada. Neste sentido, en Santa María de Sar seguiuise un proceso construtivo habitual nesta tipoloxía claustral<sup>25</sup>. Estes patios porticados, que organizaban ao seu arredor as dependencias monacais, situábanse frecuentemente no costado sur da igrexa por ser o máis soleado<sup>26</sup>. Ademais, soían empezar a súa construción polo ángulo nororiental continuando, a un tempo pola panda acaroadada ao muro da igrexa, e pola oriental xa que, este último, era o lugar normalmente ocupado por estancias comúns para a vida dos cóngos como a sala capitular.

En Sar, este progreso da construción aparece avalado, ademais, polo estilo das arcadas conservadas do claustro medieval nas que se aprecia unha evolución tanto arquitectónica como plástica desde o románico cara ao nacente arte gótico (Figura 7).

As arcadas apóianse sobre unha bancada cos perfís superiores rematados suavizados con grosos baquetóns. É esta unha solución sinxela e elegante que se repite noutros exemplos de similar cronoloxía como o mencionado claustro da catedral de Santiago ou o de Santa María a Real de Xunqueira de Ambía<sup>27</sup>. En canto ao alzado arquitectónico, os seis primeiros arcos organízanse en grupos de dous que alternan con piares de perfís tamén baquetonados.

eclesiástico virtuoso ante la comunidad<sup>20</sup>. Este carácter privado de su lugar de enterramiento entronca también con la vocación comunicativa de su yacija que podríamos denominar como “parlante”. Sus inscripciones “hablan” en latín, una lengua que se vuelve particularmente culta y literaria en la del frente y que, por lo tanto, nos dan a entender que estaban pensadas para una audiencia culta —los canónigos del priorato de Sar— que no sólo la podrían leer sino también comprender su carácter penitencial y ejemplificante.

Pero, este tema de la vinculación de la actividad edilicia de Bernardo en Sar con la Catedral de Santiago no termina aquí. De hecho, la elección de la advocación de su capilla funeraria a Santa María Magdalena parece de todo menos casual. El culto a la Magdalena tenía, de hecho, una larga tradición en la basílica compostelana. Allí, tenía una capilla en un lugar privilegiado en el trasaltar junto al sepulcro del Apóstol Santiago al menos desde el pontificado de Diego Gelmírez (1100-1140)<sup>21</sup> “donde se cantaban las misas tempranas para los peregrinos” según nos informa el libro V del *Liber Sancti Iacobi*<sup>22</sup>. Es decir, que su culto tenía una importante relación tanto con lo sepulcral como con lo penitencial que, además, pervivió en la topografía sagrada de la catedral en los siglos posteriores<sup>23</sup>. Ciertamente, la figura de la Magdalena aún el papel de anunciadora de la salvación al haber sido la primera en encontrarse con Cristo tras la resurrección, con el de modelo de pecadora penitente<sup>24</sup>. Era, por tanto, una advocación perfecta para la capilla funeraria de un arzobispo que “Después de este vil suelo, pudo subir al cielo” según reza la inscrición de su sepulcro con un poético tono penitencial.

Si Bernardo II construye su capilla funeraria y la enfermería en la panda oriental del claustro es porque probablemente la galería correspondiente ya estaba construida o, al menos, muy avanzada. En este sentido, en Santa María de Sar se habría seguido un proceso constructivo habitual en esta tipología claustral<sup>25</sup>. Estos patios porticados, que organizaban a su alrededor las dependencias monacales, frecuentemente se situaban en el costado sur de la iglesia por ser el más soleado<sup>26</sup>. Además, solían empezar su construcción por el ángulo nororiental continuando, a un tiempo por la crujía adosada al muro de la iglesia, y por la oriental ya que, este último, era el lugar normalmente ocupado por estancias comunes para la vida de los canónigos como la sala capitular.

En Sar, este progreso de la construcción aparece avalado, además, por el estilo de las arcadas conservadas del claustro medieval en las que se aprecia una evolución tanto arquitectónica como plástica desde el románico hacia el naciente arte gótico (Figura 7).

Las arcadas se apoyan sobre una bancada con los perfiles superiores rematados suavizados con gruesos baquetones. Es esta una solución sencilla y elegante que se repite en otros ejemplos de similar cronología como el mencionado claustro de la catedral de Santiago o el de Santa María la Real de Xunqueira de Ambía<sup>27</sup>. En cuanto al alzado arquitectónico, los seis primeros arcos se organizan en grupos de dos que alternan con pilares de perfiles también baquetonados.



Fig. 7  
Galería norte do claustro de Santa María de Sar.  
Galería norte del claustro de Santa María de Sar.

Estase a “reutilizar” aquí a tipoloxía de dobre arcada entre piares dos triforios interiores das igrexas. Neste caso, esta reutilización tipolóxica tampouco debería de estrañar se temos en conta que era un modelo sobradamente coñecido polos construtores xa que se usara na tribuna da Catedral de Santiago e, ademais, estaba á súa disposición no falso triforio que entón posuía a propia igrexa de Sar e que foi eliminado no século XV para construír as actuais bóvedas<sup>28</sup>. Así mesmo, esta reutilización de “frases constructivas” é un recurso moi habitual da arquitectura románica que, como é ben sabido, está baseada en conceptos como o módulo, a alternancia e o ritmo. Desta maneira, nestes seis arcos asistimos a unha alternancia —A-B-B-A— que denota un ritmo arquitectónico aínda moi románico no que hai un equilibrio case monódico entre van e macizo.

Nos catro últimos arcos, en cambio, os piares desaparecen e son substituídos por un conxunto de catro columnas (Figura 8). Temos unha alternancia A-A-A-A-C que podemos supoñer que continuaba xa que, aínda que non

Se está “reutilizando” aquí la tipología de doble arcada entre pilares de los triforios interiores de las iglesias. En este caso, esta reutilización tipológica tampoco debería de estrañar si tenemos en cuenta que era un modelo sobradamente conocido por los constructores ya que se había usado en la tribuna de la Catedral de Santiago y, además, estaba a su disposición en el falso triforio que entonces poseía la propia iglesia de Sar y que fue eliminado en el siglo XV para construir las actuales bóvedas<sup>28</sup>. Asimismo, esta reutilización de “frases constructivas” es un recurso muy habitual de la arquitectura románica que, como es bien sabido, se basa en conceptos como el módulo, la alternancia y el ritmo. De esta manera, en estos seis arcos nos encontramos con una alternancia —A-B-B-A— que denota un ritmo arquitectónico todavía muy románico en el que hay un equilibrio casi monódico entre vano y macizo.

En los cuatro últimos arcos, en cambio, los pilares desaparecen y son sustituidos por un conjunto de cuatro columnas (Figura 8). Tenemos una alternancia A-A-A-A-C que podemos suponer que continuaba ya que, aunque no se conservan más







Fig. 8  
Arcadas occidentais da galería norte do claustro de Santa María de Sar.  
Arcadas occidentales de la galería norte del claustro de Santa María de Sar.

se conservan máis arcadas en pé, nos fondos do MuSar se gardan tres capiteis cuádruplos e unha base, dunha única peza, pero preparada para recibir catro columnas. É este un ritmo máis gótico, máis polifónico, que tende á unidade e concede máis protagonismo ao baleiro que ao cheo.

Esta rítmica arquitectónica tamén provoca diferenzas na poética da luz entre a parte oriental e a occidental da galería. Así, nas primeiras arcadas temos unha luz natural modulada nun ritmo de claro-escuro que é a habitual dos templos románicos onde os elementos arquitectónicos segmentan a luz provocando o contraste entre zonas iluminadas e outras en penumbra. En cambio, nas arcadas occidentais temos unha luz máis constante e diáfana que entronca máis co concepto gótico de espazo unitario. Esta idea materialízase aquí coa desaparición dos grosos piares e a súa substitución por uns máis “transparentes” grupos de catro columnas.

A parte máis antiga, formada polos seis primeiros arcos, poderíase datar entre 1200 e 1220 e está ligada aos obradoiros do Mestre Mateo que entón traballaban na Catedral realizando obras na basílica como a fachada occidental ou o coro<sup>29</sup>. Iso si, a dinámica ornamental destes obradoiros

arcadas en pie, en los fondos del MuSar se guardan tres capiteles cuádruplos y una basa, de una única pieza, pero preparada para recibir cuatro columnas. Es este un ritmo más gótico, más polifónico, que tiende a la unidad y le da más protagonismo al vacío que al lleno.

Esta rítmica arquitectónica también provoca diferencias en la poética de la luz entre la parte oriental y la occidental de la galería. Así, en las primeras arcadas tenemos una luz natural modulada en un ritmo de claro-oscuro que es la habitual de los templos románicos donde los elementos arquitectónicos segmentan la luz provocando el contraste entre zonas iluminadas y otras en penumbra. En cambio, en las arcadas occidentales tenemos una luz más constante y diáfana que entronca más con el concepto gótico de espacio unitario. Esta idea se materializa aquí con la desaparición de los gruesos pilares y su sustitución por unos más “transparentes” grupos de cuatro columnas.

La parte más antigua, formada por los seis primeros arcos, se podría datar entre 1200 y 1220 y está íntimamente ligada a los talleres del Maestro Mateo que entonces trabajaban en la Catedral realizando obras en la basílica como la fachada occidental o el coro<sup>29</sup>. Eso sí, la dinámica ornamental de

chega nestas arcadas case ao paroxismo de forma que a decoración, sempre vexetal, esténdese a case todos os elementos arquitectónicos coma se dunha hedra se tratase ou como se efectivamente quixesen formar parte da evocación paradisiaca que o claustro supón e completar así, practicamente a vexetación real do patio central<sup>30</sup>.

Os catro arcos seguintes, en cambio poderíanse datar entre 1220 e 1240, é dicir, durante o episcopado de Bernardo II (1224-1237) e o seu posterior retiro a Sar (1237-1240). Atopamos un dialogo enre os motivos do repertorio ornamental de proxenie mateina que continúan no repertorio do obradoiro e outros modelos que se poden definir xa sen pudor como góticos que se introducen con decisión nesta parte occidental da galería claustral.

No que respecta aos capiteis, estes adquiren un perfil máis esvelto e cóncavo e co ábaco reducido a un simple listel, as veces curvo, que substitúe o de tipo corintio, con tacos angulares usado polo obradoiro anterior. Desta forma, os dous terzos inferiores son de forma tubular, como se se tratase da continuación do fuste da columna, mentres que no terzo superior a curvatura gaña en forza para chegar ao longo do cimacio.

En xeral, pódense establecer dous tipos fundamentais nos que, seguindo un xeito aínda moi románico, se xoga coa variación:

O tipo de *crochet* que é o máis numeroso de entre os conservados (Figura 9). A este corresponden catro dos capiteis dobres conservados nestas catro arcadas, un exposto na colección permanente do MuSar e polo menos unha decena máis —conservados en almacén— dos que só queda a parte superior<sup>31</sup>.

O outro tipo está formado por follas de tamaños moi finos e perfís lobulados que se despregan na parte superior. O mellor exemplo é o terceiro capitel dobre desta sección occidental da galería (Figura 10). A disposición das follas segue a dinámica ornamental do *crochet* pero nestas follas apréciase un maior naturalismo como se se quixese representar unha especie concreta. Este afán naturalista leva ao escultor incluso a realizar pequenas variacións morfolóxicas entre cada unha das follas representadas<sup>32</sup>. Ademais, neste tipo apréciase un interese pola tereceira dimensión e a profundidade que se consegue a través do denominado relevo pictórico. Así, pódense establecer tres niveis de relevo nas follas desde o primeiro rexistro onde son máis carnosas e os bordos chegan ao vulto redondo, pasando polas dos ángulos, menos sobresaintes, ata chegar ata as dos espazos intermedios da parte superior onde apenas se sobresaen do fondo. Este último tipo, moi plano, “contaxia” aos veciños capiteis de *crochet* aparecendo nos espazos entre as follas da parte superior.

Este mesmo estilo de follas, aínda que dunha morfoloxía diversa pódese atopar tamén nun capitel cuádruplo conservado nos fondos do MuSar (Figura 11). Neste caso as follas son tripétalas e organizanse para simular unha verdadeira planta. De feito, a folla do primeiro plano dóbrase cara fóra e no centro delas xorde un tallo que acaba nun froito formado por tres boliñas.

estos talleres llega en estas arcadas casi al paroxismo de forma que la decoración, siempre vegetal, se extiende a casi todos los elementos arquitectónicos como si de una hiedra se tratase o como si efectivamente quisieran formar parte de la evocación paradisiaca que el claustro supone y completar así, plásticamente la vegetación real del patio central<sup>30</sup>.

Los cuatro arcos siguientes, en cambio se podrían datar entre 1220 y 1240, es decir, durante el episcopado de Bernardo II (1224-1237) y su posterior retiro a Sar (1237-1240). Encontramos un dialogo entre los motivos del repertorio ornamental de progenie mateana que continúan en el repertorio del taller y otros modelos que se pueden definir ya sin pudor como góticos que se introducen con decisión en esta parte occidental de la galería claustral.

En lo que respecta a los capiteles, estos adquiren un perfil más esbelto y cóncavo y con el ábaco reducido a un simple listel, a veces curvo, que sustituye al de tipo corintio, con tacos angulares usado por el taller anterior. De esta forma, los dos tercios inferiores son de forma tubular, como si se tratase de la continuación del fuste de la columna, mientras que en el tercio superior se curva con fuerza para llegar al ancho del cimacio.

En general, se pueden establecer dos tipos fundamentales en los que, siguiendo un modo todavía muy románico, se juega con la variación:

El tipo de *crochet* que es el más numeroso de entre los conservados (Figura 9). A este corresponden cuatro de los capiteles dobles conservados en estas cuatro arcadas, uno expuesto en la colección permanente del MuSar y al menos una decena más —conservados en almacén— de los que sólo queda la parte superior<sup>31</sup>.

El otro tipo está formado por hojas de tallos muy finos y perfíles lobulados que se despliegan en la parte superior. El mejor ejemplo es el tercer capitel doble de esta sección occidental de la galería (Figura 10). La disposición de las hojas sigue la dinámica ornamental del *crochet* pero en estas hojas se aprecia un mayor naturalismo como si se quisiese representar una especie concreta. Este afán naturalista lleva al escultor incluso a realizar pequeñas variaciones morfológicas entre cada una de las hojas representadas<sup>32</sup>. Además, en este tipo se aprecia un interés por la tercera dimensión y la profundidad que se consigue a través del denominado relieve pictórico. Así, se pueden establecer tres niveles de relieve en las hojas desde el primer registro donde son más carnosas y los bordes llegan al bulto redondo, pasando por las de los ángulos, menos sobresalientes, hasta llegar hasta las de los espacios intermedios de la parte superior donde apenas si sobresalen del fondo. Este último tipo, muy plano, se “contagia” a los vecinos capiteles de *crochet* apareciendo en los espacios entre las hojas de la parte superior.

Este mismo estilo de hojas, aunque de una morfología diversa se puede también encontrar en un capitel cuádruple conservado en los fondos del MuSar (Figura 11). En este caso las hojas son tripétalas y se organizan para simular una verdadera planta. De hecho, la hoja del primer plano se dobla hacia fuera y en el centro de ellas surge un tallo que acaba en un fruto formado por tres bolitas.





Fig. 9  
Capitel de tipo “crochet” nas arcadas occidentais do claustro de Santa María de Sar.

Capitel de tipo “crochet” en las arcadas occidentales del claustro de Santa María de Sar.



Fig. 10  
Capitel de follas naturalistas das arcadas occidentais do claustro de Santa María de Sar.

Capitel de hojas naturalistas de las arcadas occidentales del claustro de Santa María de Sar.

É este un tipo de capitel, realizado nunha soa peza, do que se conservan, aínda que moi danados, tres exemplos máis. Neles ponse de manifesto o interese da arte gótica pola unidade que acaba coa individualidade de cada capitel e acaba convertendo o conxunto case nun gran bloque no centro do cal se dispón un gran florón que xa non ten a carnosidade e o volume dalgúns exemplos do obradoiro anterior na catedral de Santiago.

Nestes, ademais, aparece tamén a figuración sempre situada entre o que antano foron capiteis independentes (Figura 12). Así vemos un busto masculino que sostén unha cartela e no que queda o recordo do “peiteado mateino” de rizos encaracolados pero a forma de concibir o rostro, moi-to máis esquemático, está na liña das figuras esculpidas en capiteis e claves que se conservaron do antigo claustro da catedral compostelá, realizadas contemporaneamente e que hoxe se atopan repartidos entre o Museo Catedral de Santiago e o Museo das Peregrinacións. A este respecto son moi claras as concomitancias coa clave D-54 deste último museo na que tamén atopamos un busto masculino sosten-do unha cartela que, como no capitel de Sar, tamén parece saír do interior da peza<sup>39</sup> (Figura 13).

No gran capitel cuádruplo exposto na colección permanente do MuSar aparece tamén unha cabeza humana pero nesta desapareceu xa este recordo mateano e o rostro someteuse

Es este un tipo de capitel, realizado en una sola pieza, del que se conservan, aunque muy dañados, tres ejemplos más. En ellos se pone de manifiesto el interés del arte gótico por la unidad que acaba con la individualidad de cada capitel y acaba convirtiendo el conjunto casi en un gran bloque en el centro del cual se dispone un gran florón que ya no tiene la carnosidad y el volumen de algunos ejemplos del taller anterior en la catedral de Santiago.

En estos, además, aparece tímidamente la figuración siempre situada entre lo que antaño fueron capiteles independientes (Figura 12). Así vemos un busto masculino que sostiene una cartela y en el que queda el recuerdo del “peinado mateano” de rizos acaracolados pero la forma de concebir el rostro, mucho más esquemático, está en la línea de las figuras esculpidas en capiteles y claves que se han conservado del antiguo claustro de la catedral compostelana, realizado contemporáneamente y que hoy se encuentran repartidos entre el Museo Catedral de Santiago y el Museo de las Peregrinaciones. A este respecto son muy claras las concomitancias con la clave D-54 de este último museo en la que también encontramos un busto masculino sosteniendo una cartela que, como en el capitel de Sar, también parece salir del interior de la pieza<sup>39</sup> (Figura 13).

En el gran capitel cuádruple expuesto en la colección permanente del MuSar aparece también una cabeza humana pero en esta ha desaparecido ya este recuerdo mateano y el rostro se

a unha simplificación que chega ao seu cume no pelo resol-to como un casquete xeométrico sobre a cabeza. É de novo entre os restos escultóricos do antigo claustro da catedral onde atopamos as maiores similitudes estilísticas, por exemplo, nos bustos emerxentes dos laterais da clave D-53, tamén do Museo das Peregrinacións.

Polo que respecta aos cimacios, nos da primeira fase (1200–1220) que atopamos nos seis primeiros arcos da galería do claustro e nalgúns dos conservados nos fondos do Musar está moi vivo aínda o repertorio e o estilo dos obradoiros de tradición mateana que, ao mesmo tempo, están traballando na Catedral de Santiago. Son, fundamentalmente, de tres tipos: un ornado con follas pontiagudas entre roleos ova-lados como o que está exposto na colección permanente do MuSar; outro con tamaños vexetais ondulantes con follas carnosas moi pechadas e marcadas con puntos de trépano (Figura 14); e un tipo de follas dispostas verticalmente sobre o cimacio e que aumentan de volume na parte superior.

Na fase realizada durante o episcopado de Bernardo II, este último tipo seguiuise empregando pero as follas con-vertéronse xa en *crochets* como os dos capiteis e, de igual forma, contrasta o volume do remate co escaso relevo da parte baixa da folla que se someteu xa a unha estilización importante.

ha sometido a una simplificación que llega a su culmen en el pelo resuelto como un casquete geométrico sobre la cabeza. Es de nuevo entre los restos escultóricos del antiguo claus-tro de la catedral donde encontramos las mayores similitudes estilísticas, por ejemplo, en los bustos emergentes de los late-rales de la clave D-53, también del Museo das Peregrinacións.

Por lo que respecta a los cimacios, en los de la primera fase (1200–1220) que encontramos en los seis primeros arcos de la galería del claustro y en algunos de los conservados en los fon-dos del MuSar está muy vivo aún el repertorio y el estilo de los talleres de tradición mateana que, al mismo tiempo están tra-bajando en la Catedral de Santiago. Son, fundamentalmente, de tres tipos: uno ornado con hojas puntiagudas entre roleos ovalados como el que está expuesto en la colección perma-nente del MuSar; otro con tallos vegetales ondulantes con ho-jas carnosas muy cerradas y marcadas con puntos de trépano (Figura 14); y un tipo de hojas dispuestas verticalmente sobre el cimacio y que aumentan de volumen en la parte superior.

En la fase realizada durante el episcopado de Bernardo II, este último tipo continúa usándose pero las hojas se han conver-tido ya en *crochets* como los de los capiteles y, de igual forma, contrasta el volumen del remate con el escaso relieve de la parte baja de la hoja que se ha sometido ya a una estilización importante.



Fig. 11  
Capitel cuádruple con follas naturalistas conservado nos fondos do MuSar.

Capitel cuádruple con hojas naturalistas conservado en los fondos del MuSar.



Fig. 12  
Detalle da figura masculina representada nun capitel cuádruple con-servado nos fondos do MuSar.

Detalle de la figura masculina representada en un capitel cuádruple conservado en los fondos del MuSar.



Fig. 13  
Clave procedente do claustro románico da Catedral de Santiago cunha figura que emerxe do centro da peza.

Clave procedente del claustro románico de la Catedral de Santiago con una figura que emerge del centro de la pieza.



Aparecen, ademais, dous tipos novos que xa se poden considerar góticos. Un deles está en estreita relación co tipo de capitel de follas máis realistas que comentábamos antes e que está formado por un tallo ondulante do que nacen follas (Figura 15). Neste sentido parecería que non achega nada novo, pero realmente si o é xa que a composición agora non está sometida ao rigor xeométrico dos repertorios ornamentais mateinos e, ademais, as follas móvense con comodidade no caveto do cimacio sen ocupalo completamente como ocurría no obradoiro anterior.

O outro tipo novo é o moldurado, tamén tipicamente gótico, que atopamos no capitel cuádruplo co que acaba a parte da galería realizada por este obradoiro e tamén nun exposto na recepción do MuSar no que a escocia central aparece ornada con pequenas follas dispostas ritmicamente (Figura 16).

Nos arcos do claustro atopamos exactamente a mesma evolución estilística. A decoración carnosa, barroquizante e por momentos abigarrada que invadía as doelas dos seis primeiros —1200-1220, recordemos— sofre un proceso de estilización bastante forte nos seguintes catro arcos. Se ben é certo que nas roscas exteriores continúa o repertorio de follas de leituga rizada típico do obradoiro anterior,

Aparecen, además, dos tipos nuevos que ya se pueden considerar góticos. Uno de ellos está en estrecha relación con el tipo de capitel de hojas más realistas que comentábamos antes y que está formado por un tallo ondulante del que nacen hojas (Figura 15). En este sentido parecería que no aporta nada nuevo, pero realmente si lo es ya que la composición ahora no está sometida al rigor geométrico de los repertorios ornamentales mateanos y, además, las hojas se mueven con comodidad en el caveto del cimacio sin ocuparlo completamente como ocurría en el taller anterior.

El otro tipo nuevo es el moldurado, también típicamente gótico, que encontramos en el capitel cuádruplo con el que acaba la parte de la galería realizada por este taller y también en uno expuesto en la recepción del MuSar en el que la escocia central aparece ornada con pequeñas hojas dispuestas rítmicamente (Figura 16).

En los arcos del claustro encontramos exactamente la misma evolución estilística. La decoración carnosa, barroquizante y por momentos abigarrada que invadía las dovelas de los seis primeros —1200-1220, recordemos— sufre un proceso de estilización bastante fuerte en los siguientes cuatro arcos. Si bien es cierto que en las roscas exteriores continúa el repertorio de hojas de lechuga rizada típico del taller anterior,



Fig. 16  
Cimacio gótico procedente das galerías desaparecidas do claustro de Santa María de Sar, hoxe exposto no MuSar.  
Cimacio gótico procedente de las galerías desaparecidas del claustro de Santa María de Sar, hoy expuesto en el MuSar.



Fig. 14  
Cimacio do primeiro capitel da arcada oriental do claustro de Santa María de Sar.  
Cimacio del primer capitel de la arcada oriental del claustro de Santa María de Sar.



Fig. 15  
Cimacio gótico das arcadas occidentais do claustro de Sar.  
Cimacio gótico de las arcadas occidentales del claustro de Sar.




Fig. 17  
Miniatura representando a Inventio, do manuscrito da Historia Compostelana conservado na Biblioteca da Universidade de Salamanca e realizado durante o pontificado de Bernardo II.  
Miniatura representando la Inventio del manuscrito de la Historia Compostelana conservado en la Biblioteca de la Universidad de Salamanca y realizado durante el pontificado de Bernardo II.



estas son máis secas, duras, sen puntos trepanados, e sobre todo, están máis separadas entre elas. Dá a sensación de que o novo obradoiro as usa case por compromiso, como querendo mimetizar as novas arcadas coas anteriores para que “fagan xogo”. Nos intradoses agora é o *crochet* o motivo estrela, iso si, cunha dinámica ornamental na que prevalece tamén o baleiro sobre o cheo. En xeral é unha decoración que non só non busca ter protagonismo sobre a arquitectura das arcadas, senón que, ó contrario, busca destaca-la súa articulación abstracta de boceis, escocias e mediacanas.

En resumidas contas, as obras realizadas durante o episcopado e posterior retiro de Bernardo II a Sar representan a introdución da estética gótica no priorado. O estilo do seu obradoiro, ben que coñece e reinterpreta o repertorio herdado da tradición mateina compostelá, aposta decididamente por modelos novos para a escultura arquitectónica para os que se poden atopar referentes claros en construcións da Ile-de-France<sup>34</sup>. Exponente deste cambio é a utilización masiva do *crochet* en capiteis e cimacios do claustro de Sar que, como xa apuntara S. Moralejo, ten o seu reflexo bidimensional na miniatura que representa a *Inventio* do sepulcro do Apóstolo no folio 14 r. do manuscrito da Historia Compostelana conservado na Biblioteca da Universidade de Salamanca<sup>35</sup> (Figura 17). Nesta viñeta, realizada precisamente durante o episcopado de Bernardo II, os arcos apuntados que forman a cripta están sostidos por uns elegantes capiteis de *crochet* sobre finas columniñas que recordan vivamente aos das arcadas do claustro de Sar realizadas entre 1220-1250 ou mesmo a algúns capiteis de idéntica cronoloxía procedentes do desaparecido claustro medieval da Catedral (Figura 18).



Fig. 18  
Capitel de crochet procedente do claustro medieval da Catedral de Santiago, hoxe conservado nos fondos do Museo Catedral.

Capitel de crochet procedente del claustro medieval de la Catedral de Santiago, hoy conservado en los fondos del Museo Catedral.

estas son máis secas, duras, sin puntos trepanados, y sobre todo, están máis separadas entre ellas. Da la sensación de que el nuevo taller las usa casi por compromiso, como queriendo mimetizar las nuevas arcadas con las anteriores para que “hagan juego”. En los intradoses ahora el es *crochet* el motivo estrella, eso sí, con una dinámica ornamental en la que prevalece también el vacío sobre el lleno. En general es una decoración que no solo no busca tener protagonismo sobre la arquitectura de las arcadas, sino que, al contrario, busca destacar su articulación abstracta de boceles, escocias y mediascañas.

En resumidas cuentas, las obras realizadas durante el episcopado y posterior retiro de Bernardo II a Sar representan la introducción de la estética gótica en el priorato. El estilo de su taller, si bien conoce y reinterpreta el repertorio heredado de la tradición mateana compostelana, apuesta decididamente por modelos nuevos para la escultura arquitectónica para los que se pueden encontrar referentes claros en construcciones de la Ile-de-France<sup>34</sup>. Exponente de este cambio es la utilización masiva del *crochet* en capiteles y cimacios del claustro de Sar que, como ya había apuntado S. Moralejo, tiene su reflejo bidimensional en la miniatura que representa la *Inventio* del sepulcro del Apóstol en el folio 14 r. del manuscrito de la Historia Compostelana conservado en la Biblioteca de la Universidad de Salamanca<sup>35</sup> (Figura 17). En esta viñeta, realizada precisamente durante el episcopado de Bernardo II, los arcos apuntados que forman la cripta están sostenidos por unos elegantes capiteles de *crochet* sobre finas columnillas que recuerdan vivamente a los de las arcadas del claustro de Sar realizadas entre 1220-1250 o incluso a algunos capiteles de idéntica cronología procedentes del desaparecido claustro medieval de la Catedral (Figura 18).

## O sepulcro de Bernardo II e o desenvolvemento da escultura funeraria compostelá

Seguindo unha continuidade lóxica no cronolóxico e estilístico, a escultura presente no sepulcro de Bernardo II (†1240) terá que conectar con aquela que se executou baixo o seu episcopado (1224-1237) e nas primeiras décadas do século XIII —escultura que temos descrito con anterioridade—. Ó tratarse dunha efíxie funeraria, porén, as coincidencias poderían diferir. As tradicións das que bebe e coas que interactúa son lixeiramente diferentes ás que poderíamos atopar noutros tipos de arte escultórica. Para encontrar referentes e influenzas xeradoras para o sepulcro de Bernardo II será necesario volver a mirada cara o vital panorama da escultura dos enterramentos na Galicia do século XIII.

Malia a problemática que afecta aos monumentos sepulcrais do medievo galego, da que moitos dos seus representantes teñen desaparecido<sup>36</sup>, os exemplos preservados son suficientes para trazar unha evolución e diferenciación tipolóxica. No panorama galaico, e para o espazo transcorrido entre os séculos XIII e XV, atopamos principalmente tres tipos de enterramentos adornados con escultura. Estes son as laudas ou lápidas, os xacigos exentos e aqueles que, anexados a un muro, se gorecen baixo un arcosolio oxival. Cada un deles, ademais, cunhas significacións e para uns destinatarios —os enterrados— específicos<sup>37</sup>.

De entre estes modelos de monumento funerario, teríase que incluír o de Bernardo II nunha categoría de xacigo anexo. Os distintos movementos e traslados aos que o sepulcro se viu suxeito ao longo dos séculos, sumados ás alteracións sufridas pola propia fábrica da colexiata de Santa María de Sar, impiden coñecer as condicións e características exactas do seu emprazamento orixinal<sup>38</sup>. Non obstante, o feito de contalo entre os casos de xacigos anexados a arquitectura deriva da cara meridional da peza, pegada na actualidade aos muros interiores do templo e carente a todas luces de calquera tipo de decoración ou inscrición. Sería, así, este flanco o que en orixe quedaría pegado contra o muro.

Podríamos, polo tanto, buscar entre outros enterramentos contemporáneos pertencentes a esta mesma tipoloxía referencias ou concomitancias co caso do de Bernardo II. Para levar a cabo a busca dunha forma organizada e coherente deberanse rastrexar estas similitudes nunha vía dobre. Por un lado, interesa a escultura do xacente e a súa relación coas efíxies sepulcrais e coa estatuaría contemporánea desenvolvida en Compostela. En segundo lugar, deberase esclarece-la natureza do xacigo no que atopou repouso o arcebispo e dilucida-la orixe, orixinalidade e posibles antecedentes da súa particular decoración epigráfica ou «falante».

Mirando rapidamente o panorama da arte funeraria en Galicia na primeira metade do século XIII e, máis específico, en Santiago de Compostela, destaca o conxunto

## El sepulcro de Bernardo II y el desarrollo de la escultura funeraria compostelana

Siguiendo una continuidad lógica en lo cronológico y estilístico, la escultura presente en el sepulcro de Bernardo II (†1240) habrá de conectar con aquella que se ejecutó bajo su episcopado (1224-1237) y en las primeras décadas del siglo XIII —escultura que hemos descrito con anterioridad—. Al tratarse de una efígie funeraria, sin embargo, las coincidencias podrían diferir. Las tradiciones de las que bebe y con las que interactúa son ligeramente diferentes a las que podríamos encontrar en otros tipos de arte escultórico. Para hallar referentes e influencias generadoras para el sepulcro de Bernardo II será necesario volver la mirada hacia el vital panorama de la escultura de los enterramientos en la Galicia del siglo XIII.

A pesar de la problemática que afecta a los monumentos sepulcrales del medievo gallego, de la que muchos de sus representantes han desaparecido<sup>36</sup>, los ejemplos preservados son suficientes para trazar una evolución y diferenciación tipológica. En el panorama galaico, y para el espacio transcurrido entre los siglos XIII y XV, encontramos principalmente tres tipos de enterramientos adornados con escultura. Estos son las laudas o lápidas, las yacijas exentas y aquellas que, anexadas a un muro, se cobijan bajo un arcosolio ojival. Cada uno de ellos, además, con unas significaciones y para unos destinatarios —los enterrados— específicos<sup>37</sup>.

De entre estos modelos de monumento funerario, habría de incluirse el de Bernardo II en una categoría de yacija anexa. Los distintos movimientos y traslados a los que el sepulcro se vio sujeto a lo largo de los siglos, sumados a las alteraciones sufridas por la propia fábrica de la colegiata de Santa María de Sar, nos impiden conocer las condiciones y características exactas de su emplazamiento original<sup>38</sup>. No obstante, el hecho de contarlo entre los casos de yacijas anexadas a arquitectura se deriva de la cara meridional de la pieza, pegada en la actualidad a los muros interiores del templo y carente a todas luces de cualquier tipo de decoración o inscripción. Sería, así, este flanco el que en origen quedaría pegado contra el muro.

Podríamos, por lo tanto, buscar entre otros enterramientos contemporáneos pertenecientes a esta misma tipología referencias o concomitancias con el caso del de Bernardo II. Para llevar a cabo la búsqueda de una forma organizada y coherente se deberán rastrear estas similitudes en una vía doble. Por un lado, interesa la escultura del yacente y su relación con las efígies sepulcrales y con la estatuaría contemporánea desarrollada en Compostela. En segundo lugar, habrá de esclarecerse la naturaleza de la yacija en la que encontró reposo el arzobispo y dilucidar el origen, originalidad y posibles antecedentes de su particular decoración epigráfica o «parlante».

Mirando rápidamente el panorama del arte funerario en Galicia en la primera mitad del siglo XIII y, más específico, en Santiago de Compostela, destaca el conjunto monumental







Fig. 19  
Xacente atribuído a Fernando II, no Panteón Real da Catedral de Santiago de Compostela (c. 1230).  
Yacente atribuido a Fernando II, en el Panteón Real de la Catedral de Santiago de Compostela (c. 1230).



Fig. 20  
Xacente atribuído á raíña Berenguela, no Panteón Real da Catedral de Santiago de Compostela (c. 1211–1230).  
Yacente atribuido a la reina Berenguela, en el Panteón Real de la Catedral de Santiago de Compostela (c. 1211–1230).

monumental representado polos xacentes do Panteón Real da basílica apostólica. De entre as figuras que remataron por atopar descanso neste sinalado espazo, interesan as efixies tradicionalmente identificadas cos monarcas Fernando II (1137–1188) e Afonso VIII/IX<sup>39</sup> (1171–1230), a Raíña Berenguela (1116–1149) e Raimundo de Borgoña (1070–1107)<sup>40</sup>. Malia a distancia que, excluindo o caso de Afonso IX, se pode apreciar entre as datas de falecemento destes personaxes e os anos que nos ocupan para sondar a arte coetánea ao xacente de Bernardo II, os investigadores que se dedicaron a este particular veñen coincidindo na necesidade de situar á escultura dos catro enterramentos en datas próximas entre si. Todas elas adscritas aos anos finais do século XII e ás décadas iniciais do seguinte nunha cronoloxía que foi estimada en ca. 1188–1230<sup>41</sup>.

Atópase así a realización das efixies destes catro destacados protagonistas da historia peninsular nun momento inmediatamente anterior ao do falecemento do arcebispo Bernardo. O período coincide, así mesmo, cun episodio de especial interese e complexidade no desenvolvemento da escultura peninsular e galega. Un punto no que se cruza a fidelidade e pervivencia das formas adscritas ao Mestre Mateo coa chegada de influxos de correntes da arte gótica inicial, que se importan tanto desde a Península Ibérica como desde centros alén os Pireneos<sup>42</sup>.

Esta proximidade xeográfica e cronolóxica do monumento funerario de Bernardo II con aqueloutros situados no Panteón Real da Catedral compostelá levou, por suposto, a executar comparacións e explicacións conxuntas en estilo. Xa Serafín Moralejo chama a atención sobre o particular e,

representado por los yacentes del Panteón Real de la basílica apostólica. De entre las figuras que terminaron por encontrar descanso en este destacado espacio, interesan las efigies tradicionalmente identificadas con los monarcas Fernando II (1137–1188) y Alfonso VIII/IX<sup>39</sup> (1171–1230), la Reina Berenguela (1116–1149) y Raimundo de Borgoña (1070–1107)<sup>40</sup>. A pesar de la distancia que, excluyendo el caso de Alfonso IX, se puede apreciar entre las fechas de fallecimiento de estos personajes y los años que nos ocupan para sondar el arte coetáneo al yacente de Bernardo II, los investigadores que se han dedicado a este particular vienen coincidiendo en la necesidad de situar a la escultura de los cuatro enterramientos en fechas cercanas entre sí. Todas ellas adscritas a los años finales del siglo XII y las décadas iniciales del siguiente en una cronología que ha sido estimada en ca. 1188–1230<sup>41</sup>.

Se encuentra así la realización de las efigies de estos cuatro destacados protagonistas de la historia gallega en un momento inmediatamente anterior al del fallecimiento del arzobispo Bernardo. El período coincide, asimismo, con un episodio de especial interés y complejidad en el desarrollo de la escultura peninsular y gallega. Un punto en el que se cruza la fidelidad y pervivencia de las formas adscritas al Maestro Mateo con la llegada de influjos de corrientes del arte gótico inicial, que se importan tanto desde la Península Ibérica como desde centros allende los Pirineos<sup>42</sup>.

Esta proximidad geográfica y cronológica del monumento funerario de Bernardo II con aquellos otros situados en el Panteón Real de la Catedral compostelana ha llevado, por supuesto, a ejecutar comparaciones y explicaciones conjuntas en estilo. Ya Serafín Moralejo llama la atención sobre el

de entre as esculturas catedralicias, achega máis a Bernardo ás que corresponderían con Fernando II e a Raíña Berenguela. Na xenealoxía que propón, na que estas esculturas se volven parentes cada vez máis afastados da arte de Mateo—vanse afastando do modelo ao que referencian<sup>43</sup>—, a figura de Bernardo marcaría o elo máis distante<sup>44</sup>.

Sendo a escultura das mencionadas que maior distancia sostén con respecto ao modelo mateino, afastarase radicalmente do naturalismo e a organicidade que podemos ver no busto do xacente de Alfonso VIII/IX. Na súa proximidade ao tratamento que recibe a efixie de Fernando II (Figura 19) ou ao da Raíña Berenguela (Figura 20), por outra banda, podemos ver en Bernardo II as mesmas posicións ríxidas e case agarrotadas que dominan a figura, así como un tratamento do corpo e das súas partes altamente rectilíneo. Así mesmo, as roupaxes tenden a confundirse coas liñas do corpo nun aspecto unificador e certamente dominado polo lineal.

En canto á concepción xeral destas dúas efixies do Panteón Real e da de Bernardo II, as tres comparten unha vocación ornamental e decorativa na que se prima unha abundante decoración dos panos sobre o realismo ou a naturalidade destes. As propias caras destas esculturas, acusadas por unha menor volumetría e expresividade, dan a impresión de estar fixas e impasibles, frías e faltas de sentimento se se comparan coa impresión de morte-sono que exhibe a fase de Alfonso VIII/IX. A sensación de «ollos abertos» que Serafín Moralejo recolle para a imaxe de Fernando II é, por outra parte, plenamente aplicable ao caso da testa de Bernardo II<sup>45</sup> (Figura 21).

particular y, de entre las esculturas catedralicias, acerca más a Bernardo a las que corresponderían con Fernando II y la Reina Berenguela. En la genealogía que propone, en la que estas esculturas se vuelven parientes cada vez más lejanos del arte de Mateo—se van alejando del modelo al que referencian<sup>43</sup>—, la figura de Bernardo marcaría el eslabón más distante<sup>44</sup>.

Siendo la escultura de las mencionadas que mayor distancia sostiene con respecto al modelo mateano, se alejará radicalmente del naturalismo y la organicidad que podemos ver en el busto del yacente de Alfonso VIII/IX. En su proximidad al tratamiento que recibe la efigie de Fernando II (Figura 19) o al de la Reina Berenguela (Figura 20), por otra parte, podemos ver en Bernardo II las mismas posiciones rígidas y casi agarrotadas que dominan la figura, así como un tratamiento del cuerpo y de sus partes altamente rectilíneo. Asimismo, los ropajes tienden a confundirse con las líneas del cuerpo en un aspecto unificador y ciertamente dominado por lo lineal.

En cuanto a la concepción general de estas dos efigies del Panteón Real y de la de Bernardo II, las tres comparten una vocación ornamental y decorativa en la que se prima una abundante decoración de los paños sobre el realismo o la naturalidad de estos. Las propias caras de estas esculturas, acusadas por una menor volumetría y expresividad, dan la impresión de estar fijas e impasibles, frías y faltas de sentimiento si se comparan con la impresión de muerte-descanso que exhibe la fase de Alfonso VIII/IX. La sensación de «ojos abiertos» que Serafín Moralejo recoge para la imagen de Fernando II es, por otra parte, plenamente aplicable al caso de la testa de Bernardo II<sup>45</sup> (Figura 21).





Fig. 21  
Xacente do arcebispo Bernardo II na igrexa de Santa María de Sar (c. 1240).  
Yacente del arzobispo Bernardo II, en la iglesia de Santa María de Sar (c. 1240).

O que este autor xulga como unha pericia menor dos artífices do sepulcro do arcebispo, non obstante, podería ter máis que ver con outro factor que el mesmo esboza sen desenvolver: a posibilidade dunha inspiración directa no monumento sepulcral do seu predecesor na mitra de Santiago<sup>46</sup>. A pesar da perda na actualidade deste sepulcro, conservamos unha valiosa noticia histórica da pluma de Jerónimo del Hoyo na que o describe como sepultura de bronce con inscricións e cerca do piar da Trinidad<sup>47</sup>, no Pórtico da Gloria. Sobre as inscricións volveremos máis adiante, ao falar do xacigo de Bernardo II. Agora interesa centrar a mirada no perdido xacente de Pedro Muñiz, arcebispo entre 1207 e 1224.

Se ben é certo que a mención de Jerónimo del Hoyo destaca nesta ocasión pola súa continencia descritiva, non o é menos que o dato que achega é de capital interese. Non é posible facer unha descrición máis completa sobre a sepultura do arcebispo nigromántico. Pódense traer á atención outros xacentes contemporáneos feitos en bronce ou outras aliaxes<sup>48</sup> para achegarse ao aspecto desta peza da que a efixie de Bernardo II puido ter tomado o seu aspecto metálico.

Ao falar de sepulcros metálicos na Península Ibérica en datas próximas aos episcopados de Pedro Muñiz e Bernardo II o panorama pode parecernos desolador. Para este século XIII, conservamos a figura xacente do bispo Mauricio de Burgos<sup>49</sup> (Figura 22), falecido no ano 1238, e puntuais mencións aos desaparecidos monumentos funerarios a Teobaldo I (1201-1253) e Enrique I (1244-1274), ambos monarcas de Navarra<sup>50</sup>. A escaseza peninsular desta tipoloxía de xacentes non debe, porén, relacionarse cunha falta de popularidade destes enterros para estas datas. Mesmo en xeografías onde os xacentes metálicos acadaron un maior número e representatividade, como pode ser o caso francés, as súas características materiais fixéronos especialmente vulnerables a roubos, fundicións e destrucións ao longo da historia<sup>51</sup>.

Lo que este autor juzga como una pericia menor de los artífices del sepulcro del arzobispo, sin embargo, podría tener más que ver con otro factor que él mismo esboza sin desarrollar: la posibilidad de una inspiración directa en el monumento sepulcral de su predecesor en la mitra de Santiago<sup>46</sup>. Pese a la pérdida en la actualidad de este sepulcro, conservamos una valiosa noticia histórica de la pluma de Jerónimo del Hoyo en la que se lo describe como sepultura de bronce con inscripciones y cerca de del pilar de la Trinidad<sup>47</sup>, en el Pórtico de la Gloria. Sobre las inscripciones volveremos más adelante, al hablar de la yacija de Bernardo II. Ahora interesa centrar la mirada en el perdido yacente de Pedro Muñiz, arzobispo entre 1207 y 1224.

Si bien es cierto que la mención de Jerónimo del Hoyo destaca en esta ocasión por su parquedad descriptiva, no lo es menos que el dato que aporta es de capital interés. No es posible hacer una descripción más completa sobre la sepultura del arzobispo nigromántico. Se pueden traer a la atención otros yacentes contemporáneos hechos en bronce u otras aleaciones<sup>48</sup> para acercarse al aspecto de esta pieza de la que la efigie de Bernardo II pudo haber tomado su aspecto metálico.

Al hablar de sepulcros metálicos en la Península Ibérica en fechas cercanas a los episcopados de Pedro Muñiz y Bernardo II el panorama puede parecernos desolador. Para este siglo XIII, conservamos la figura yacente del obispo Mauricio de Burgos<sup>49</sup> (Figura 21), fallecido en el año 1238, y puntuales menciones a los desaparecidos monumentos funerarios a Teobaldo I (1201-1253) y Enrique I (1244-1274), ambos monarcas de Navarra<sup>50</sup>. La escasez peninsular de esta tipología de yacentes no debe, sin embargo, relacionarse con una falta de popularidad de estos enterramientos para estas fechas. Incluso en geografías donde los yacentes metálicos alcanzaron un mayor número y representatividad, como puede ser el caso francés, las características materiales de estos los han hecho especialmente vulnerables a los robos, fundiciones y destrucciones a lo largo de la historia<sup>51</sup>.



Fig. 22  
Xacente do bispo Mauricio de Burgos (†1238). Catedral de Burgos. Fotografía: Fundación Las Edades del Hombre.  
Yacente del obispo Mauricio de Burgos (†1238). Catedral de Burgos. Fotografía: Fundación Las Edades del Hombre.





Esta clase de sarcófagos metálicos con yacente, para o que os distintos investigadores acordan marcar orixe en terras xermanas nos anos do románico<sup>52</sup>, alcanza, en realidade, un momento de enorme produción e popularidade no século XIII<sup>53</sup>, con obradoiros e centros especializados na súa produción e decoración. Ademais do celeberrimo foco de artesáns existente en terras lemosinas, e que nesta centuria concentrou un especial esforzo na execución de arte funeraria<sup>54</sup>, outros centros como o parisiense acadaron unha significativa influencia en terras hispanas<sup>55</sup>. Sería factible, por tanto, englobar nun mesmo panorama estilístico aos exemplos franceses contemporáneos, ao yacente do bispo Mauricio en Burgos e á desaparecida efixie de Pedro Muñiz. Máis aínda se se teñen en conta as relacións da sede compostelá nestes momentos, a un nivel artístico e cultural, con París e a Île-de-France<sup>56</sup>. E, como xa se viu, a suposta diferenza de material da broncea efixie de Pedro Muñiz con respecto aos demais exemplos, noutras aliaxes de cobre, non sería problemática<sup>57</sup>.

Comparemos, pois, o aspecto do sepulcro de Bernardo II co do bispo burgalés e casos franceses que coñecemos na actualidade, especialmente con yacentes que están ou estiveron situados na bacía parisiense. Por mor da gran perda de pezas metálicas acaecida durante os anos da Revolución e as súas postrimerías, en Francia serán de igual utilidade os sepulcros conservados como aqueles que chegaron a nós a través de debuxos ou gravados —especialmente abundantes para o caso galo<sup>58</sup>—.

Esta clase de sarcófagos metálicos con yacente, para el que los distintos investigadores acuerdan marcar origen en tierras germanas en los años del románico<sup>52</sup>, alcanza, en realidad, un momento de enorme producción y popularidad en el siglo XIII<sup>53</sup>, con talleres y centros especializados en su producción y decoración. Además del celeberrimo foco de artesanos existente en tierras lemosinas, y que en esta centuria concentró un especial esfuerzo en la ejecución de arte funerario<sup>54</sup>, otros centros como el parisino alcanzaron una significativa influencia en tierras hispanas<sup>55</sup>. Sería factible, por tanto, englobar en un mismo panorama estilístico a los ejemplos franceses contemporáneos, al yacente del obispo Mauricio en Burgos y a la desaparecida efigie de Pedro Muñiz. Más todavía si se tienen en cuenta las relaciones de la sede compostelana en estos momentos, a un nivel artístico y cultural, con París y la Île-de-France<sup>56</sup>. Y, como ya hemos visto, la supuesta diferencia de material de la broncea efigie de Pedro Muñiz con respecto a los demás ejemplos, en otras aleaciones de cobre, no sería problemática<sup>57</sup>.

Comparemos, pues, el aspecto del sepulcro de Bernardo II con el del obispo burgalés y casos franceses que conocemos en la actualidad, especialmente con yacentes que están o estuvieron situados en la cuenca parisina. Por mor de la gran pérdida de piezas metálicas sucedida durante los años de la Revolución y sus postrimerías en Francia serán de igual utilidad los sepulcros conservados como aquellos que han llegado a nosotros a través de dibujos o grabados —especialmente abundantes para el caso galicano<sup>58</sup>—.



Fig. 23  
Yacente de Evrad de Fouilloy (†1222). Catedral de Amiens.  
Yacente de Evrad de Fouilloy (†1222). Catedral de Amiens.



Fig. 24  
Debuxo encargado por François Roger de Gaignièresd do perdido yacente do bispo Eudes de Sully (†1208).  
Dibujo encargado por François Roger de Gaignièresd del perdido yacente del obispo Eudes de Sully (†1208).



O primeiro que acostuma chamar a atención da efixie de Bernardo II é o seu aspecto plano e anguloso, metálico, poderíamos dicir. Lonxe de sobresaír e avultar con respecto á pedra, a figura do arcebispo amósase case completamente pegada á tampa da sepultura. Isto, precisamente, é o que levou a autores como Serafín Moralejo a comparar o tratamento da peza co que é típico dos traballos en aliaxes metálicas do cobre<sup>59</sup>. Non obstante, e por máis rechamante que sexa isto a nivel visual, existen máis coincidencias estilísticas para reforzar e amparar a conexión.

A continuación, enumeraremos as características que se suman á escasa volumetría e que se poden observar tamén no bispo Mauricio de Burgos e nos dous únicos *gisants* metálicos de prelados que sobreviven para a Francia do século XIII: os de Évrard de Fouilloy (†1222) (Figura 23) e Geoffroi d'Eau (†1236), ambos bispos de Amiens<sup>60</sup>. Para comezar, esta aparencia dura e angulosa propia do metal, estas liñas que parecen cortadas máis que modeladas, percíbense tamén no mesmo fondo das efixies. Este, distando de buscar unha aparencia neutra, persegue un efecto de contraste e marco evidente para o corpo. En lugar de escoller motivos que poderían axudar a «naturalizar» ou normalizar o fondo no contexto de morte que ten a imaxe, como podería ser a elección de discretas liñas que se asemellen a un sinxelo leito cunha ben diferenciada almofada —caso dos xacentes do Panteón Real—, escóllense marcos máis arquitectónicos. É algo que se fai moi visible nos casos franceses mencionados e que para o sepulcro de Bernardo II toma unha vía distinta, pero non inhabitual nesta clase de esculturas funerarias. Ademais de posuír unha minimamente sinalada almofada, que tan só se diferencia por un leve cambio de profundidade na tampa, o corpo do arcebispo compostelán parece quedar inserido nun fondo cuadrangular, que, como o marco dunha fotografía, encerra a efixie. É isto algo que se pode observar en *gisants* metálicos franceses que coñecemos a través do catálogo de debuxos do anticuario François Roger de Gaignières (1642–1715). O xacente de Eudes de Sully (1125–1208) (Figura 24), bispo de París, é boa mostra diso e da similitude coa escultura a Bernardo II<sup>61</sup>.

Por outra banda, se comparamos a postura corporal de Bernardo II coa que amosan os xacentes do Panteón Real, atoparemos que o primeiro mostra unha disposición moito menos natural e relaxada para o que debe ser un corpo recostado. A rixidez, a planitude e a dureza das formas únense a un aspecto xeral que fai pensar nunha figura ergueita máis que nun personaxe recostado. Esta sensación de verticalidade, algo que se vén sinalando así mesmo para os *gisants* metálicos franceses, refórzase no caso compostelán coa solución empregada para repousar os pés do prelado. En lugar dun coxín ou un animal baixo os pés<sup>62</sup>, como soe ser habitual nas efixies pétreas deste momento, Bernardo II apóiaos sobre un supedáneo que en ocasións se mestura cos baixos da túnica (Figura 25). É algo que podemos apreciar para a escultura do bispo Mauricio de Burgos, aquí nunha disposición de supedáneo con dúas puntas e independente das roupaxes, ou para o *gisant* de Eudes de Sully —con tipoloxía case idéntica á do enterramento de Santa María de Sar—. En ambos os casos, ademais, rematan estes

Lo primero que suele llamar la atención de la efigie de Bernardo II es su aspecto plano y anguloso, metálico, podríamos decir. Lejos de sobresalir y abultar con respecto a la piedra, la figura del arzobispo se muestra casi completamente pegada a la tapa de la sepultura. Esto, precisamente, es lo que ha llevado a autores como Serafín Moralejo a comparar el tratamiento de la pieza con el que es típico de los trabajos en aleaciones metálicas del cobre<sup>59</sup>. No obstante, y por más llamativo que sea esto a nivel visual, existen más coincidencias estilísticas para reforzar y respaldar la conexión.

A continuación, enumeraremos las características que se suman a la escasa volumetría y que se pueden observar también en el obispo Mauricio de Burgos y en los dos únicos *gisants* metálicos de prelados que sobreviven para la Francia del siglo XIII: los de Évrard de Fouilloy (†1222) (Figura 23) y Geoffroi d'Eau (†1236), ambos obispos de Amiens<sup>60</sup>. Para comenzar, esta apariencia dura y angulosa propia del metal, estas líneas que parecen cortadas más que modeladas, se perciben también en el mismo fondo de las efigies. Este, distando de buscar una apariencia neutra, persigue un efecto de contraste y marco evidente para el cuerpo. En lugar de escoger motivos que podrían ayudar a «naturalizar» o normalizar el fondo en el contexto de muerte que tiene la imagen, como podría ser la elección de discretas líneas que se asemejen a un sencillo lecho con una bien diferenciada almohada —caso de los yacentes del Panteón Real—, se escogen marcos más arquitectónicos. Es algo que se hace muy visible en los casos franceses mencionados y que para el sepulcro de Bernardo II toma una vía distinta, pero no inhabitual en esta clase de esculturas funerarias. Además de poseer una mínimamente señalada almohada, que tan solo se diferencia por un leve cambio de profundidad en la tapa, el cuerpo del arzobispo compostelano parece quedar insertado en un fondo cuadrangular, que, como el marco de una fotografía, encierra la efigie. Es esto algo que se puede observar en *gisants* metálicos franceses que conocemos a través del catálogo de dibujos del anticuario François Roger de Gaignières (1642–1715). El yacente de Eudes de Sully (1125–1208) (Figura 24), obispo de París, es buena muestra de ello y de la similitud con la escultura a Bernardo II<sup>61</sup>.

Por otra parte, si comparamos la postura corporal de Bernardo II con la que muestran los yacentes del Panteón Real, encontraremos que el primero se muestra en una disposición mucho menos natural y relajada para lo que debiera ser un cuerpo acostado. La rigidez, la planitud y la dureza de las formas se unen a un aspecto general que hace pensar en un torso erguido más que en un personaje recostado. Esta sensación de verticalidad, algo que se viene señalando asimismo para los *gisants* metálicos franceses, se respalda en el caso compostelano con la solución usada para reposar los pies del prelado. En lugar de un cojín o un animal bajo los pies<sup>62</sup>, como suele ser habitual en las efigies pétreas de este momento, Bernardo II se apoya sobre un supedáneo que en ocasiones se entremezcla con los bajos de la túnica (Figura 25). Es algo que podemos apreciar para la escultura del obispo Mauricio de Burgos, aquí en una disposición de supedáneo con dos puntas e independiente de los ropajes, o para el *gisant* de Eudes de Sully —con tipología casi idéntica a la del enterramiento de Santa María de Sar—. En ambos casos, además, rematan estos supedáneos

supedáneos ou supedáneos-túnica en afiados vértices que encontran xustificación nas características dos traballos escultóricos en metal e que para o caso de Bernardo II poderíamos entender como imitación dun modelo en aliaxe de cobre como o que podería ter suposto o sepulcro de Pedro Muñiz. Estas características enumeradas, cómpre resaltalo, non atopan conexión directa co resto de escultura funeraria conservada para estes anos en Galicia.

Superando agora a análise estilística, a iconografía e a xes-tualidade do arcebispo enterrado en Santa María de Sar conduce tamén por outras sendas, distintas ás manexadas para as efixies do Panteón Real. Mostrando como elas unha representación da morte próxima ao que podería dar en chamarse «morte-sono», forma tipicamente plenomedieval de asumir o deceso nun sentido artístico<sup>63</sup>, e que contrasta con imaxes máis violentas e patéticas propias dos séculos baixomedievais<sup>64</sup>, as diferenzas son palpables.

o supedáneos-túnica en afilados vértices que hallan justificación en las características de los trabajos escultóricos en metal y que para el caso de Bernardo II podríamos entender como imitación de un modelo en aleación de cobre como el que podría haber supuesto el sepulcro de Pedro Muñiz. Estas características enumeradas, es necesario resaltarlo, no encuentran relación directa con el resto de escultura funeraria conservada para estos años en Galicia.

Rebasando ahora el análisis estilístico, la iconografía y la gestualidad del arzobispo enterrado en Santa María de Sar nos lleva también por otras sendas, distintas a las manejadas para las efigies del Panteón Real. Mostrando como ellas una representación de la muerte cercana a lo que podría dar en llamarse «muerte-sueño»<sup>63</sup>, forma típicamente plenomedieval de asumir el deceso en un sentido artístico y que contrasta con imágenes más violentas y patéticas propias de los siglos bajomedievales<sup>64</sup>, las diferencias son palpables.



Fig. 25  
Detalle da efixie do arcebispo Bernardo II.

Detalle de la efigie del arzobispo Bernardo II.





Os xestos que nos xacentes da catedral compostelán parecen avanzar en redundar a idea de sono, no sepulcro de Bernardo, malia o evidente aspecto de durminte, poden ter outra función: mostrar os atributos, as insignias, da dignidade episcopal. Nestes asistimos, de novo, a unha conexión cos *gisants* franceses antes mencionados e co caso da efixie de don Mauricio de Burgos. Nestas representacións en metal, tanto as galas como a burgalesa, a colocación das mans das esculturas pode incluso revelar o oxímoro de representar a mortos que viven, que bendicen ou xesticulan mentres a súa expresión facial é a do falecido ou durmido. Lonxe dunha incoherencia ou capricho antinaturalista dos escultores e ideadores da obra, isto pode verse como a vontade de ancorar a imaxe do relixioso decesado ao templo no que se enterra. Sucede aquí un proceso de significación dobre. A figura prestixiosa —e a súa elección de ser enterrada alí— achega poder e crea tradición e importancia histórica para o lugar de enterramento. Ao mesmo tempo, o enterro nunha situación destacada como o é o priorado de Santa María de Sar, axuda ao enterrado a ancorar a súa figura a un lugar concreto e a garantir con maior éxito o seu recordo futuro.

Isto, que non é exclusivo dos enterros eclesiásticos<sup>65</sup>, toma no caso episcopal que aquí nos ocupa resonancias pastorais. A través do retrato dos bispos e arcebispos cos catro atributos episcopais —e, mesmo, nos casos de Mauricio de Burgos, Évrard de Fouilloy e Geoffroi d'Eau, en actitude de bendicir—, resáltase a importancia que estes teñen para o coidado espiritual dos seus fregueses ou da súa comunidade, inclusive desde a ultratumba. Engadíriase así un nivel máis de significación para estes enterramentos. Ademais de reforzar o prestixio do lugar de enterro, reforzariase o seu poder de congregación e a capacidade efectiva e ata visible de garantir o bo coidado das almas dos fieis e dos coengos da comunidade de Sar.

Para o xacente de Bernardo II, non podemos apreciar unha actitude explícita de bendición como a que se viu nos tres exemplos previos, pero os atributos episcopais son exhibidos claramente. A postura, que recorda de forma case exacta a xacentes da área parisiense como o do bispo Eudes de Sully, permite mostrar de forma ostensible tres dos catro atributos: a mitra, o báculo e o anel pastoral. As mesmas insignias que podemos ver no debuxo que Roger de Gaignières mandou facer do prelado parisiense.

Destas insignias episcopais, é o báculo o que maior atención nos merece no contexto compostelán. Para Bernardo, por sorte, conservámolo. Aínda que non chegue á actualidade íntegro, correu unha mellor fortuna que aqueles dos xacentes metálicos, nos que, polo propio material e a independencia con respecto á escultura do bastón, tenderon a desaparecer. É o báculo que porta o arcebispo un báculo en tau. Unha tipoloxía plenamente asociada a Compostela e ao apóstolo Santiago e que podemos rastrexar desde o bispado de Pedro Suárez de Deza (1173-1206)<sup>66</sup>.

Los gestos que en los yacentes de la catedral compostelana parecen avanzar en redundar la idea de sueño, en el sepulcro de Bernardo, pese al evidente aspecto de durmiente, pueden tener otra función: mostrar los atributos, las insignias, de la dignidad episcopal. En esto asistimos, de nuevo, a una conexión con los *gisants* franceses antes mencionados y con el caso de la efigie de don Mauricio de Burgos. En estas representaciones en metal, tanto las galas como la burgalesa, la colocación de las manos de las esculturas puede incluso revelar el oxímoron de representar a muertos que viven, que bendicen o gesticulan mientras su expresión facial es la del fallecido o dormido. Lejos de una incoherencia o capricho antinaturalista de los escultores e ideadores de la obra, esto puede verse como la voluntad de anclar la imagen del religioso decesado al templo en el que se le entierra. Sucede aquí un proceso de significación doble. La figura prestigiosa —y su elección de ser enterrada allí— aporta poder y crea tradición e importancia histórica para el lugar de enterramiento. Al mismo tiempo, el enterramiento en una ubicación destacada como lo es el priorado de Santa María de Sar, ayuda al enterrado a anclar su figura a un lugar concreto y a garantizar con mayor éxito su recuerdo futuro.

Esto, que no es exclusivo de los enterramientos eclesiásticos<sup>65</sup>, toma en el caso episcopal que aquí nos ocupa resonancias pastorales. A través del retrato de los obispos y arzobispos con los cuatro atributos episcopales —e, incluso, en los casos de Mauricio de Burgos, Évrard de Fouilloy y Geoffroi d'Eau, en actitud de bendecir—, se resalta la importancia que estos tienen para el cuidado espiritual de sus feligreses o de su comunidad, incluso desde la ultratumba. Se añadiría así un nivel más de significación para estos enterramientos. Además de reforzar el prestigio del lugar de entierro, se reforzaría su poder de congregación y la capacidad efectiva y hasta visible de garantizar el buen cuidado de las almas de los fieles y de los canónigos de la comunidad de Sar.

Para el yacente de Bernardo II, no podemos apreciar una actitud explícita de bendición como la que se ha visto en los tres ejemplos previos, pero los atributos episcopales se exhiben claramente. La postura, que recuerda de forma casi exacta a yacentes del área parisina como el del obispo Eudes de Sully, permite mostrar de forma ostensible tres de los cuatro atributos: la mitra, el báculo y el anillo pastoral. Las mismas insignias se ven en el dibujo que Roger de Gaignières tomó del prelado parisiense.

De estas insignias episcopales, es el báculo el que mayor atención nos merece en el contexto compostelano. Para Bernardo, por suerte, lo conservamos. Aunque no llegue a la actualidad íntegro, ha corrido una mejor fortuna que aquellos de los yacentes metálicos, en los que, por el propio material y la independencia con respecto a la escultura del bastón, han tendido a desaparecer. Es el báculo que porta el arzobispo un báculo en tau. Una tipología plenamente asociada a Compostela y al apóstol Santiago y que podemos rastrear desde el obispado de Pedro Suárez de Deza (1173-1206)<sup>66</sup>.

Fig. 26

Santiago o Maior entronizado, no parteluz do Pórtico da Gloria.  
Santiago el Mayor entronizado, en el parteluz del Pórtico da Gloria.





Esta particular tipoloxía reviste ós prelados composteláns dunha dignidade e unhas asociacións que reforzan o poder e ancoraxe ao lugar antes comentado. O arcebispo de Compostela, a través deste báculo en tau, uníase de forma simbólica á propia dignidade apostólica concedida por Santiago. Representando ao apóstolo portándoo, tanto escultoricamente —tal é o caso do Santiago situado sobre o parteluz no Pórtico da Gloria (Figura 26)— como en selos destes séculos medievais, o mesmo rito da *traditio baculi*, na consagración episcopal, supoñía unha longa liña sucesoria que unía ao propietario orixinal do bastón, o Apóstolo, co novo arcebispo<sup>67</sup>. Levándoo ó caso específico de Bernardo II, fortalécese así a significación do enterro. Este concede unha relevancia dobre a Santa María de Sar: convértea no lugar escollido por unha figura tan importante como un arcebispo para ser enterrado e, a súa vez, conecta de maneira visual e clara o priorado coa Catedral de Santiago de Compostela e coa dignidade apostólica.

Xorde agora un problema. Como se encaixan as similitudes que, malia o aspecto xeral derivativo dos xacentes metálicos, si se atopan coas efixies do Panteón Real —como xa se viu máis arriba—? Tendo en conta a ausencia de máis pezas en cobre ou bronce para o panorama galego destes anos do século XIII<sup>68</sup>, aínda que non se deba negar en absoluto a posibilidade da súa existencia, isto parece indicar que polo menos non se tratou dunha arte abundante e que crease escola no noroeste peninsular. Casos como o do bispo Pedro Muñiz deberanse entender, máis ben, como algo excepcional e que non chegou a arraigar e a crear unha tradición directa. O xacente metálico do predecesor de Bernardo II na mitra, ata onde coñecemos e pola inexistencia de referencias a este tipo de traballo do metal na Galicia do momento<sup>69</sup>, puido tratarse dunha obra importada desde algún dos focos franceses antes descritos.

Ante a chegada desta peza puido ter acontecido un proceso dobre segundo o cal se tería entendido como unha rareza e un modelo de prestixio de maneira simultánea. Ao non existir unha tradición de artesáns do metal dedicados á realización deste tipo de efixies na Compostela do momento, a súa continuidade teríase visto comprometida. Os xacentes en metal en Galicia, se aceptamos a hipótese, veríanse condenados a aparecer e a morrer case no mesmo momento. A relevancia e impacto que puido ter, non obstante, a sepultura do arcebispo nigromántico para a arte coetánea non houbo de ser tan deleble. Recollida, é seguro, como modelo e inspiración para as efixies sepulcrais posteriores, os escultores encargados de executar o sepulcro do seguinte arcebispo compostelán, Bernardo II, teríanse atopados ante un complexo desafío que pasaría por como lograr un acabado semellante utilizando as técnicas que coñecían de traballo nun material tan distinto como o é o granito.

Estes escultores locais, ao mesmo tempo, conectarían coa arte que nas primeiras décadas da centuria se estaba a desenvolver na capital galega. Formados na tradición que tamén engloba ós xacentes do Panteón Real e que, sen lograr separarse aínda da arte derivada de Mateo, cada vez se

Esta particular tipoloxía reviste a los prelados compostelanos de una dignidad y unas asociaciones que refuerzan el poder y anclaje al lugar antes comentado. El arzobispo de Compostela, a través de este báculo en tau, se unía de forma simbólica a la propia dignidad apostólica concedida por Santiago. Representando al apóstol portándolo, tanto escultóricamente —tal es el caso del Santiago situado sobre el parteluz en el Pórtico de la Gloria (Figura 26)— como en sellos de estos siglos medievales, el mismo rito de la *traditio baculi*, en la consagración episcopal, suponía una larga línea sucesoria que unía al propietario original del bastón, el apóstol, con el nuevo arzobispo<sup>67</sup>. Llevándolo al caso específico de Bernardo II, se fortalece la significación del enterramiento. Este concede una relevancia doble a Santa María de Sar: la convierte en el lugar escogido por una figura tan importante como un arzobispo para ser enterrado y, a su vez, conecta de manera visual y clara al priorato con la Catedral de Santiago de Compostela y con la dignidad apostólica.

Surge ahora un problema. ¿Cómo se encajan las similitudes que, pese al aspecto general derivativo de los yacentes metálicos, sí se encuentran con las efigies del Panteón Real —como ya hemos visto más arriba—? Teniendo en cuenta la ausencia de más piezas en cobre o bronce para el panorama gallego de estos años del siglo XIII<sup>68</sup>, aunque no se deba negar en absoluto la posibilidad de su existencia, esto parece indicar que al menos no se trató de un arte abundante y que hubiera creado escuela en el noroeste peninsular. Casos como el del obispo Pedro Muñiz deberán entenderse, más bien, como algo excepcional y que no llegó a arraigarse y a crear una tradición directa. El yacente metálico del predecesor de Bernardo II en la mitra, hasta donde conocemos y por la inexistencia de referencias a este tipo de trabajo del metal en la Galicia del momento<sup>69</sup>, pudo tratarse de una obra importada desde alguno de los focos franceses antes descritos.

Ante la llegada de esta pieza pudo haber acontecido un proceso doble según el cual se habría entendido como una rareza y un modelo de prestigio de manera simultánea. Al no existir una tradición de artesanos del metal dedicados a la realización de este tipo de efigies en la Compostela del momento, su continuidad se habría visto comprometida. Los yacentes en metal en Galicia, si aceptamos la hipótesis, se habrían visto condenados a aparecer y a morir casi en el mismo momento. La relevancia e impacto que pudo ostentar, sin embargo, la sepultura del arzobispo nigromántico para el arte coetáneo no hubo de ser tan deleble. Contemplada, es seguro, como modelo e inspiración para las efigies sepulcrales posteriores, los escultores encargados de ejecutar el sepulcro del siguiente arzobispo compostelano, Bernardo II, se habrían encontrado ante un complejo desafío que pasaría por cómo lograr un acabado semejante utilizando las técnicas que conocían de trabajo en un material tan distinto como es el granito.

Estos escultores locales, al mismo tiempo, conectarían con el arte que en las primeras décadas de la centuria se estaba desarrollando en la capital gallega. Formados en la tradición que también engloba a los yacentes del Panteón Real y que, sin lograr separarse todavía del arte derivado de Mateo,

deixa infiltrar máis por tendencias góticas, terían tratado de executar unha efixie funeraria ao modo da de Pedro Muñiz co repertorio e as ferramentas das que dispoñían. Atopámonos así, sintetizando, cunha imaxe que buscaría imitar un acabado metálico e que bebe en estilo, tratamento e modelado das figuras dunha arte tradicionalmente realizada en pedra. Cunha escultura de raizame mateina que se filtra a través dunha inspiración nun xacente feito en metal. Nunha frase: unha escultura pétrea que se inspira noutra realizada en bronce ou cobre e que por iso endurece e afía unhas formas, que, malia este novo aspecto, non deixan de remitir á arte compostelá destes anos do século XIII.

Esta nova tipoloxía de xacentes, por outra banda, non desaparece con Bernardo II e pode rastrexarse tanto na mesma colexiata de Sar como en casos máis distantes no xeográfico. De entre os exemplos conservados, destacan para Santa María de Sar os enterramentos do cóengo Bernardo Arias († c. 1291) e do prior Gonzalo Domínguez († c. 1368), moito máis afastado cronolóxica e estilisticamente, pero que segue remitindo a estilemas propios dunha inspiración nos *gisants* metálicos que detallamos con anterioridade<sup>70</sup>. Fóra de Compostela, podemos rastrexar a pegada da influencia do xacente de Bernardo II en casos como o enterro de Fernán Pérez de Ouces (†1287) en San Xoán de Ouces, Bergondo<sup>71</sup>.

Falar de tipoloxía non se debe revestir aquí con connotacións de comunidade de estilo entre os sepulcros. Falamos, máis ben, dunha serie de enterramentos que toman como modelo-referencia ao de Bernardo II —en canto que todos eles comparten un aspecto xeral similar e uns compoñentes equiparables<sup>72</sup>—, pero que están executados en momentos diferentes e por artistas ou mans inseridos en tradicións escultóricas ben diferenciadas<sup>73</sup>. Acontece, entón, algo semellante ao que via mos para aqueloutros artistas que, procedentes dunha formación mateina, terían tratado de «imitar» o sepulcro de Pedro Muñiz para crear a efixie de Bernardo II: cópiase, versiónase, o aspecto, pero o estilo é diferente. A frase é a mesma, pero está traducida a outro idioma.

Se no caso da efixie do arcebispo Bernardo falabamos dunha paisaxe estilística na que tamén se poden situar manifestacións como o Cristo de Praterías<sup>74</sup>, os xacentes do Panteón Real ou escultura ourensá de tempos do bispo don Lorenzo (1218–1248)<sup>75</sup>, para o sepulcro de Fernán Pérez de Ouces (†1287) vemos o resultado máis directo da súa recepción. Sendo o máis próximo cronoloxicamente á efixie de Bernardo, nel vese a copia do situado en Santa María de Sar nun estilo, que, deixando entrever a chegada dunha nova arte, aparece aquí executado por uns artistas menos habilidosos, máis periféricos e indirectos na súa débeda coas correntes principais da escultura destes anos. Esta nova tendencia, que Serafín Moralejo conectou cos focos de xacentes contemporáneos da Catedral de León ou a catedral vella de Salamanca<sup>76</sup>, apréciase xa asimilada ou recibida máis directamente para o sepulcro do cóengo Bernardo Arias († c. 1291). Exemplo paradigmático diso é o xacente do bispo Rodrigo Álvarez (†1232), na Catedral de León (Figura 27).

cada vez se deja infiltrar máis por tendencias góticas, habrían tratado de ejecutar una efigie funeraria al modo de la de Pedro Muñiz con el repertorio y las herramientas de las que dispoñían. Nos encontramos así, sintetizando, con una imagen que buscaría imitar un acabado metálico y que bebe en estilo, tratamiento y modelado de las figuras de un arte tradicionalmente realizado en piedra. Con una escultura de raigambre mateana que se tamiza a través de una inspiración en un yacente hecho en metal. En una frase: una escultura pétrea que se inspira en otra realizada en bronce o cobre y que por ello endurece y afila unas formas, que, pese a este nuevo aspecto, no dejan de remitir al arte compostelano de estos años del siglo XIII.

Esta nueva tipología de yacentes, por otra parte, no desaparece con Bernardo II y puede rastrearse tanto en la misma colegiata de Sar como en casos más distantes en lo geográfico. De entre los ejemplos conservados, destacan para Santa María de Sar los enterramientos del canónigo Bernardo Arias († c. 1291) y del prior Gonzalo Domínguez († c. 1368), mucho más alejado cronológicamente, pero que sigue remitiendo a las características de inspiración en los *gisants* metálicos que hemos detallado con anterioridad<sup>70</sup>. Fuera de Compostela, podemos rastrear la huella de la influencia del yacente de Bernardo II en casos como el enterramiento de Fernán Pérez de Ouces (†1287) en San Xoán de Ouces, Bergondo<sup>71</sup>.

Hablar de tipología no debe revestirse aquí con connotaciones de comunidad de estilo entre los sepulcros. Hablamos, más bien, de una serie de enterramientos que toman como modelo-referencia al de Bernardo II —en tanto que todos ellos comparten un aspecto general similar y unos componentes equiparables<sup>72</sup>—, pero que están ejecutados en momentos diferentes y por artistas o manos insertos en tradiciones escultóricas bien diferenciadas<sup>73</sup>. Acontece, entonces, algo semejante a lo que veíamos para aquellos artistas que, procedentes de una formación mateana, habrían tratado de «imitar» el sepulcro de Pedro Muñiz para crear la efigie de Bernardo II: se copia, se versiona, el aspecto, pero el estilo es diferente. La frase es la misma, pero está traducida a otro idioma.

Si en el caso de la efigie del arzobispo Bernardo hablábamos sobre un paisaje estilístico en el que también se pueden situar manifestaciones como el Cristo de Platerías<sup>74</sup>, los yacentes del Panteón Real o escultura ourensana de tiempos del obispo don Lorenzo (1218–1248)<sup>75</sup>, para el sepulcro de Fernán Pérez de Ouces (†1287) vemos el resultado más directo de su recepción. Siendo el más cercano cronológicamente a la efigie de Bernardo, en él se ve la copia del situado en Santa María de Sar en un estilo, que, dejando entrever la llegada de un nuevo arte, aparece aquí ejecutado por unos artistas menos habilidosos, más periféricos e indirectos en su deuda con las corrientes principales de la escultura de estos años. Esta nueva tendencia, que Serafín Moralejo conectó con los focos de yacentes contemporáneos de la Catedral de León o la catedral vieja de Salamanca<sup>76</sup>, se aprecia ya asimilada o recibida más directamente para el sepulcro del canónigo Bernardo Arias († c. 1291). Ejemplo paradigmático de ello es el yacente del obispo Rodrigo Álvarez (†1232), en la Catedral de León (Figura 27).







Fig. 27  
Xacente do bispo Rodrigo Álvarez (†1232). Catedral de León.  
Yacente del obispo Rodrigo Álvarez (†1232). Catedral de León.

Para pechar o grupo, no caso do prior Gonzalo Domínguez († c. 1368), a paisaxe estilística volve mudar. Vemos aquí, ademais da persistente débeda co modelo, unhas formas que fan pensar nun momento intermedio entre unha arte funeraria debedora do estilo ourensán acuñado por S. Moralejo<sup>77</sup> e as novas correntes compostelás dos séculos XIV e XV<sup>78</sup>. Mantéñense, porén, en todos eles, e na lóxica de versións antes explicada, aspectos como a aparente verticalidade dos representados e a presenza de supedáneos, que varían en forma en función do estilo da escultura.

Hai un compoñente, no entanto, que se mantén máis invariable e tenaz na súa fidelidade ao modelo. Os xacigos aparecen decorados dun xeito epigráfico, «falante», que, máis aínda que as particularidades das efixies, fai especiais e separa a estes exemplos do resto da arte funerario da súa época. Tomando o primeiro deles, o de Bernardo II, como exemplo, podemos ver como a decoración que adorna o xacigo consiste unicamente en inscricións caligráficas. Dúas liñas con caligrafía de gran tamaño na inscrición laudatoria da cara frontal e cinco máis comprimidas no epitafio da cabeceira. Con lixeiras modificacións en canto á lonxitude dos fragmentos ou a súa exacta disposición, esta maneira de embelecen os xacigos é común a todos os exemplos mencionados.

Se contemplamos o panorama das decoracións de xacigos nas centurias de 1200 e 1300 poderemos ver como o que prima tanto no contexto peninsular como no francés é un tipo completamente distinto de arte sepulcral. Lonxe do esquematismo epigráfico propio deste grupo derivado do foco compostelán, a tendencia maioritaria consiste na decoración dos frontais con escenas asociadas á liturxia funeraria. Teñen especial éxito os episodios de cortejo fúnebre e aqueles nos que se mostran ritos previos ao enterramento nos que, amoreados sobre o falecido, familiares e amizades próximas expresan a súa dor mentres os relixiosos pronuncian as distintas oracións<sup>79</sup>.

Débese ver así o modelo desenvolvido en Compostela nestes anos como unha forma autóctona e orixinal de concibir a decoración de xacigos, forma que non se atopa noutras latitudes e que, parece, tería que ter xurdido con Bernardo II ou quizais co sepulcro que consideramos como a súa inspiración xeradora: o do arcebispo Pedro Muñiz. Isto, que, xunto coa análise dos textos do enterramento, se desenvolverá no seguinte capítulo dedicado á epigrafía, levaranos a outra pregunta fundamental sobre a orixe da tipoloxía. Aceptando como temos feito a máis que posible chegada da efixie de Pedro Muñiz desde un contexto francés, como se explicaría unha hipotética presenza no seu xacigo dunha decoración tan pouco empregada e exclusiva de Galicia como parece selo a dos xacigos falantes? Ante isto caben dúas respostas. Ou ben se trataba dunha forma habitual de decorar esta parte dos sepulcros con xacentes metálicos no panorama galo e a idea viaxou xunto coa efixie ou o xacigo foi executado en terras compostelás para unirse posteriormente coa tampa chegada do estranxeiro. Sendo máis probable a segunda posibilidade, non se podería descartar por completo o primeiro. O certo é que nos puntuais casos nos que se conservan *gisants* en metal estes non nos

Para cerrar el grupo, en el caso del prior Gonzalo Domínguez († c. 1368), el paisaje estilístico vuelve a cambiar. Vemos aquí, además de la persistente deuda con el modelo, unas formas que hacen pensar en un momento intermedio entre un arte funerario deudor del estilo ourensano acuñado por S. Moralejo<sup>77</sup> y las nuevas corrientes compostelanas de los siglos XIV y XV<sup>78</sup>. Se mantienen, sin embargo, en todos ellos, y en la lógica de versiones antes explicada, aspectos como la aparente verticalidad de los representados y la presencia de supedáneos, que varían en forma en función del estilo de la escultura.

Hay un componente, sin embargo, que se mantiene más invariable y tenaz en su fidelidad al modelo. Las yacijas aparecen decoradas de una manera epigráfica, «parlante», que, más todavía que las particularidades de las efigies, hace especiales y separa a estos ejemplos del resto del arte funerario de su época. Tomando el primero de ellos, el de Bernardo II, como ejemplo, podemos ver como la decoración que adorna la yacija consiste únicamente en inscripciones caligráficas. Dos líneas con caligrafía de gran tamaño en la inscripción laudatoria de la cara frontal y cinco más comprimidas en el epitafio de la cabeceira. Con ligeras modificaciones en cuanto a la longitud de los fragmentos o su exacta disposición, esta manera de embelecen las yacijas es común a todos los ejemplos mencionados.

Si contemplamos el panorama de las decoraciones de yacijas en las centurias de 1200 y 1300 podremos ver como lo que prima tanto en el contexto peninsular como en el francés es un tipo completamente distinto de arte sepulcral. Lejos del esquematismo epigráfico propio de este grupo derivado del foco compostelano, la tendencia mayoritaria consiste en la decoración de los frontales con escenas asociadas a la liturgia funeraria. Tienen especial éxito los episodios de cortejo fúnebre y aquellos en los que se muestran ritos previos al enterramiento en los que, arracimados sobre el fallecido, familiares y amistades cercanas expresan su dolor mientras los religiosos pronuncian las distintas oraciones<sup>79</sup>.

Ha de verse así el modelo desarrollado en Compostela en estos años como una forma autóctona y original de concebir la decoración de yacijas, forma que no se encuentra en otras latitudes y que, parece, tendría que haber surgido con Bernardo II o quizá con el sepulcro que hemos considerado como su inspiración generadora: el del arzobispo Pedro Muñiz. Esto, que, junto con el análisis de los textos del enterramiento, se desarrollará en el siguiente capítulo dedicado a la epigrafía, nos lleva a otra pregunta fundamental sobre el origen de la tipología. Aceptando como hemos hecho la más que posible llegada de la efigie de Pedro Muñiz desde un contexto francés, ¿cómo se explicaría una hipotética presencia en su yacija de una decoración tan poco empleada y exclusiva de Galicia como parece serlo la de las yacijas epigráficas? Ante esto caben dos respuestas. O bien se trataba de una forma habitual de decorar esta parte de los sepulcros con yacentes metálicos en el panorama galo y la idea se importó junto con la efigie o la yacija se ejecutó en tierras compostelanas y se unió posteriormente con la tapa llegada del extranjero. Siendo más probable la segunda posibilidad, no podría descartarse por completo lo primero. Lo cierto es que en los puntuales casos en los que se conservan *gisants* en metal





chegan coa súa «arquitectura» completa<sup>80</sup>. Mesmo cando conservamos representacións gráficas de pezas perdidas, como as de François Roger de Gaignières, moitas veces retratan en exclusiva as efixies metálicas e esquecen o resto do complexo sepulcral<sup>81</sup>.

Sexa como for, o que si queda claro é que asistimos no caso do sepulcro de Bernardo II a un modo singular de concibir tanto xacigo como xacente. Unha tipoloxía que marca unha nova maneira de presentar as efixies funerarias e, ao mesmo tempo, un tipo de decoración dos xacigos, con adorno unicamente epigráfico, que non atopa parangón claro no contexto escultórico do que se rodea. Un modelo, que, como se viu, estará abocado a unha duradeira continuidade e reinterpretación en Santiago de Compostela e noutros exemplos galegos.

## A recepción contemporánea do sepulcro: movementos e aperturas

O sepulcro de Bernardo II debeu de continuar na capela da Madalena ata a comentada reconstrución do priorado entre 1753 e 1755 que, como vimos, supuxo a destrución da práctica totalidade do claustro medieval e as súas dependencias. Aínda así, o sepulcro foi conservado coidadosamente polos cóngos de Sar seguramente debido á súa antigüidade, a súa calidade artística e á fama de vida exemplar e santidad que alcanzara o arcebispo.

De feito, temos poucas pero interesantes noticias documentais que nos permiten reconstruír a recepción da peza e do seu contido entre os séculos XVIII ao XX que demostran o interese que suscitou en relación cunha nova valoración da arte da Idade Media na contemporaneidade. A primeira forma na que se plasma este interese é a través das aperturas do sepulcro das que temos coñecemento e que, a xulgar pola importancia dos personaxes que as promoveron, se deberon de realizar con gran solemnidade.

A primeira delas é un recoñecemento do sepulcro que tivo lugar no ano 1711 durante o episcopado de Fr. Antonio de Monroy (1685-1715). A noticia, recollida por A. López Ferreiro dun episcopologio manuscrito de Santiago redactado a principios do XIX informa de que entón aínda se atopaba o corpo incorrupto e as vestiduras en bo estado<sup>82</sup>.

A segunda apertura documentada acaeceu durante o pontificado do cardeal Miguel Payá e Rico (1874-1886). Nesta ocasión estaban presentes o xuíz de instrución, os condes de Revillagigedo e outras personalidades de Compostela. Segundo o relato de C. Sanchez Rivera, ao moverse a tapa púidose observar o cadáver durante un instante, pero debido ao contacto co aire pulverizouse quedando unicamente no fondo do sepulcro as súas vestiduras<sup>83</sup>. Algúns dos presentes levaron consigo, como reliquias, fragmentos das teas bordadas da casula do arcebispo o que demostra

estos no nos llegan con su «arquitectura» completa<sup>80</sup>. Incluso cuando conservamos representaciones gráficas de piezas perdidas, como las de François Roger de Gaignières, muchas veces se centran en las efigies metálicas y olvidan el resto del complejo sepulcral<sup>81</sup>.

Sea como fuere, lo que sí queda claro es que asistimos en el caso del sepulcro de Bernardo II a un modo singular de concebir tanto yacija como yacente. Una tipología que marca una nueva manera de presentar las efigies funerarias y, al mismo tiempo, un tipo de decoración de las yacijas, con adorno únicamente epigráfico, que no encuentra parangón claro en el contexto escultórico del que se rodea. Un modelo, que, como se ha visto, estará abocado a una duradera continuidad y reinterpretación en Santiago de Compostela y en otros ejemplos gallegos.

## La recepción contemporánea del sepulcro: movimientos y aperturas

El sepulcro de Bernardo II debió de continuar en la capilla de la Magdalena hasta la comentada reconstrucción del priorado entre 1753 y 1755 que, como vimos, conllevó la destrucción de la práctica totalidad del claustro medieval y sus dependencias. Aun así, el sepulcro fue conservado cuidadosamente por los canónigos de Sar seguramente debido a su antigüedad, su calidad artística y la fama de vida ejemplar y santidad que había alcanzado el arzobispo.

De hecho, tenemos pocas pero interesantes noticias documentales que nos permiten reconstruir la recepción de la pieza y de su contenido entre los siglos XVIII al XX que demuestran el interés que suscitó en relación con una nueva valoración del arte de la edad media en la contemporaneidad. La primera forma en la que se plasma este interés es a través de las aperturas del sepulcro de las que tenemos conocimiento y que, a juzgar por la importancia de los personajes que las promovieron, se debieron de realizar con gran solemnidad.

La primera de ellas es un reconocimiento del sepulcro que tuvo lugar en el año 1711 durante el episcopado de Fr. Antonio de Monroy (1685-1715). La noticia, recogida por A. López Ferreiro de un episcopologio manuscrito de Santiago redactado a principios del XIX nos informa de que entonces todavía se encontraba el cuerpo incorrupto y las vestiduras en buen estado<sup>82</sup>.

La segunda apertura documentada se produjo durante el pontificado del cardenal Miguel Payá y Rico (1874-1886). En esta ocasión estaban presentes el juez de instrucción, los condes de Revillagigedo y otras personalidades de Compostela. Según el relato de C. Sanchez Rivera, al moverse la tapa se pudo observar el cadáver durante un instante, pero debido al contacto con el aire se pulverizó restando únicamente en el fondo del sepulcro sus vestiduras<sup>83</sup>. Algunos de los presentes se llevaron consigo, como reliquias, fragmentos de las telas

que a fama de santidad do prelado continuaba entón viva. Ademais, un fragmento das súas vestiduras foi exhibida na exposición Rexional Galega celebrada en Santiago de Compostela durante o Ano Santo de 1909 demostrando o interese suscitado por tan antigo enterramento. O paradiroiro deste fragmento é descoñecido, pero, por fortuna, si coñecemos o seu aspecto grazas a un gravado co que Sánchez Rivera ilustrou este relato da apertura do sepulcro no seu libro. Nel vese un tecido no que os fíos trenzados realizan unha greca de labirinto en módulos cuadrangulares (Figura 28).

Esta apertura, ademais, é realizada nun contexto de estudo e valoración da Colexiata de Sar promovida polo que entón era o seu párroco, D. Francisco González Gómez, tamén profesor do Seminario Conciliar compostelán e da Facultad de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago<sup>84</sup>. Durante os vinte anos que estivo a cargo da parroquia, entre 1877 e 1897, realizou a primeira intervención restauradora na igrexa eliminando engadidos e encalados dos muros o que, seguramente, achaiou o camiño para a súa declaración como Monumento Nacional o 14 de agosto de 1895, dous anos antes do seu falecemento.

bordadas de la casulla del arzobispo lo que demuestra que la fama de santidad del prelado continuaba entonces viva. Además, un fragmento de sus vestiduras fue exhibida en la exposición Regional Gallega celebrada en Santiago de Compostela durante el Año Santo de 1909 demostrando el interés suscitado por tan antiguo enterramiento. El paradero de este fragmento es desconocido, pero, por fortuna, sí conocemos su aspecto gracias a un grabado con el que Sánchez Rivera ilustró este relato de la apertura del sepulcro en su libro. En él se ve un tejido en el que los hilos trenzados realizan una greca de laberinto en módulos cuadrangulares (Figura 28).

Esta apertura, además, se realiza en un contexto de estudio y valoración de la Colegiata de Sar promovida por el que entonces era su párroco, D. Francisco González Gómez, también profesor del Seminario Conciliar compostelano y de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago<sup>84</sup>. Durante los veinte años que estuvo a cargo de la parroquia, entre 1877 y 1897, realizó la una primera intervención restauradora en la iglesia eliminando añadidos y encalados de los muros lo que, seguramente, allanó el camino para su declaración como Monumento Nacional el 14 de agosto de 1895, dos años antes de su fallecimiento.



Fig. 28  
Gravado das vestiduras de Bernardo II, publicado por C. Sánchez Rivera en 1920.  
Grabado de las vestiduras de Bernardo II, publicado por C. Sánchez Rivera en 1920.





Nun sentido máis amplo, hai que entender esta apertura do sepulcro de Bernardo II nun contexto favorable ao estudo e recuperación do pasado da sede compostelá que, durante o pontificado de Payá e Rico, estaba inmersa nun proceso de recuperación do culto ao Apóstolo Santiago e as peregrinacións. De feito, este arcebispo impulsou decididamente importantes obras de restauración do templo catedralicio que terán o seu punto culminante no redescubrimento dos restos de Santiago no ano 1897<sup>85</sup>.

En relación con isto, outro dos temas máis interesantes en relación co sepulcro de Bernardo II é o dos seus traslados e reubicacións. Aínda que non temos constancia documental, tras a desaparición da capela medieval na que se atopaba, no século XVIII, o sepulcro debeu de ser trasladado á igrexa e situado entre a porta da sancristía e a ábsida sur, entón capela de Santa Ana e San Xoaquín, é dicir, o lugar que ocupa actualmente. De feito, en 1880 sitúao alí Fidel Fita na súa obra “Recordos dunha viaxe a Santiago de Galicia” onde transcribe por primeira vez as inscricións do xacigo: “En la nave de la derecha del templo descansa el arzobispo D. Bernaldo, que dejó este suelo vil para subir al estrellado polo, en 20 de noviembre de 1240, según nos dice la inscripción”<sup>86</sup>.

En 1885 continuaba neste lugar xa que na “Guía de Santiago y sus alrededores” de José M<sup>a</sup> Fernández Sanchez e Francisco Freire Barreiro aparece descrito nesta posición e sinalado co número 1 nun plano da igrexa que ilustra o capítulo dedicado á Colexiata de Sar: “El que hay entre la puerta de la sacristía y el altar de san Joaquín contiene, en bastante buen estado de conservación los restos mortales del arzobispo D. Bernardo II, el cual después de haber gobernado santamente la Iglesia Compostelana por espacio de doce años (1225-1237) se retiró a pasar el resto de sus días en una pobre celda de este monasterio, donde murió al cabo de otros tres, según leemos en la inscripción grabada en el lado del sepulcro correspondiente a la cabeza”<sup>87</sup>.

A seguinte situación segura que coñecemos para o sepulcro de Bernardo II é a panda románica do claustro no centro da cal se atopaba aliñado xunto co resto dos xacentes conservados: o prior D. Gómez do Canabal, o prior Domingo e o cóngo Bernardo Arias. Alí atopábanse en 1920 cando C. Sanchez Rivera publica a súa monografía sobre o priorado de Sar. Na páxina 57 unha fotografía do claustro mostra claramente a fila de sepulcros situados no centro da panda norte e no capítulo dedicado a estes sitúa o de Bernardo en primeiro termo como efectivamente se ve na foto: “El primer sepulcro a la entrada del claustro es el más antiguo y más curioso de todos. Pertenece al que fue arzobispo D. Bernardo II de Compostela, cuya dignidad renunció retirándose a Sar en 13 de septiembre de 1237 y muriendo poco después en 20 de Noviembre de 1240 [...]”<sup>88</sup> (Figura 29).

Na falta de confirmación documental, todo apunta a que o traslado desde a igrexa ata o claustro tanto do noso sepulcro como do de Gómez González do Cadaval, debeuse de producir con posterioridade ás obras de restauración na colexiata promovidas polo entón párroco Francisco González Gómez (1877-1897) e, polo tanto, datalo a principios do século XX. Porén, a peregrinación dos restos de Bernardo II e o seu sepulcro non acaba aquí. En 1935, durante as obras

En un sentido máis amplo, hay que entender esta apertura del sepulcro de Bernardo II en un contexto favorable al estudio y recuperación del pasado de la sede compostelana que, durante el pontificado de Payá y Rico, estaba inmersa en un proceso de recuperación del culto al Apóstol Santiago y las peregrinaciones. De hecho, este arzobispo impulsó decididamente importantes obras de restauración del templo catedralicio que tendrán su punto culminante en el redescubrimiento de los restos de Santiago en el año 1897<sup>85</sup>.

En relación con esto, otro de los temas más interesantes en relación con el sepulcro de Bernardo II es el de sus traslados y reubicaciones. Aunque no tenemos constancia documental, tras la desaparición de la capilla medieval en la que se encontraba, en el siglo XVIII, el sepulcro debió de ser trasladado a la iglesia y situado entre la puerta de la sacristía y el ábside sur, entonces capilla de Santa Ana y San Joaquín, es decir, el lugar que ocupa actualmente. De hecho, en 1880 lo sitúa allí Fidel Fita en su obra “Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia” donde transcribe por primera vez las inscripciones de la yacيجا: “En la nave de la derecha del templo descansa el arzobispo D. Bernaldo, que dejó este suelo vil para subir al estrellado polo, en 20 de noviembre de 1240, según nos dice la inscripción”<sup>86</sup>.

En 1885 continuaba en este lugar ya que en la “Guía de Santiago y sus alrededores” de José M<sup>a</sup> Fernández Sanchez y Francisco Freire Barreiro aparece descrito en esta posición y señalado con el número 1 en un plano de la iglesia que ilustra el capítulo dedicado a la Colegiata de Sar: “El que hay entre la puerta de la sacristía y el altar de san Joaquín contiene, en bastante buen estado de conservación los restos mortales del arzobispo D. Bernardo II, el cual después de haber gobernado santamente la Iglesia Compostelana por espacio de doce años (1225-1237) se retiró a pasar el resto de sus días en una pobre celda de este monasterio, donde murió al cabo de otros tres, según leemos en la inscripción grabada en el lado del sepulcro correspondiente a la cabeza”<sup>87</sup>.

La siguiente situación segura que conocemos para el sepulcro de Bernardo II es la crujía románica del claustro en el centro de la cual se encontraba alineado junto con el resto de los yacentes conservados: el prior D. Gómez do Canabal, el prior Domingo y el canónigo Bernardo Arias. Allí se encontraban en 1920 cuando C. Sanchez Rivera publica su monografía sobre el priorato de Sar. En la página 57 una fotografía del claustro muestra claramente la fila de sepulcros situados en el centro de la crujía norte y en el capítulo dedicado a estos sitúa el de Bernardo en primer término como efectivamente se ve en la foto: “El primer sepulcro a la entrada del claustro es el más antiguo y más curioso de todos. Pertenece al que fue arzobispo D. Bernardo II de Compostela, cuya dignidad renunció retirándose a Sar en 13 de septiembre de 1237 y muriendo poco después en 20 de Noviembre de 1240 [...]”<sup>88</sup> (Figura 29).

A falta de confirmación documental, todo apunta a que el traslado desde la iglesia hasta el claustro tanto de nuestro sepulcro como del de Gómez González do Cadaval, se debió de producir con posterioridad a las obras de restauración en la colexiata promovidas por el entonces párroco Francisco González Gómez (1877-1897) y, por lo tanto, datarlo a principios del siglo XX. Sin embargo, el peregrinaje de los restos de Bernardo II y su sepulcro no había acabado aquí. En 1935, durante las obras de

de restauración da igrexa de Sar levadas a cabo polo arquitecto Alejandro Ferrant en 1935, o sepulcro debeu de volver á igrexa e ser situado, outra vez, entre a porta da sancristía e a ábsida norte. De feito, nunha carta dirixida polo arquitecto á xunta superior do Tesouro Artístico solicitando orzamento para as obras de Sar recomenda que se trasladen “a su lugar primitivo los sepulcros que estaban en el claustro”<sup>89</sup>.

Pechaba así o periplo de Bernardo II pola colexiata de Sar, desde a súa situación orixinal na capela da Madalena ata a igrexa, onde segue hoxe en día á espera dunha restauración que lle devolva o seu primitivo esplendor e, por que non, un novo lugar máis acorde coa súa dignidade.

restauración de la iglesia de Sar llevadas a cabo por el arquitecto Alejandro Ferrant en 1935, el sepulcro debió de volver a la iglesia y ser situado, otra vez, entre la puerta de la sacristía y el ábside norte. De hecho, en una carta dirigida por el arquitecto a la junta Superior del Tesoro Artístico solicitando presupuesto para las obras de Sar recomienda que se trasladen “a su lugar primitivo los sepulcros que estaban en el claustro”<sup>89</sup>.

Se cerraba así el periplo de Bernardo II por la colegiata de Sar, desde su situación original la capilla de la Magdalena hasta la iglesia, donde sigue hoy en día a la espera de una restauración que le devuelva su primitivo esplendor y, porqué no, un nuevo lugar más acorde con su dignidad.



Fig. 29  
Fotografía do ano 1920 que mostra o sepulcro de Bernardo II todavía situado na galería do claustro románico de Sar.  
Fotografía del año 1920 que muestra el sepulcro de Bernardo II todavía situado en la crujía del claustro románico de Sar.





## Notas

- 1
- Tal é o caso do sepulcro do seu antecesor no cargo, Pedro Múñiz (1207–1224) que se atopaba tras o Pórtico da Gloria: LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, vol. V, Santiago de Compostela, 1902, p. 72; CAVERO DOMINGUEZ, G.: “Pedro Muñiz, obispo de León (1205–1206) y arzobispo compostelano (1207–1224), en CÓRDOBA DE LA LLAVE, R., DEL PINO GARCÍA, J. L. e CABRERA SÁNCHEZ, M.: (coord.): Estudios en homenaje al profesor Emilio Cabrera. Cáceres, 2015, p. 119–120; CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: El Pórtico de la Gloria, Madrid, 1999, p. 22–23. Tamén se conservan referencias documentais, aínda que non materiais, da situación do sepulcro do primeiro arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez (1100–1140), no claustro da catedral baixo o que hoxe é a antesancristía do templo: a este respecto véxase SÁNCHEZ SANCHEZ, X. M., “Consideraciones en torno a un posible enterramiento catedralicio del arzobispo compostelano Diego Gelmírez”, en Compostellanium, vol. LXIII, 3–4, 2018, p. 331–361.

Tal es el caso del sepulcro de su antecesor en el cargo, Pedro Múñiz (1207–1224) que se encontraba tras el Pórtico de la Gloria: LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, vol. V, Santiago de Compostela, 1902, p. 72; CAVERO DOMINGUEZ, G.: “Pedro Muñiz, obispo de León (1205–1206) y arzobispo compostelano (1207–1224), en CÓRDOBA DE LA LLAVE, R., DEL PINO GARCÍA, J. L. y CABRERA SÁNCHEZ, M.: (coord.): Estudios en homenaje al profesor Emilio Cabrera. Cáceres, 2015, p. 119–120; CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A.: El Pórtico de la Gloria, Madrid, 1999, p. 22–23. También se conservan referencias documentales, aunque no materiales, de la ubicación del sepulcro del primer arzobispo de Santiago, Diego Gelmírez (1100–1140), en el claustro de la catedral bajo lo que hoy es la antesacristía del templo: a este respecto véase SÁNCHEZ SANCHEZ, X. M., “Consideraciones en torno a un posible enterramiento catedralicio del arzobispo compostelano Diego Gelmírez”, en Compostellanium, vol. LXIII, 3–4, 2018, p. 331–361.

- 2
- LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia de la Santa..., op. cit., p. 147.

LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia de la Santa..., op. cit., p. 147.
- 3
- DEL HOYO, J.: Memorias del Arzobispado de Santiago, Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome (ed.), Santiago de Compostela, 1950, p. 90–92.

DEL HOYO, J.: Memorias del Arzobispado de Santiago, Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome (ed.), Santiago de Compostela, 1950, p. 90–92.
- 4
- DEL HOYO, J.: Memorias..., op. cit. p. 92.

DEL HOYO, J.: Memorias..., op. cit. p. 92.
- 5
- SÁNCHEZ RIVERA, C.: El Monasterio y Templo de Santa María la Real de Sar: único en el mundo por su inclinada construcción, Santiago de Compostela, 1920, p. 45 e 285.

SÁNCHEZ RIVERA, C.: El Monasterio y Templo de Santa María la Real de Sar: único en el mundo por su inclinada construcción, Santiago de Compostela, 1920, p. 45 y 285.
- 6
- “ Es opinión que este sepulcro se hallaba en una antigua capilla que, dedicada a la Magdalena, existía en este claustro”: SÁNCHEZ RIVERA, C.: El Monasterio..., op. cit., p. 92.

“Es opinión que este sepulcro se hallaba en una antigua capilla que, dedicada a la Magdalena, existía en este claustro”: SÁNCHEZ RIVERA, C.: El Monasterio..., op. cit., p. 92.
- 7
*Epitahium necrologicum* del diácono y limosnero mayor Miguel de Xavierre. 25 de junio de 1275. San Juan de la Peña. Monasterio viejo, claustro, muro norte.



Fig. 4  
*Epitaphium necrologicum* de Miguel Juan, abade de Foncea. 28 de abril de 1281. Burgos. Catedral, claustro baixo, galería norte.  
*Epitaphium necrologicum* de Miguel Juan, abad de Foncea. 28 de abril de 1281. Burgos. Catedral, claustro bajo, crujía norte.

Do mesmo xeito que *A Enciclopedia* de Diderot e D’Alembert considérase como o proxecto máis ambicioso da Ilustración francesa, personificando a “luz” da razón do coñecemento humano, sistematizando o saber, propagando as ideas ilustradas e sendo influencia para a Revolución Francesa e un fito para a contemporaneidade, do mesmo modo debemos considerar as *Etimoloxías* de San Isidoro de Sevilla, que resumiron e preservaron o coñecemento da antigüidade clásica, salvando a cultura grecorromana da destrución do Imperio Romano, facéndoa accesible ao mundo medieval e sendo fonte primordial para Alcuíno de York, Beda o Venerable e Rabano Mauro, máximos expoñentes do Renacemento Carolinxio, e para o resto de autores medievais<sup>1</sup>.

No capítulo XXXIX da *Etimología, De metris*, San Isidoro achega a seguinte definición: *Epitaphium Graece, Latine supra tumulum. Est enim titulus mortuorum, qui in dormitione eorum fit qui jam defuncti sunt. Scribuntur enim ibi vita, mores et atas eorum*<sup>2</sup>, recollendo a tradición epigráfica do mundo clásico.

Nos orixes do cristianismo, tanto a orde de Santo Agostiño como a de San Bieito outorgaron coidado e importancia á morte, determinando tanto obrigas para cos corpos como para coas almas<sup>3</sup>, como a exhortación a “ter a morte presente diante dos seus ollos cada día”<sup>4</sup>, de modo que a vida se conduza con prudencia e santidad na vida monástica, herdando a práctica da tradición latina do *memento mori*.

Un elemento primordial da vida monacal é o claustro, espazo de encontro sagrado entre o home e Deus, un símbolo da idea veterotestamentaria do *Hortus Conclusus*<sup>5</sup>, un retorno ao paraíso do cal foron expulsados Adán e Eva, “sendo unha metáfora da propia alma cristiá que debe ser coidada e organizada en torno ao traballo e á oración, do mesmo xeito que o xardín hai que plantalo, coidalo e quitar as malas herbas, sempre simbolizando o pecado”<sup>6</sup>.

Inspirados nestes principios espirituais e conceptuais, os claustros medievais converteranse en libros pétreos nos que se deixará constancia dos membros falecidos da comunidade, ás veces cuns epitafios simples nos que recollen tan só o nome do monxe, como é o caso da maioría dos epitafios necrolóxicos do mosteiro de Santo Domingo de Silos<sup>7</sup> (Figura 1), e outras veces recollendo o ano, mes e día do *dies natalis*<sup>8</sup>, ao consideralo como o día do seu nacemento á vida eterna, como é o caso dos epitafios dos claustros do mosteiro de San Juan de la Peña<sup>9</sup> (Figura 2) e da Catedral de Roda de Isábena<sup>10</sup> (Figura 3), ou con maior detalle biográfico e incluso cunha clara vocación literaria, como o caso do claustro baixo da Catedral de Burgos<sup>11</sup> (Figura 4).

O claustro románico de Santiago de Compostela en tempos de Diego Xelmírez e a súa posterior reforma do século XIII polo arcebispo Xoán Arias<sup>12</sup> é só coñecido por algúns restos conservados no Museo Catedral e no Museo das Peregrinacións<sup>13</sup> para a historiografía da arte románica<sup>14</sup>, debendo buscar similitudes epigráficas no claustro da Colexiata de Santa María a Real de Xunqueira de Ambía<sup>15</sup> (Ourense), en cuxa panda leste se conservan numerosos fragmentos epigráficos, sendo o epígrafe máis antigo do ano 1109<sup>16</sup> (Figura 5).

Al igual que *La Enciclopedia* de Diderot y D’Alembert se considera como el proyecto más ambicioso de la Ilustración francesa, personificando la “luz” de la razón del conocimiento humano, sistematizando el saber, propagando las ideas ilustradas y siendo influencia para la Revolución Francesa y un hito para la contemporaneidad, del mismo modo debemos considerar las *Etimologías* de San Isidoro de Sevilla, que resumió y preservó el conocimiento de la antigüedad clásica, salvando la cultura grecorromana de la destrucción del Imperio Romano, haciéndola accesible al mundo medieval y siendo fuente primordial para Alcuino de York, Beda el Venerable y Rabano Mauro, máximos exponentes del Renacimiento carolingio, y para el resto de autores medievales<sup>1</sup>.

En el capítulo XXXIX de la *Etimología, De metris*, San Isidoro aporta la siguiente definición: *Epitaphium Graece, Latine supra tumulum. Est enim titulus mortuorum, qui in dormitione eorum fit qui jam defuncti sunt. Scribuntur enim ibi vita, mores et atas eorum*<sup>2</sup>, recogiendo la tradición epigráfica del mundo clásico.

En los orígenes del cristianismo, tanto la orden de San Agustín como la de San Benito otorgaron cuidado e importancia a la muerte, determinando tanto obligaciones para con los cuerpos como con las almas<sup>3</sup>, como la exhortación a “tener la muerte presente ante sus ojos cada día”<sup>4</sup>, de modo que la vida se conduzca con prudencia y santidad en la vida monástica, heredando la práctica de la tradición latina del *memento mori*.

Un elemento primordial de la vida monacal es el claustro, espacio de encuentro sagrado entre el hombre y Dios, un símbolo de la idea veterotestamentaria del *Hortus Conclusus*<sup>5</sup>, un retorno al paraíso del cual fueron expulsados Adán y Eva, “siendo una metáfora de la propia alma cristiana que debe ser cuidada y organizada entorno al trabajo y la oración, de igual manera que el jardín hay que plantarlo, cuidarlo y quitar las malas hierbas, siempre simbolizando al pecado”<sup>6</sup>.

Inspirado en estos principios espirituales y conceptuales, los claustros medievales se convertirán en libros pétreos donde se dejará constancia de los miembros difuntos de la comunidad, a veces con unos epitafios simples en que recogen tan solo el nombre del monje, como es el caso de la mayoría de los epitafios necrológicos del monasterio Santo Domingo de Silos<sup>7</sup> (Figura 1), y otras veces recogiendo el año, mes y día del *dies natalis*<sup>8</sup>, al considerarlo como el día de su nacimiento a la vida eterna, como es el caso de los epitafios de los claustros del monasterio de San Juan de la Peña<sup>9</sup> (Figura 2) y de la Catedral de Roda de Isabena<sup>10</sup> (Figura 3), o con mayor detalle biográfico e incluso con una clara vocación literaria, como el caso del claustro bajo de la Catedral de Burgos<sup>11</sup> (Figura 4).

El claustro románico de Santiago de Compostela en tiempos del Diego Gelmírez y su posterior reforma del siglo XIII por el arzobispo Juan Arias<sup>12</sup> es solo conocido por algunos restos conservados en el Museo de la Catedral y en el Museo de las Peregrinaciones<sup>13</sup> para la historiografía del arte románico<sup>14</sup>, debiendo buscar similitudes epigráficas en el claustro de la Colegiata de Santa María la Real de Xunqueira de Ambía<sup>15</sup> (Ourense), en cuya panda Este se conservan numerosos fragmentos epigráficos, siendo el epígrafe más antiguo del año 1109<sup>16</sup> (Figura 5).








Fig. 5  
*Epitaphium sepulcrale* de Velasco, presbítero. 23 de decembro de 1109. Xunqueira de Ambía (Ourense). Colexiata de Santa María a Real. Claustro, galería leste.  
*Epitaphium sepulcrale* de Velasco, presbítero. 23 de diciembre de 1109. Xunqueira de Ambía (Ourense). Colegiata de Santa María la Real. Claustro, crujía este.

Pero, sen dúbida, é a Colexiata de Santa María a Real de Sar<sup>17</sup> – unha das primeiras comunidades de cóngos regulares de Santo Agostiño establecida en Galicia<sup>18</sup>–, a que, por proximidade xeográfica e pola proximidade na súa fundación –en 1136 por Munio Afonso, antigo cóengo da catedral de Santiago e bispo de Mondoñedo, baixo o auspicio do arcebispo Diego Xelmírez<sup>19</sup>–, faino debedora da influencia da sede metropolitana e do posterior influxo do mestre Mateo.

A colección epigráfica medieval da Colexiata de Santa María la Real de Sar conforma un total de 21 inscricións, que van desde o ano 1171 (Figura 6) ata o 1504<sup>20</sup> do epitafio do prior Gómez González de Canabal<sup>21</sup> (Figura 7), aportando luz sobre os usos epigráficos e paleográficos durante os séculos XII, XIII e XIV, que son escasos tanto na sede episcopal como no resto dos templos da súa diocese.

Á espera da realización do estudo epigráfico da Catedral de Santiago de Compostela, unha das grandes perdas deste excepcional monumento é a dos textos epigráficos orixinais dos sepulcros que conforman o Panteón Real, así como dos arcebispos desta sede.

A diferenca do Panteón Real de San Isidoro de León<sup>22</sup>, que presenta os textos epigráficos en escritura carolina da primeira metade do século XIII<sup>23</sup> sobre as súas lápidas e que carecen de representación escultórica, no Panteón Real de Santiago consérvase a figura dos xacentes sobre a lápida do sepulcro, perdéndose a anterior que era a que debía recoller o texto epigráfico orixinal<sup>24</sup>.

Outra perda considerable é a dos sepulcros dos arcebispos de Santiago de Compostela, descoñecéndose a localización orixinal do sepulcro de Diego Xelmírez<sup>25</sup> e dos seus sucesores, se ben o arcebispo Xoán Arias erguía en 1250 unha capela no claustro novo para o enterramento dos arcebispos e cóngos<sup>26</sup>.

Pero, sin duda, es la Colegiata de Santa María la Real de Sar<sup>17</sup> –una de las primeras comunidades de canónigos regulares de San Agustín establecida en Galicia<sup>18</sup>–, la que, por cercanía geográfica y por la proximidad en su fundación –en 1136 por Munio Alfonso, antiguo canónigo de la catedral de Santiago y obispo de Mondoñedo, bajo el auspicio del arzobispo Diego Xelmírez<sup>19</sup>–, la hacen deudora de la influencia de la sede metropolitana y del posterior influjo del maestro Mateo.

La colección epigráfica medieval de la colegiata de Santa María la Real de Sar se conforma por un total de 21 inscripciones, que van desde el año 1171 (Figura 6) hasta el 1504<sup>20</sup> del epitafio del prior Gómez González de Canabal<sup>21</sup> (Figura 7), aportando luz sobre los usos epigráficos y paleográficos durante los siglos XII, XIII y XIV que son escasos tanto en la sede episcopal como en el resto de templos de su diócesis.

A expensas de la realización del estudio epigráfico de la Catedral de Santiago de Compostela, una de las grandes pérdidas de este excepcional monumento es la de los textos epigráficos originales de los sepulcros que conforman el Panteón Real, así como de los arzobispos de esta sede.

A diferenca del Panteón Real de San Isidoro de León<sup>22</sup>, que presenta los textos epigráficos en escritura carolina de la primera mitad del siglo XIII<sup>23</sup> sobre sus lápidas y que carecen de representación escultórica, en el Panteón Real de Santiago se conserva la figura de los yacentes sobre la lápida del sepulcro, habiéndose perdido la yacija original que era la que debía recoger el texto epigráfico original<sup>24</sup>.

Otra pérdida considerable es la de los sepulcros de los arzobispos de Santiago de Compostela, desconociendo la ubicación original del sepulcro de Diego Xelmírez<sup>25</sup> y de sus sucesores, si bien el arzobispo Juan Arias levantaba en 1250 una capilla en el claustro nuevo para enterramiento de los arzobispos y canónigos<sup>26</sup>.



Fig. 6  
Dous fragmentos de epitafios reutilizados no pavimento. Ca. 1271. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Igrexa, nave do evanxeo.  
Dos fragmentos de epitafios reutilizados en el pavimento. Ca. 1271. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Iglesia, nave del evangelio.

Do intervalo de tempo comprendido entre o pontificado de Diego Xelmírez e Xoán Arias, só se coñece un fragmento do epitafio de Pedro Suárez Deza —grazas ás referencias documentais<sup>27</sup>–, o texto do epitafio de Pedro Muñiz<sup>28</sup>, e o epitafio do sepulcro de Bernardo II.

Por todo isto, o sepulcro de Bernardo II é un referente na historia da arte ao ser incluído na escola do obradoiro mateano<sup>29</sup> como o son o sepulcro de Raimundo de Borgoña († 1107), Doña Berenguela Berenguer († 1149), Fernando II de León († 1188) e Afonso VIII de León († 1230), pero en ningunha ocasión foi estudado en base á súa paleografía, lagoa que con este traballo pretendemos rematar.

O epígrafe do arcebispo Bernardo II foi recollido pola bibliografía compostelá sempre como fonte primaria documental desde J. M. Zepedano<sup>30</sup>, por V. de la Fuente<sup>31</sup>, F. Fita e A. Fernández-Guerra<sup>32</sup>, B. Barreiro de Vázquez Varela<sup>33</sup>, J. M. Fernández Sánchez e F. Freire Barreiro<sup>34</sup>, A. López Ferreiro<sup>35</sup>, J. Villa-amil y Castro<sup>36</sup>, A. Meakin<sup>37</sup>, C. Gasquoinne<sup>38</sup>, C. Sánchez Rivera<sup>39</sup>, J. Filgueira Valverde<sup>40</sup>, P. Pedret<sup>41</sup>, A. Rodríguez<sup>42</sup>, M. Chamoso<sup>43</sup>, R. Otero<sup>44</sup>, R. Yzquiero Perrín<sup>45</sup>, V. Nodar<sup>46</sup>, I. Ruiz de la Peña<sup>47</sup> e G. Boto<sup>48</sup>.

Actualmente está situado no interior da igrexa, aos pés do ábside da epístola, antes da porta da sancristía. A cabeceira da sepultura, que contén o epitafio sepulcral, está perfilada con precisión para adaptarse aos chanzos da escaleira da sancristía, co texto epigráfico acomodado a esta circunstancia. A escritura das dúas inscricións, tanto a inscrición laudatoria situada no lateral esquerdo como o epitafio sepulcral na súa cabeceira, é carolina maiúscula. O texto tivo que ser redactado antes de pecharse dado que os cravos de ferro enchapados en chumbo que unen a sepultura coa lousa sepulcral fragmentaron o texto epigráfico previamente gravado<sup>49</sup>. A inscrición laudatoria está redactada en dúas liñas nun caixón escriturario<sup>50</sup>, con tres puntos como signo de interpunción (Figuras 8 e 9). O seu texto é o que segue<sup>51</sup>:



Fig. 7  
*Epitaphium sepulcrale* de Gómez González de Canabal, prior. 1504. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Igrexa, nave do evanxeo.  
*Epitaphium sepulcrale* de Gómez González de Canabal, prior. 1504. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Iglesia, nave del evangelio.

Del intervalo de tiempo comprendido entre el pontificado de Diego Xelmírez y Juan Arias, sólo se conoce un fragmento del epitafio de Pedro Suarez Deza –gracias a las referencias documentales<sup>27</sup>–, el texto del epitafio de Pedro Muñiz<sup>28</sup>, y el epitafio del sepulcro de Bernardo II.

Por todo esto, el sepulcro de Bernardo II es un referente en la historia del arte al ser incluido en la escuela del taller mateano<sup>29</sup> como lo son el sepulcro de Raimundo de Borgoña († 1107), Doña Berenguela Berenguer († 1149), Fernando II de León († 1188) y Alfonso VIII de León († 1230), pero en ninguna ocasión ha sido estudiado en base a su paleografía, laguna que con este trabajo pretendemos acabar.

El epígrafe del arzobispo Bernardo II ha sido aportado por la bibliografía compostelana siempre como fuente primaria documental desde J. M. Zepedano<sup>30</sup>, por V. de la Fuente<sup>31</sup>, F. Fita y A. Fernández-Guerra<sup>32</sup>, B. Barreiro de Vázquez Varela<sup>33</sup>, J. M. Fernández Sánchez y F. Freire Barreiro<sup>34</sup>, A. López Ferreiro<sup>35</sup>, J. Villa-amil y Castro<sup>36</sup>, A. Meakin<sup>37</sup>, C. Gasquoinne<sup>38</sup>, C. Sánchez Rivera<sup>39</sup>, J. Filgueira Valverde<sup>40</sup>, P. Pedret<sup>41</sup>, A. Rodríguez<sup>42</sup>, M. Chamoso<sup>43</sup>, R. Otero<sup>44</sup>, R. Yzquiero Perrín<sup>45</sup>, V. Nodar<sup>46</sup>, I. Ruiz de la Peña<sup>47</sup> y G. Boto<sup>48</sup>.

Actualmente está situado en el interior de la iglesia, a los pies del ábside de la epístola, antes de la puerta de la sacristía. La cabecera de la yacija, que contiene el epitafio sepulcral, esta perfilada con precisión para adaptarse a los escalones de la escalera de la sacristía, con el texto epigráfico acomodado a esta circunstancia. La escritura de las dos inscripciones, tanto la inscripción laudatoria situada en el lateral izquierdo de la yacija como el epitafio sepulcral en su cabecera, es carolina mayúscula. El texto tuvo que ser redactado antes de haberse cerrado dado que los clavos de hierro emplomado que unen la yacija con la losa sepulcral fragmentaron el texto epigráfico previamente grabado<sup>49</sup>. La inscripción laudatoria está redactada en dos líneas en un cajón escriturario<sup>50</sup>, con tres puntos como signo de interpunción (Figuras 8 y 9). Su texto es el que sigue<sup>51</sup>:





α†ω : T^RAXIT : AB : hAC : UITA : BERNALDUS : ME-  
TROPOLITA :  
POST : hOC : UILE : SOLVM : SCANDERE : POSSE :  
POLVM :  
{alfa † omega}. *Traxit ab hac vita Bernaldus metropolita.*  
*Post hoc vile solum, scandere posse polum*<sup>52</sup>.  
{principio † fin}. Pasou desta vida Bernardo, metropolitano.  
Despois deste vil chan, puido subir ao ceo.

Desde que V. de la Fuente apuntase que estaba redactado en hexámetros leoninos, todos os autores destacaron a súa calidade literaria, sen chegar a estudala<sup>53</sup>. Os versos pre-séntanse en dísticos elegíacos, forma métrica herdada da tradición clásica e moi empregada en epitafios medievais. O primeiro dístico ofrece unha estrutura clara: o hexáme-tro (*Traxit ab hac vita Bernaldus metropolita*) anuncia a morte do prelado, mentres o pentámetro (*Post hoc vile so-lum scandere posse polum*) contrapón a caducidade terreal coa esperanza do ascenso ao ceo, mediante un xogo de an-títeses (*vile solum / polum*).

Traxit ab | hac vi | ta Ber | nal dus | metropo | lita ~ ~ ~ |  
-- | -- | | -- | ~ ~ ~ | --  
Post hoc | vile<sup>54</sup> so | lum | scandere | posse | polum ~ ~ |  
~ ~ ~ | -- | | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --

Neste punto, remitímonos ao epígrafe desaparecido que se dispuña sobre a porta principal do priorato que recolleu Jerónimo del Hoyo<sup>55</sup>, cuxo estudo métrico é o seguinte:

Edifi | cauit i | ta Bern | arduS | Metropo | lita ~ ~ ~ | ~ ~ ~ |  
-- | | -- | ~ ~ ~ | --  
Sed Saris | egrotis | (et) reflebi | litate | remo (tis)<sup>56</sup> ~ ~ ~ |  
~ ~ ~ | ~ ~ ~ | | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --

α†ω: T^RAXIT : AB : hAC : UITA : BERNALDUS : METRO-  
POLITA :  
POST : hOC : UILE : SOLVM : SCANDERE : POSSE : POL-  
VM :  
{alfa † omega}. *Traxit ab hac vita Bernaldus metropolita.*  
*Post hoc vile solum, scandere posse polum*<sup>52</sup>.  
{principio † fin}. Pasó de esta vida Bernardo, metropolitano.  
Después de este vil suelo, pudo subir al cielo.

Desde que V. de la Fuente apuntase que estaba redactado en hexámetros leoninos, todos los autores han destacado su calidad literaria, sin llegar a estudiarla<sup>53</sup>. Los versos se pre-sentan en dísticos elegíacos, forma métrica heredada de la tradición clásica y muy empleada en epitafios medievales. El primer dístico ofrece una estructura clara: el hexámetro (*Traxit ab hac vita Bernaldus metropolita*) anuncia la muer-te del prelado, mientras el pentámetro (*Post hoc vile solum scandere posse polum*) contrapone la caducidad terrenal con la esperanza del ascenso al cielo, mediante un juego de anti-tesis (*vile solum / polum*).

Traxit ab | hac vi | ta Ber | nal dus | metropo | lita ~ ~ ~ |  
-- | -- | | -- | ~ ~ ~ | --  
Post hoc | vile<sup>54</sup> so | lum | scandere | posse | polum ~ ~ |  
~ ~ ~ | -- | | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --

En este punto, nos remitimos al epígrafe desaparecido que se disponía sobre la puerta principal del priorato que reco-gió Jerónimo del Hoyo<sup>55</sup>, cuyo estudio métrico es el siguiente:

Edifi | cauit i | ta Bern | arduS | Metropo | lita ~ ~ ~ | ~ ~ ~ |  
-- | | -- | ~ ~ ~ | --  
Sed Saris | egrotis | (et) reflebi | litate | remo (tis)<sup>56</sup> ~ ~ ~ |  
~ ~ ~ | ~ ~ ~ | | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --

Este segundo dístico resulta máis problemático desde o punto de vista métrico. O hexámetro inicial mantén a iden-tificación do defunto (*Edificavit ita Bernaldus metropolita*), pero o pentámetro posterior é de lectura escura e ofrece irregularidades léxicas. Este desequilibrio reflicte a perda de rigor cuantitativo na poesía epigráfica medieval, onde o esencial é o contido edificante: destacar a labor do arcebispo e subliñar a liberación das cargas da enfermidade terreal.

Estes dous dísticos elexíacos remítennos ao epitafio de Pe-dro Muñiz, predecesor de Bernardo II no arcebispado de Santiago, que se organiza en dous hexámetros dactílicos, aínda que con irregularidades propias do latín medieval. O primeiro verso (*Compostellanus praesul Petrus IIII fuis-ti*) presenta dificultade métrica pola inserción do numeral IIII, que rompe o ritmo clásico e revela a adaptación epi-gráfica do texto: máis pensado para a lectura visual que para a estricta escansión. En cambio, o segundo hexámetro (*Tē divina manus perducāt ad dexteram Xpisti*) axústase con maior regularidade e destaca polo seu ton solemne, con cesura tras *manus*. O dístico combina así a herdanza métrica antiga coa función cristiá medieval: identificar o finado e expresar a esperanza da súa salvación eterna xun-to a Cristo.

Compos | tella | nus pre | sul Petrus | <quartus> fu | isti ~ ~ | ~  
- | -- | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --  
Te di | vina ma | nus per | ducat ad | dexteram | Xpisti<sup>57</sup> ~  
- | ~ ~ ~ | -- | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --

A rima silábica nestes epitafios reforza a musicalidade e o carácter mnemotécnico do texto. Mentres o dístico de Pe-dro Muñiz amosa unha rima clara e buscada (fuisti / Xpisti), nos de Bernardo obsérvase máis ben unha tendencia á ca-dencia sonora que á rima perfecta, o cal é característico da lírica latina medieval, onde conviven o ritmo cuantitativo clásico coa rima silábica incipiente.

Este detalle fainos sospeitar que o sepulcro de Pedro Mu-ñiz sería semellante ao sepulcro de Bernardo II, con este texto en verso no lateral do sepulcro e co epitafio sepulcral na cabeceira: *Obiit Dns. Petrus Muniz archiepiscopus IIII, sub Era MCCLXII et IIII kalendas Februarias*<sup>58</sup>.

Non atopamos semellanzas destes poemas con textos clásicos, polo que podemos confirmar que tanto o epitafio laudatorio como o epígrafe perdido que conmemora a edi-ficación do hospital de Sar foron realizados polo mesmo Bernardo, persoa capacitada para controlar a métrica la-tina como así atesta a súa cuantiosa biblioteca<sup>59</sup>, o que evi-dencia ademais a boa saúde que gozou o latín en Galicia e León durante os séculos XII e XIII<sup>60</sup>.

A continuación, describimos os caracteres externos desta inscrición, como son o crismón, os nexos, letras superpos-tas e embutidas, abreviaturas e paleografía. A inscrición comeza cun crismón semellante ao do epitafio de Guicardo do 1169 en San Miguel de Escalada<sup>61</sup> e nexo TR en *Traxit* é o máis distintivo, documentándose na inscrición do tím-pano de San Pedro de Fóra do ano 1203<sup>62</sup> (Figuras 10 e 11),

Este segundo dístico resulta máis problemático desde el pun-to de vista métrico. El hexámetro inicial mantiene la iden-tificación del difunto (*Edificavit ita Bernaldus metropolita*), pero el pentámetro posterior es de lectura oscura y ofrece irregularidades léxicas. Este desequilibrio refleja la pérdida de rigor cuantitativo en la poesía epigráfica medieval, donde lo esencial es el contenido edificante: destacar la labor del arzobispo y subrayar la liberación de las cargas de la enfer-medad terrenal.

Estos dos dísticos elegíacos nos remiten al epitafio de Pedro Muñiz, predecesor de Bernardo II en el arzobispado de San-tiago, que se organiza en dos hexámetros dactílicos, aunque con irregularidades propias del latín medieval. El primer verso (*Compostellanus praesul Petrus IIII fuisti*) presenta di-ficultad métrica por la inserción del numeral IIII, que rompe el ritmo clásico y revela la adaptación epigráfica del texto: más pensado para la lectura visual que para la estricta es-cansión. En cambio, el segundo hexámetro (*Tē divina manus perducāt ad dexteram Xpisti*) se ajusta con mayor regulari-dad y destaca por su tono solemne, con cesura tras *manus*. El dístico combina así la herencia métrica antigua con la fun-ción cristiana medieval: identificar al difunto y expresar la esperanza de su salvación eterna junto a Cristo.

Compos | tella | nus pre | sul Petrus | <quartus> fu | isti ~ ~ | ~  
- | -- | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --  
Te di | vina ma | nus per | ducat ad | dexteram | Xpisti<sup>57</sup> ~ ~ ~ | ~ ~ ~  
~ | -- | ~ ~ ~ | ~ ~ ~ | --

La rima silábica en estos epitafios refuerza la musicalidad y el carácter mnemotécnico del texto. Mientras el dístico de Pe-dro Muñiz muestra una rima clara y buscada (fuisti / Xpisti), en los de Bernardo se observa más bien una tendencia a la cadencia sonora que a la rima perfecta, lo cual es caracte-rístico de la lírica latina medieval, donde conviven el ritmo cuantitativo clásico con la rima silábica incipiente.

Este detalle nos hace sospechar que el sepulcro de Pedro Muñiz sería similar al sepulcro de Bernardo II, con este texto en verso en el lateral del sepulcro y con el epitafio sepulcral en la cabecera: *Obiit Dns. Petrus Muniz archiepiscopus IIII, sub Era MCCLXII et IIII kalendas Februarias*<sup>58</sup>.

No hemos encontrado similitudes de estos poemas con tex-tos clásicos, por lo que podemos confirmar que tanto el epi-tafio laudatorio como el epígrafe perdido que conmemora la edificación del hospital de Sar fueron realizados por el mis-mo Bernardo, persona capacitada para controlar la métrica latina como así atestigua su cuantiosa biblioteca<sup>59</sup>, lo que evi-dencia además la buena salud que gozó el latín en Galicia y León durante los siglos XII y XIII<sup>60</sup>.

A continuación, describimos los caracteres externos de esta inscrición, como son el crismón, los nexos, letras super-puestas y embutidas, abreviaciones y paleografía. La inscrip-ción comienza con un crismón similar al del epitafio de Gui-cardo del 1169 en San Miguel de Escalada<sup>61</sup> y nexo TR en *Traxit* es el más distintivo, documentándose en la inscrición del tímpano de San Pedro de Fora del año 1203<sup>62</sup> (Figuras 10 y 11),



Figs. 8 · 9  
*Epitaphium sepulcrale* de Bernardo II, arcebispo de Santiago de Compostela. 1240. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Igrexa, nave da epístola.  
*Epitaphium sepulcrale* de Bernardo II, arzobispo de Santiago de Compostela. 1240. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Iglesia, nave de la epístola.







Fig. 12  
*Monumentum Aedificationes* da igrexa de Santa María Salomé. S. XII. Santiago de Compostela.  
*Monumentum Aedificationes* de la Iglesia de Santa María Salomé. S. XII. Santiago de Compostela.



Fig. 13  
*Consecratio* da catedral de Santiago de Compostela. 1211. Santiago de Compostela.  
*Consecratio* de la catedral de Santiago de Compostela. 1211. Santiago de Compostela.



Figs. 10 · 11  
*Monumentum Aedificationis* da igrexa de San Pedro de Fóra de Santiago de Compostela. 1203. Colección de Carles Cruanyes. Barcelona. Foto: Fundación Santa María La Real / J. Nuño.  
*Monumentum Aedificationis* de la iglesia de San Pedro de Fóra de Santiago de Compostela. 1203. Colección de Carles Cruanyes. Barcelona. Foto: Fundación Santa María La Real / J. Nuño.

na inscrición fundacional da igrexa de Santa María Salomé<sup>63</sup> (Figura 12) e nas inscricións consagratorias da Catedral de Santiago do ano 1211<sup>64</sup> (Figura 13). Nesta mesma palabra, a I está embutida no lado dereito da X. En *hac*, a A insírese sobre a h. En *vita*, a I sitúase no interior da U con valor consonántico. En *Bernaldus*, a N e a A reducen o seu tamaño á metade para ocupar un único espazo, situándose a N sobre a A. A D dispóñese sobre a L, ao igual que pasa coa I de *metropolita*, coa E de *vile* e coa V de *solum* e *polum*.

É no estudo dos caracteres carolinos onde se evidencia a filiación estilística co Pórtico da Gloria, coa cuxa inscrición comparte numerosas semellanzas, alternando caracteres maiúsculos e unciais segundo se requira maximizar o espazo escriturario, así como os diversos tipos de A, a B co óculo inferior de maior tamaño, a M e a N uncial e maiúscula, a O ovalada, a R co terceiro trazo curvo rematando en bucle, a U e a V, a X. A letra máis identificativa é a T, con trazo horizontal superior e dous trazos convexos cara á nosa esquerda e pechándose no bucle cara ao seu interior, que é herdeira directa da T *portalium*<sup>65</sup> redactada no lintel do lado do evanxeo do Pórtico da Gloria (Figuras 14 e 15).

Deste modo constátase a vinculación de Sar coa catedral de Santiago, non só no arquitectónico ou no estilístico senón tamén no escriturario, confirmando a través das súas particularidades paleográficas a súa vinculación directa co círculo artístico máis próximo do mestre Mateo.

Da inscrición da cabeceira, M. Chamoso Lamas apuntou que era máis moderna que a inscrición laudatoria<sup>66</sup>, opinión que tivo en consideración S. Moralejo para argumentar que o sepulcro fose labrado en vida do prelado, que a realización da inscrición da cabeceira non fose moi posterior e que a diversidade epigráfica puidese responder a

en la inscrición fundacional de la iglesia Santa María Salomé<sup>63</sup> (Figura 12) y en las inscripciones consecratorias de la catedral de Santiago del año 1211<sup>64</sup> (Figura 13). En esta misma palabra, la I está embutida en el lado derecho de la X. En *hac* la A se inserta sobre la h. En *vita* la I se sitúa en el interior de la U con valor consonántico. En *Bernaldus* la N y la A reducen su tamaño a la mitad para ocupar un único espacio, situándose la N sobre la A. La D se dispone sobre la L, al igual que pasa con la I de *metropolita*, con la E de *vile* y con la V de *solum* y *polum*.

Es en el estudio de los caracteres carolinos donde se evidencia la filiación estilística con el Pórtico de la Gloria, con cuya inscrición comparte numerosas similitudes, alternando caracteres capitales y unciales según se requiera maximizar el espacio escriturario, así como los diversos tipos de A, la B con el óculo inferior de mayor tamaño, la M y la N uncial y capital, la O ovalada, la R con el tercer trazo curvo con remate en bucle, la U y V, la X. La letra más identificativa es la T con trazo horizontal superior y dos trazos convexos hacia nuestra izquierda y cerrándose en el bucle hacia su interior que es heredera directa de la T *portalium*<sup>65</sup> redactada en el dintel del lado del evangelio del Pórtico de la Gloria (Figuras 14 y 15).

De este modo se constata la vinculación de Sar con la catedral de Santiago, no solo en lo arquitectónico o en lo estilístico sino también en lo escriturario, confirmando a través de sus particularidades paleográficas su vinculación directa con el círculo artístico más cercano del maestro Mateo.

De la inscrición de la cabecera M. Chamoso Lamas apuntó que era más moderna que la inscrición laudatoria<sup>66</sup>, opinión que tuvo en consideración S. Moralejo para argumentar que el sepulcro fuese labrado en vida del prelado, que la realización de la inscrición de la cabecera no fuese muy posterior y que la diversidad epigráfica podría responder a dos







Figs. 14 · 15  
*Monumentum Aedificationes* do Pórtico da Gloria. 1188. Santiago de Compostela.  
*Monumentum Aedificationes* del Pórtico de la Gloria. 1188. Santiago de Compostela.

dous lapicidas diferentes<sup>67</sup>. Ao respecto, debemos indicar que a fragmentación do texto na primeira inscrición confirma que o texto se redactou antes de usarse e pecharse definitivamente, ao igual que ocorre co epitafio sepulcral, polo que se descarta a teoría dunha realización posterior.

Este epígrafe sepulcral en escritura carolina maiúscula, en cinco liñas, usa os tres puntos como signo de interpunción<sup>68</sup> (Figura 15), presenta o seguinte texto.

hIC : IA^CET : DNS : B : 9P9  
TLLN9 : QONA^M : A^RCIh  
EPS : QI : OBIIT : XII  
KL : DCB : EA : I : CC :  
LXXVIII :

*Hic iacet Dominus Bernadus Conpustellanus quon  
<d>am archiepiscopus qui obiit XII kalendas decembris  
era ICC^LXXVIII.*

Aquí xace o señor Bernardo de Compostela, que foi arcebispo, que morreu o día 12 das calendas de decembro (20 de novembro) da era 1278 (ano 1240).

lapicidas diferentes<sup>67</sup>. Al respecto, debemos de indicar que la fragmentación del texto en la primera inscripción confirma que el texto se redactó antes de usarse y cerrarse definitivamente, al igual que ocurre con el epitafio sepulcral, por lo que se descarta la teoría de una posterior realización.

Este epígrafe sepulcral en escritura carolina mayúscula, en cinco líneas, usa los tres puntos como signo de interpunción<sup>68</sup> (Figura 15), presenta el siguiente texto.

hIC : IA^CET : DNS : B : 9P9  
TLLN9 : QONA^M : A^RCIh  
EPS : QI : OBIIT : XII  
KL : DCB : EA : I : CC :  
LXXVIII :

*Hic iacet Dominus Bernadus Conpustellanus quon<d>  
am archiepiscopus qui obiit XII kalendas decembris era  
ICC^LXXVIII.*

Aquí yace el señor Bernardo de Compostela, que fue arzobispo, que murió el día 12 de las calendas de diciembre (20 de noviembre) de la era 1278 (año 1240).

A maior problemática que se presenta nesta inscrición é a correcta lectura de *quonam* e a necesidade da súa corrección por *quondam* para o seu correcto sentido, entendendo que se trata dun erro no proceso da *ordinatio*. Por iso, entendemos a corrección que achegaron autores como Fita, Fernández Sánchez, López Ferreiro, Chamoso Lamas, Yzquierdo Perrín, Sánchez Sánchez ou Boto Varela, que na súa transcrición achegan a lectura de *quondam*, adverbio latino que significa “antigamente” ou “noutro tempo”, e traducen o texto como *antigo arcebispo* ou *que foi arcebispo*. O termo *quondam* utilízase comunmente para indicar o cargo que ostentou a persoa falecida, como no relicario dedicado a San Vicente realizado polo arcedián García no ano 1268<sup>69</sup>.

O signo xeral de abreviación, o trazo horizontal sobre as letras, documentase na N de DNS que desenvolve *Dominus*, se ben autores como R. Yzquierdo Perrín e G. Boto desenvolveron *Domnus*; sobre a B da primeira liña que desenvolve o nome do xacente, *Bernardus*; na segunda e terceira liña sobre a P de ARChEPS que abrevia por contracción *archiepiscopus*; na cuarta liña sobre a B de DCB que abrevia por contracción *decembris*.

O signo do semicolon carolino atópase nesta inscrición con valor de *con-* ao inicio da palabra e con valor de *-us*, documentándose ata tres veces en *conpustellanus*. En *archiepiscopus* A h presenta un trazo diagonal ascendente de esquerda a dereita que corta o seu trazo vertical. Na cuarta liña *kalendas* presenta un trazo diagonal que parte desde a metade do trazo vertical da L.

Como nexos atopamos o caso da AC de *iacet* que aproveita o segundo trazo diagonal da A que, engadindo un trazo horizontal na parte inferior, completa a C. Neste caso utiliza unha E uncial que permite, por ser máis ancha, embutir no seu interior unha T maiúscula. En *conpustelanus* a segunda L inscribe sobre a primeira e presenta un trazo horizontal que corta o seu trazo vertical con valor de abreviación por contracción, abreviando unha E e unha A<sup>70</sup>. Na segunda liña *quonam* presenta o nexo AM e non hai signo de abreviación para a D<sup>71</sup>.

Canto ás letras embutidas e superpostas, debemos indicar que na segunda liña a O inscríbese no interior da Q de *quonam*, abreviando a -U, ao igual que pasa na terceira liña coa I que se embute na Q de *qui*. As dúas I de *obiit* aproveitan un mesmo espazo escriturario, reducíndose cada unha á metade e situándose unha enriba da outra. Na cuarta liña, *Era* presenta a E e a A que reducen á metade do seu tamaño, abreviando a R.

O signo do semixugo sobre as centésimas é común na datación de documentos.

O elevado número de signos de abreviación, de nexos, letras inscritas e embutidas é un indicador do coidadoso traballo na *ordinatio*, previa á incisión dos caracteres, que debía adaptarse ao escaso espazo, á ruptura que presenta ao final da primeira liña e a salvar a adaptación do túmulo que se ubica sobre os chanzos de acceso á sancristía.

La mayor problemática que se plantea en esta inscripción es la correcta lectura de *quonam* y la necesidad de su corrección por *quondam* para su correcto sentido, entendiendo que es un error en el proceso de la *ordinatio*. Por lo tanto, entendemos la corrección que aportaron autores como Fita, Fernández Sánchez, López Ferreiro, Chamoso Lamas, Yzquierdo Perrín, Sánchez Sánchez o Boto Varela, que en su transcripción aportan la lectura de *quondam*, adverbio latino que significa “antiguamente” o “en otro tiempo”, y traducen el texto como *antiguo arzobispo* o *que fue arzobispo*. El termino *quondam* se utiliza comúnmente para indicar el cargo que ostentó la persona fallecida, como en el relicario dedicado a San Vicente realizado por el arcediano García en el año 1268<sup>69</sup>.

El signo general de abreviación, el trazo horizontal sobre las letras, se documenta en la N de DNS que desarrolla *Dominus*, si bien autores como R. Yzquierdo Perrín y G. Boto han desarrollado *Domnus*; sobre la B de la primera línea que desarrolla el nombre del yacente, *Bernardus*; en la segunda y tercera línea sobre la P de ARChEPS que abrevia por contracción *archiepiscopus*; en la cuarta línea sobre la B de DCB abrevia por contracción *decembris*.

El signo del semicolon carolino se encuentra en esta inscripción con valor de *con-* al inicio de palabra y con valor de *-us*, documentándose hasta tres veces en *conpustellanus*. En *archiepiscopus* la h presenta un trazo diagonal ascendente de izquierda a derecha que corta su trazo vertical. En la cuarta liña *kalendas* presenta un trazo diagonal que parte desde la mitad del trazo vertical de la L.












































Como nexos encontramos el caso de la AC de *iacet* que aprovecha el segundo trazo diagonal de la A que añadiendo un trazo horizontal en la parte inferior completa la C. En este caso utiliza una E uncial que permite, al ser más ancha, embutir en su interior una T capital. En *conpustelanus* la segunda L se inscribe sobre la primea y presenta un trazo horizontal que corta su travo vertical con valor de abreviación por contracción abreviando una E y una A<sup>70</sup>. En la segunda línea *quonam* presenta el nexa AM y no hay signo de abreviación para la D<sup>71</sup>.
















































En cuanto a las letras embutidas y superpuestas, debemos indicar que en la segunda línea la O se inscribe en el interior de la Q de *quonam*, abreviando la -U, al igual que pasa en la tercera línea con la I que se embute en la Q de *qui*. Las dos I de *obiit* aprovechan un mismo espacio escriturario, reduciéndose cada una a la mitad y situándose una encima de la otra. En la cuarta línea *Era* presenta la E y la A que reducen a la mitad de su tamaño, abreviando la R.

El signo del semiyugo sobre las centésimas es común en la datación de documentos.

El elevado número de signos de abreviación, de nexos, letras inscritas y embutidas es un indicador del cuidadoso trabajo en la *ordinatio*, previa a la incisión de los caracteres, que debía adaptarse al escaso espacio, a la ruptura que presenta al final de la primera línea y a solventar la adaptación del túmulo que se ubica sobre los escalones de acceso a la sacristía.



	Bernardo II Epitafio	Bernardo II Obituario	Pórtico da Gloria 1188 · Norte	Pórtico da Gloria 1188 · Sur	Bernardus Arie 1291
A					
B					
C					
D					
E					
F					
G					
H					
I					
K					
L					

	Bernardo II Epitafio	Bernardo II Obituario	Pórtico da Gloria 1188 · Norte	Pórtico da Gloria 1188 · Sur	Bernardus Arie 1291
M					
N					
O					
P					
Q					
R					
S					
T					
V					
X					
-us -com					
nexo AM					





En canto á súa paleografía, as súas letras tenden a ser máis cadradas fronte á verticalidade dos trazos do epitafio laudatorio. Outra peculiaridade é que neste epitafio a N uncial úsase fronte á maiúscula que se emprega no texto do lateral e, ao igual que os nexos, abreviaturas e letras inscritas, a elección das letras procura maximizar o espazo.

Na táboa de letras podemos comprobar as semellanzas que garda o sepulcro de Bernardo II coa inscrición do Pórtico da Gloria, así como o epitafio de Bernardo Arie con estes.

Respecto ao seu estudo diplomático, os *epitaphia sepulcralia* adoitan presentar un formulario rico e variado diplomaticamente, se ben este exemplo presenta as partes básicas, dado que o anterior epígrafe cumpre as funcións de *expositio*, faltando unha *apprecatio* no que se desexa o descanso eterno do defunto ou se pide unha oración, con frases como *requiescat in pace* u *orate pro eo*. Este caso comeza coa *notificatio -hic iacet-*, seguido da *intitulatio*, con expresión do nome do defunto e a *expositio* do seu cargo eclesiástico, que dalgunha maneira xustifica a publicación da súa memoria, seguido do verbo *obiit*, que é o verbo que anticipa a data da defunción, para a cal se usa o sistema de datación dos anos da Era Hispánica e, para os días, o calendario romano.

Podemos concluír o noso estudo —que procurou evidenciar a filiación paleográfica do sepulcro de Bernardo II co taller do Mestre Mateo, así como pretendeu restaurar no noso imaxinario o sepulcro orixinal do arcebispo Pedro Muñiz—, manifestando que o sepulcro de Bernardo II erixirase como un modelo prestixioso que se emulará na segunda metade do século XIII, como así se constata no sepulcro desaparecido de Fernando Pérez<sup>72</sup>, cóengo de Sar, († 1262), no sepulcro de Bernardo Arie<sup>73</sup>, cóengo compostelán († 1291, maio, 3) (Figura 16), e do prior Gonzalo Domínguez<sup>74</sup> († 1368) (Figura 17). Ao igual ocorre co sepulcro de Fernán Pérez de Oces<sup>75</sup> († 1287), cuxo sepulcro na igrexa de San Xoán de Ouces (Bergondo, A Coruña) é herdeiro tanto escultoricamente como epigráficamente do sepulcro do metropolitano.

Este modelo deixará de ter vixencia co paso do tempo, de modo que co sepulcro de Xoana de Castro († 1374) a inscrición trazarase con escritura gótica ao redor da base do xacente, percorrendo os catro lados do sepulcro. Este modelo evolucionará cara á escritura humanística co texto epigráfico nun só lado ao embutir o sepulcro nos muros das igrexas, como se constata no sepulcro de Gómez González de Canaval<sup>76</sup> († 1504).

Aínda ben, a tipoloxía sepulcral medieval se conservou ata os nosos días coa realización do sepulcro de Pedro Froilaz, Conde de Traba, no Panteón Real, obra historicista de Maximino Magariños do 1929<sup>77</sup>, de xeito que podemos confirmar que a influencia e o gusto da escola do mestre Mateo permanece ata os nosos días.

En cuanto a su paleografía sus letras tienden a ser más cuadradas frente a la verticalidad de los trazos del epitafio laudatorio. Otra peculiaridad es que en este epitafio se una la N uncial frente a la capital que se emplea en el texto del lateral y al igual que los nexos, abreviaturas y letras inscritas, la elección de las letras procura maximizar el espacio.

En la tabla de letras podemos comprobar las similitudes que guarda el sepulcro de Bernardo II con la inscrición del Pórtico de la Gloria, así como el epitafio de Bernardo Arie con estos.

Respecto a su estudio diplomático, los *epitaphia sepulcralia* suelen presentar un formulario rico y variado diplomáticamente, si bien este ejemplo presenta las partes básicas, dado que el anterior epígrafe cumple las funciones de *expositio*, faltando una *apprecatio* en el que se desea el eterno descanso del difunto o se pide una oración, con frases como *requiescat in pace* u *orate pro eo*. Este caso comienza con la *notificatio -hic iacet-*, seguido de la *intitulatio*, con expresión del nombre del difunto y la *expositio* de su cargo eclesiástico, que de alguna manera justifica la publicación de su memoria, seguido del verbo *obiit*, que es el verbo que anticipa la fecha de la defunción, para la que se usa el sistema de datación de los años de la Era hispánica y para los días el calendario romano.

Podemos concluir nuestro estudio —que ha procurado evidenciar la filiación paleográfica del sepulcro de Bernardo II con el taller del maestro Mateo, así como ha pretendido restaurar en nuestro imaginario el sepulcro original del arzobispo Pedro Muñiz—, manifestando que el sepulcro de Bernardo II se erigirá como un modelo prestigioso que se emulará en la segunda mitad del siglo XIII, como así se constata en el sepulcro desaparecido de Fernando Pérez<sup>72</sup>, canónigo de Sar, († 1262), en el sepulcro de Bernardo Arie<sup>73</sup>, canónigo compostelano († 1291, mayo, 3) (Figura 16), y del prior Gonzalo Domínguez<sup>74</sup> († 1368) (Figura 17). Al igual ocurre con el sepulcro de Fernán Pérez de Oces<sup>75</sup> († 1287), cuyo sepulcro en la iglesia de San Xoán de Ouces (Bergondo, A Coruña) es deudor tanto escultural como epigráficamente del sepulcro del metropolitano.

Este modelo dejará de tener vigencia con el transcurso del tiempo, de modo que con el sepulcro de Juana de Castro († 1374) la inscrición se trazará con escritura gótica en torno a la base del yacente, recorriendo los cuatro lados del sepulcro. Este modelo evolucionará a la escritura humanística con el texto epigráfico en un solo lado al embutir el sepulcro en los muros de las iglesias como se constata en el sepulcro de Gómez González de Canaval<sup>76</sup> († 1504).

Aún bien, la tipología sepulcral medieval se ha conservado hasta nuestros días con la realización del sepulcro de Pedro Froilaz, Conde de Traba, en el Panteón Real, obra historicista de Maximino Magariños del 1929<sup>77</sup>, de modo que podemos confirmar que el influjo y el gusto de la escuela del maestro Mateo permanece hasta nuestros días.



Fig. 16  
*Epitaphium sepulcrale* de Bernardo Arie, cóengo da catedral de Santiago de Compostela. 3 de maio de 1291. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Claustro, galería norte.

*Epitaphium sepulcrale* de Bernardo Arie, canónigo de la catedral de Santiago de Compostela. 3 de mayo de 1291, mayo. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Claustro, crujía norte.



Fig. 17  
*Epitaphium sepulcrale* de Gonzalo Domínguez, prior de Santa María de Sar. 1368. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Claustro, galería norte.  
*Epitaphium sepulcrale* de Gonzalo Domínguez, prior de Santa María de Sar, 1368. Santiago de Compostela. Santa María de Sar. Claustro, crujía norte.





## Notas

- 1

FALQUE REY, E.: “Las Etimologías, una enciclopedia para la Edad Media”, en *Boletín de la Real Academia Sevillana de Buenas Letras: Minervae Baeticae*, nº 52, 2024, p. 189-199.

FALQUE REY, E.: “Las Etimologías, una enciclopedia para la Edad Media”, en *Boletín de la Real academia Sevillana de Buenas Letras: Minervae Baeticae*, 52, 2024, p. 189-199.
- 2

A investigación inclúe un exame organoléptico detallado, documentación fotográfica en distintas condicións de iluminación, análise por microscopía dixital, probas de detección de humidade e avaliación de sales solubles e bio-colonizacións. As patoloxías identificadas están vinculadas tanto a factores intrínsecos do granito local como a condicións ambientais desfavorables, intervencións históricas non documentadas e procesos de biodeterioro.

Preséntase a proposta de intervención material acompañada dunha actuación museográfica destinada a mellorar a conservación do ben mediante o seu posible traslado a un espazo con condicións ambientais controladas e a súa correcta interpretación para o visitante, dentro do Museo da Colexiata. Finalmente, propónse medidas de conservación preventiva aliñadas coa normativa vixente e recomendacións internacionais (Lei 16/1985, Lei 5/2016, ICCROM, ICOM-CC e EN 15757) co fin de asegurar a súa preservación a longo prazo.

## A importancia de conservar o sepulcro de D. Bernardo II

Os sepulcros medievais non son unicamente elementos artísticos ou arqueolóxicos: son documentos históricos que falan do poder, das crenzas, da identidade e da memoria dunha comunidade. No caso do sepulcro de D. Bernardo II, o seu valor radica tanto na súa singularidade e cronoloxía vinculada ao románico tardío galego, como na súa asociación coa historia eclesiástica de Santiago de Compostela e a Colexiata de Sar, un dos fitos arquitectónicos máis singulares do Camiño de Santiago. Conservalo implica garantir que as futuras xeracións poidan comprender non só a súa materialidade, senón tamén o contexto cultural que lle deu sentido.

A restauración da peza garante a súa adecuada recuperación e preservación material. As condicións do emprazamento actual —ao carón do muro e en contacto directo coa humidade— constitúen factores de deterioro difíciles de controlar, ademais de limitar de maneira notable a súa visibilidade e valoración estética.

O traslado ao museo permitirá garantir unhas condicións óptimas de conservación preventiva, así como unha mellor accesibilidade visual e unha integración máis axeitada dentro do sistema expositivo do ben cultural.

El presente artículo expone el proceso de estudio, diagnóstico, propuesta de intervención y plan de conservación preventiva del sepulcro del arzobispo compostelano D. Bernardo II (†1240), ubicado en la Colegiata de Santa María de Sar (Santiago de Compostela, Galicia). Se aborda un análisis integral desde la perspectiva de la conservación–restauración de bienes culturales, combinando criterios de mínima intervención, compatibilidad de materiales, reversibilidad y respeto a la autenticidad del bien.

La investigación incluye un examen organoléptico detallado, documentación fotográfica en distintas condiciones de iluminación, análisis por microscopía digital, pruebas de detección de humedad y evaluación de sales solubles y bio-colonizaciones. Las patologías identificadas están vinculadas tanto a factores intrínsecos del granito local como a condiciones ambientales desfavorables, intervenciones históricas no documentadas y procesos de biodeterioro.

Se presenta la propuesta de intervención material acompañada de una actuación museográfica destinada a mejorar la conservación del bien mediante su posible traslado a un espacio con condiciones ambientales controladas y su correcta interpretación para el visitante, dentro del Museo de la Colegiata. Finalmente, se plantean medidas de conservación preventiva alineadas con normativa vigente y recomendaciones internacionales (Ley 16/1985, Ley 5/2016, ICCROM, ICOM-CC y EN 15757) con el fin de asegurar su preservación a largo plazo.

## La importancia de conservar el sepulcro de D. Bernardo II

Los sepulcros medievales no son únicamente elementos artísticos o arqueológicos: son documentos históricos que hablan del poder, las creencias, la identidad y la memoria de una comunidad. En el caso del sepulcro de D. Bernardo II, su valor radica tanto en su singularidad y cronología vinculada al románico tardío gallego, como en su asociación con la historia eclesiástica de Santiago de Compostela y la Colegiata de Sar, uno de los hitos arquitectónicos más singulares del Camino de Santiago. Conservarlo implica garantizar que futuras generaciones puedan comprender no solo su materialidad, sino también el contexto cultural que le dio sentido.

La restauración de la pieza garantiza su adecuada recuperación y preservación material. Las condiciones del emplazamiento actual —adyacente al muro y en contacto directo con la humedad— constituyen factores de deterioro difíciles de controlar, además de limitar significativamente su visibilidad y valoración estética.

El traslado al museo permitirá asegurar unas condiciones óptimas de conservación preventiva, así como una mejor accesibilidad visual y una integración más adecuada dentro del sistema expositivo del bien cultural.

## Introdución

A conservación e restauración do patrimonio cultural implica un compromiso ético e técnico orientado á transmisión dos valores materiais e inmateriais que encerra cada ben. Neste marco, o sepulcro de don Bernardo II, datado cara ao 1240 e conservado na Colexiata de Santa María de Sar, constitúe un exemplo paradigmático do románico tardío galego e do patrimonio funerario asociado ao Camiño de Santiago.

O monumento presenta alteracións derivadas do paso do tempo, das condicións ambientais propias da contorna de Sar e de intervencións non documentadas, factores que comprometen a súa integridade material e lexibilidade histórica. A pesar das alteracións observadas, o sepulcro presenta unha lexibilidade completa e un estado de conservación xeral aceptable, que permite a súa correcta interpretación formal e material.

Desenvolveuse un proxecto integral orientado a lograr un maior coñecemento do ben e dos factores que propiciaron as alteracións máis significativas, co obxectivo de definir un tratamento de restauración axeitado e garantir a súa preservación a longo prazo.

- O estudo técnico e material do sepulcro
- O diagnóstico de patoloxías e axentes de deterioro
- A definición de criterios e proposta de intervención
- A elaboración dun plan de conservación preventiva a longo prazo

O obxectivo deste traballo é presentar os resultados obtidos desde a perspectiva dun equipo profesional de conservación–restauración, ofrecendo un caso de referencia aplicable a bens pétreos de natureza e problemática similar.

## Descrición do Ben Cultural

O sepulcro de don Bernardo II é un conxunto funerario en granito local, formado por arca e tapa con efixie e elementos escultóricos propios do románico tardío (ca. 1240). Destaca pola súa relevancia histórica dentro da xerarquía eclesiástica compostelá e o seu valor artístico, enmarcándose nun momento de transición cara ás formas góticas.

Vinculado á Colexiata desde a súa orixe, hoxe consérvase no interior do templo. Con todo, é probable que esta non fose a súa localización orixinal, xa que ao longo do tempo experimentou traslados e relocalizacións motivados por transformacións arquitectónicas ou decisións funcionais.

Estes cambios de emprazamento afectaron tanto á percepción histórica do conxunto como ao seu estado de conservación, ao estar exposto a diferentes condicións ambientais e estruturais en cada localización.

## Introducción

La conservación y restauración del patrimonio cultural implica un compromiso ético y técnico orientado a la transmisión de los valores materiales e inmateriales que encierra cada bien. En este marco, el sepulcro de don Bernardo II, datado hacia 1240 y conservado en la Colegiata de Santa María de Sar, constituye un ejemplo paradigmático del románico tardío gallego y del patrimonio funerario asociado al Camino de Santiago.

El monumento presenta alteraciones derivadas del paso del tiempo, de las condiciones ambientales propias del entorno de Sar y de intervenciones no documentadas, factores que comprometen su integridad material y legibilidad histórica. A pesar de las alteraciones observadas, el sepulcro presenta una legibilidad completa y un estado de conservación general aceptable, que permite su correcta interpretación formal y material.

Se ha desarrollado un proyecto integral orientado a lograr un mayor conocimiento del bien y de los factores que han propiciado las alteraciones más significativas, con el objetivo de definir un tratamiento de restauración adecuado y garantizar su preservación a largo plazo.

- El estudio técnico y material del sepulcro
- El diagnóstico de patologías y agentes de deterioro
- La definición de criterios y propuesta de intervención
- La elaboración de un plan de conservación preventiva a largo plazo

El objetivo de este trabajo es presentar los resultados obtenidos desde la perspectiva de un equipo profesional de conservación–restauración, ofreciendo un caso de referencia aplicable a bienes pétreos de naturaleza y problemática similar.

## Descripción del Bien Cultural

El sepulcro de don Bernardo II es un conjunto funerario en granito local, formado por arca y tapa con efigie y elementos escultóricos propios del románico tardío (ca. 1240). Destaca por su relevancia histórica dentro de la jerarquía eclesiástica compostelana y su valor artístico, enmarcándose en un momento de transición hacia las formas góticas.

Vinculado a la Colegiata desde su origen, hoy se conserva en el interior del templo. Sin embargo, es probable que esta no fuera su ubicación original, ya que a lo largo del tiempo experimentó traslados y reubicaciones motivados por transformaciones arquitectónicas o decisiones funcionales.

Estos cambios de emplazamiento han afectado tanto a la percepción histórica del conjunto como a su estado de conservación, al haber estado expuesto a diferentes condiciones ambientales y estructurales en cada ubicación.



**Dimensións aproximadas:** (as medidas exactas foron rexistradas durante o levantamento métrico; inclúense aquí como referencia).  
**Dimensiones aproximadas:** (las medidas exactas fueron registradas durante el levantamiento métrico; se incluyen aquí como referencia).

Elemento	Lonxitude · Longitud (cm)	Anchura (cm)	Altura (cm)
Arca	~242 cm	~80,4 cm	~67 cm
Tapa	~241,5 cm	~78 cm	~22,3 cm

Fig 1  
Vista xeral do sepulcro na súa ubicación actual.  
Vista general del sepulcro en su ubicación actual.



## Metodoloxía de Estudo e Diagnóstico

A metodoloxía aplicada para definir o estado de conservación do ben e desenvolver unha proposta axeitada de conservación-restauración baséase nos protocolos e principios internacionais de conservación do patrimonio establecidos por organismos como o ICCROM e o ICOM-CC, así como nos criterios metodolóxicos específicos para a intervención en pedra histórica propostos por Esbert<sup>1</sup>.

Adoptouse un enfoque interdisciplinar que combinou a observación directa co emprego de técnicas instrumentais non invasoras, o que permitiu unha avaliación precisa dos materiais constitutivos, dos procesos de deterioro e das condicións ambientais que inciden no monumento.

### Exame organoléptico

O exame macroscópico sistemático do sepulcro, realizado mediante observación directa, iluminación rasante e fontes de luz controlada con distintos ángulos de incidencia, permitiu caracterizar *in situ* as patoloxías visibles e os trazos de alteración superficial. Durante esta fase rexistráronse de forma diferenciada os depósitos superficiais, manchas, codias de alteración, microfendas, colonizacións biolóxicas e as pegadas materiais de intervencións anteriores, o que posibilitou unha primeira lectura diagnóstica do estado de conservación do conxunto.

## Metodología de Estudio y Diagnóstico

La metodología aplicada para definir el estado de conservación del bien y desarrollar una propuesta adecuada de conservación-restauración se basó en los protocolos y principios internacionales de conservación del patrimonio establecidos por organismos como el ICCROM y el ICOM-CC, así como en los criterios metodológicos específicos para la intervención en piedra histórica propuestos por Esbert<sup>1</sup>.

Se adoptó un enfoque interdisciplinar que combinó la observación directa con el empleo de técnicas instrumentales no invasivas, lo que permitió una evaluación precisa de los materiales constitutivos, los procesos de deterioro y las condiciones ambientales que inciden en el monumento.

### Examen organoléptico

El examen macroscópico sistemático del sepulcro, realizado mediante observación directa, iluminación rasante y fuentes de luz controlada con distintos ángulos de incidencia, permitió caracterizar *in situ* las patologías visibles y los rasgos de alteración superficial. Durante esta fase se registraron de forma diferenciada los depósitos superficiales, manchas, costras de alteración, microfisuras, colonizaciones biológicas y las huellas materiales de intervenciones anteriores, lo que posibilitó una primera lectura diagnóstica del estado de conservación del conjunto.



Fig 2  
Detalle de alteracións perceptibles baixo luz rasante.  
Detalle de alteraciones perceptibles bajo luz rasante.





Documentación fotográfica e cartografía do deterioro

Realizouse un rexistro fotográfico sistemático e completo do sepulcro empregando iluminación natural controlada, luz rasante e radiación ultravioleta (UV), co fin de documentar a morfoloxía superficial, detectar heteroxeneidades, residuos de tratamentos previos e compostos fluorescentes indicativos de intervencións antigas. O proceso levouse a cabo seguindo protocolos de documentación comparativa nas fases de preintervención.

De forma complementaria, elaborouse un mapa de patoloxías mediante a identificación, clasificación das alteracións sobre imaxes do ben. Este recurso permitiu localizar, cuantificar e analizar a distribución e evolución das distintas patoloxías, facilitando a interpretación dos mecanismos de deterioro e a súa relación con factores intrínsecos, ambientais e antrópicos.

Documentación fotográfica y cartografía del deterioro

Se realizó un registro fotográfico sistemático y completo del sepulcro empleando iluminación natural controlada, luz rasante y radiación ultravioleta (UV), con el fin de documentar la morfología superficial, detectar heterogeneidades, residuos de tratamientos previos y compuestos fluorescentes indicativos de intervenciones antiguas. El proceso se llevó a cabo siguiendo protocolos de documentación comparativa en las fases de preintervención.

De forma complementaria, se elaboró un mapa de patologías mediante la identificación, clasificación de las alteraciones sobre imágenes del bien. Este recurso permitió localizar, cuantificar y analizar la distribución y evolución de las distintas patologías, facilitando la interpretación de los mecanismos de deterioro y su relación con factores intrínsecos, ambientales y antrópicos.




Fig 3  
Mapa de patoloxías. Esquema preliminar.  
Mapa de patologías. Esquema preliminar.



Fig 4  
Microfotografía de superficie con desagregación granular.  
Microfotografía de superficie con desagregación granular.

Microscopía dixital

A microscopía dixital de alta resolución, con aumentos de 50×, 200× e 1000×, aplicada sobre áreas representativas afectadas por desagregación mineral, biocolonización e depósitos consolidados, permitiu caracterizar a morfoloxía superficial e detectar alteracións microestruturais non apreciables a simple vista.

Identificáronse microfendas intra e intergranulares, así como perda de cohesión mineral asociada aos ciclos higratérmicos e aos procesos de fatiga mecánica do soporte pétreo. Así mesmo, constatouse a presenza de estruturas biolóxicas —hifas, talos e biofilm— xunto con matrices orgánicas adheridas ao substrato, o que evidencia actividade bioxeoquímica e fenómenos de erosión selectiva na matriz cristalina.

Análise de humidade e comportamento higroscópico

Efectuáronse medicións puntuais e comparativas de humidade mediante protímetro de resistencia/impedancia, co obxectivo de avaliar a humidade superficial e subsuperficial, detectar zonas de acumulación ou filtracións, valorar o risco de biodeterioro, a presenza de eflorescencias salinas ou alteracións por disolución activa, así como determinar a eficacia dos tratamentos de consolidación e de control ambiental a aplicar.

Os rexistros evidenciaron variacións significativas entre distintos sectores do sepulcro e elementos construtivos próximos. Os valores obtidos puxeron de manifesto a presenza de humidade activa no soporte pétreo, así como gradientes de humidade compatibles con fenómenos de ascenso capilar e posibles transferencias hídricas desde muros e pavimentos próximos.

Estes datos permitiron correlacionar a distribución de humidade coa aparición de patoloxías asociadas —tales como cristalización salina, biodeterioro e perda de cohesión do material—, reforzando a interpretación do comportamento higratérmico do conxunto.

Microscopía digital

La microscopía digital de alta resolución, con aumentos de 50×, 200× y 1000×, aplicada sobre áreas representativas afectadas por desagregación mineral, biocolonización y depósitos consolidados, permitió caracterizar la morfología superficial y detectar alteraciones microestructurales no apreciables a simple vista.

Se identificaron microfisuras intra e intergranulares, así como pérdida de cohesión mineral asociada a los ciclos higratérmicos y a procesos de fatiga mecánica del soporte pétreo. Asimismo, se constató la presencia de estructuras biológicas —hifas, talos y biofilm— junto con matrices orgánicas adheridas al sustrato, lo que evidencia actividad biogeoquímica y fenómenos de erosión selectiva en la matriz cristalina.

Análisis de humedad y comportamiento higroscópico

Se efectuaron mediciones puntuales y comparativas de humedad mediante protímetro de resistencia/impedancia, con el objetivo de evaluar la humedad superficial y subsuperficial, detectar zonas de acumulación o filtraciones, valorar el riesgo de biodeterioro, la presencia de eflorescencias salinas o alteraciones por disolución activa, así como determinar la eficacia de los tratamientos de consolidación y de control ambiental a aplicar.

Los registros evidenciaron variaciones significativas entre distintos sectores del sepulcro y elementos constructivos próximos. Los valores obtenidos pusieron de manifesto la presencia de humedad activa en el soporte pétreo, así como gradientes de humedad compatibles con fenómenos de ascenso capilar y posibles transferencias hídricas desde muros y pavimentos adyacentes.

Estos datos permitieron correlacionar la distribución de humedad con la aparición de patologías asociadas —tales como cristalización salina, biodeterioro y pérdida de cohesión del material—, reforzando la interpretación del comportamiento higratérmico del conjunto.






Fig 5  
Lecturas de humidade en arca, tapa e muro .  
Lecturas de humedad en arca, tapa y muro.

### Identificación de sales e biocolonización

A observación macroscópica e a análise puntual permitiron identificar a presenza de efflorescencias e subflorescencias salinas asociadas a procesos de migración de humidade por capilaridade e á utilización de morteiros incompatibles respecto do soporte pétreo orixinal. As efflorescencias —cristalizacións salinas depositadas en superficie— evidencian ciclos de disolución-cristalización, mentres que as subflorescencias xeran acumulacións salinas no interior da matriz porosa do granito, ocasionando tensións internas que favorecen a desagregación granular e a microfendura do soporte.

A humidade ascendente actúa como vehículo de sales, principalmente nitratos, sulfatos e cloruros, cuxa cristalización reiterada baixo fluctuacións higrótérmicas produce fatiga mecánica do material pétreo. Ademais, constatouse a presenza de biocolonización activa, composta por algas, liques e microorganismos (bacterias e fungos), cuxa acción bioxeoquímica induce procesos de biodeterioro mediante a secreción de ácidos orgánicos e retención de humidade. Este desenvolvemento biolóxico vese favorecido por condicións ambientais de humidade relativa elevada e baixa ventilación, así como pola incidencia de luz natural que favorece a proliferación de organismos fototróficos. No seu conxunto, estes factores reforzan un proceso de alteración activo que compromete a estabilidade e a durabilidade do material pétreo.

### Causas do deterioro

A identificación precisa dos axentes e mecanismos de alteración constitúe un requisito esencial para a definición de estratexias de conservación–restauración axeitadas, en consonancia cos principios de mínima intervención e compatibilidade de materiais<sup>2</sup>. O diagnóstico integral realizado permitiu determinar que o deterioro do sepulcro responde á acción combinada de factores intrínsecos do material e condicións externas vinculadas tanto ao contorno ambiental como a intervencións históricas e ao uso antrópico do ben. A interacción destes elementos xera un proceso de alteración progresiva que afecta á estabilidade físico–mecánica do granito e compromete a correcta percepción e conservación do conxunto a medio e longo prazo<sup>3</sup>.

O diagnóstico integral permitiu determinar que o deterioro do sepulcro é o resultado da acción sinérxica de ambos factores. Entre os factores intrínsecos destacan as propiedades petrográficas do granito —incluíndo a súa heteroxeidade mineralóxica, porosidade intergranular e anisotropía— que condicionan a súa resposta fronte aos ciclos higrótérmicos e aos procesos de alteración físico–química. Así mesmo, identificáronse condicións ambientais específicas do contorno da Colexiata de Santa María de Sar, caracterizadas por episodios de humidade relativa elevada, ventilación reducida e fluctuacións microclimáticas, que favorecen fenómenos de condensación, cristalización salina e desenvolvemento de biocolonización.

### Identificación de sales y biocolonización

La observación macroscópica y el análisis puntual permitieron identificar la presencia de efflorescencias y subflorescencias salinas asociadas a procesos de migración de humedad por capilaridad y a la utilización de morteros incompatibles respecto al soporte pétreo original. Las efflorescencias —cristalizaciones salinas depositadas en superficie— evidencian ciclos de disolución-cristalización, mientras que las subflorescencias generan acumulaciones salinas en el interior de la matriz porosa del granito, ocasionando tensiones internas que favorecen la desagregación granular y la microfisuración del soporte.

La humedad ascendente actúa como vehículo de sales, principalmente nitratos, sulfatos y cloruros, cuya cristalización reiterada bajo fluctuaciones higrótérmicas produce fatiga mecánica del material pétreo. Además, se constató la presencia de biocolonización activa, compuesta por algas, líquenes y microorganismos (bacterias y hongos), cuya acción biogeoquímica induce procesos de biodeterioro mediante la secreción de ácidos orgánicos y retención de humedad. Este desarrollo biológico se ve favorecido por condiciones ambientales de humedad relativa elevada y baja ventilación, así como por la incidencia de luz natural que favorece la proliferación de organismos fototróficos. En conjunto, estos factores refuerzan un proceso de alteración activo que compromete la estabilidad y la durabilidad del material pétreo.

### Causas de deterioro

La identificación precisa de los agentes y mecanismos de alteración constituye un requisito esencial para la definición de estrategias de conservación–restauración adecuadas, en consonancia con los principios de mínima intervención y compatibilidad material<sup>2</sup>. El diagnóstico integral realizado permitió determinar que el deterioro del sepulcro responde a la acción combinada de factores intrínsecos del material y condiciones externas vinculadas tanto al entorno ambiental como a intervenciones históricas y al uso antrópico del bien. La interacción de estos elementos genera un proceso de alteración progresiva que afecta a la estabilidad físico–mecánica del granito y compromete la correcta percepción y conservación del conjunto a medio y largo plazo<sup>3</sup>.

El diagnóstico integral permitió determinar que el deterioro del sepulcro es el resultado de la acción sinérgica de ambos factores. Entre los factores intrínsecos destacan las propiedades petrográficas del granito —incluyendo su heterogeneidad mineralógica, porosidad intergranular y anisotropía— que condicionan su respuesta frente a los ciclos higrótérmicos y los procesos de alteración físico–química. Asimismo, se identificaron condiciones ambientales específicas del entorno de la Colegiata de Santa María de Sar, caracterizadas por episodios de humedad relativa elevada, ventilación reducida y fluctuaciones microclimáticas, que favorecen fenómenos de condensación, cristalización salina y desarrollo de biocolonización.



Fig 6  
Biodeterioro, detalle e microfotografía realizada.  
Biodeterioro, detalle y microfotografía realizada.





A estes procesos súmanse os efectos derivados de intervencións históricas non documentadas, nas que se aplicaron materiais alleos ao comportamento higrotérmico do granito —tales como morteiros incompatibles, produtos hidrofugantes ou ceras—, xerando tensións internas e alteracións na permeabilidade do soporte. Finalmente, constatouse a presenza de axentes de biodeterioro activos (algas, líques, bacterias e fungos) cuxa actividade bioxeoquímica contribúe a acelerar os mecanismos de alteración superficial e estrutural do material pétreo. A interacción acumulada destes factores compromete tanto a estabilidade física do sepulcro como a súa lectura formal e conservación a longo prazo.

### Variables intrínsecas que inciden na alteración do granito

O granito empregado como soporte ou material escultórico do sepulcro presenta unha composición mineralóxica heteroxénea e anisótropa, integrada fundamentalmente por cuarzo, feldespatos potásicos e plaxioclasas, xunto con proporcións variables de micas como biotita e moscovita. Esta heteroxeneidade petrográfica implica diferenzas nos coeficientes de dilatación térmica, na resposta higroscópica e no comportamento mecánico dos distintos minerais, o que xera tensións intragranulares e intergranulares fronte aos ciclos higrotérmicos habituais neste tipo de contornos. A medio prazo, estas tensións favorecen a aparición de microfenduras progresivas, perda de cohesión cristalina e desagregación granular do soporte pétreo.

A presenza de minerais ferromagnesianos, especialmente biotita, constitúe un factor adicional de vulnerabilidade debido á súa propensión a procesos de oxidación e meteorización química. A transformación destes minerais conleva a formación de compostos férricos hidratados visibles como manchas pardas ou laranxas, que alteran a uniformidade cromática do material. Esta ferruginización, xunto coa desestabilización dos silicatos escuros, contribúe á perda de cohesión superficial e, en consecuencia, á redución da estabilidade físico–mecánica do granito a medio e longo prazo.

### Condicións ambientais e biodeterioro asociado

O contorno microclimático da Colexiata de Santa María de Sar constitúe un dos factores externos máis determinantes na alteración do sepulcro. A súa proximidade a beira do río Sar, unido a escasa ventilación interior e o limitado intercambio higrotérmico do edificio, xera un microclima húmido e pouco renovado que eleva a humidade de equilibrio do granito e favorece procesos de condensación superficial e subsuperficial. O sepulcro, adosado directamente a un muro perimetral da igrexa, presenta evidencias de humidades activas no seu contorno inmediato. Estas condicións, mantidas de forma prolongada, propician a

A estos procesos se suman los efectos derivados de intervenciones históricas no documentadas, en las que se aplicaron materiales ajenos al comportamiento higrotérmico del granito —tales como morteros incompatibles, productos hidrofugantes o ceras—, generando tensiones internas y alteraciones en la permeabilidad del soporte. Finalmente, se constató la presencia de agentes de biodeterioro activos (algas, líquenes, bacterias y hongos) cuya actividad biogeoquímica contribuye a acelerar los mecanismos de alteración superficial y estructural del material pétreo. La interacción acumulada de estos factores compromete tanto la estabilidad física del sepulcro como su lectura formal y conservación a largo plazo.

### Variables intrínsecas que inciden en la alteración del granito

El granito empleado como soporte o material escultórico del sepulcro presenta una composición mineralógica heterogénea y anisótropa, integrada fundamentalmente por cuarzo, feldespatos potásicos y plagioclasas, junto con proporciones variables de micas como biotita y moscovita. Esta heterogeneidad petrográfica implica diferencias en los coeficientes de dilatación térmica, en la respuesta higroscópica y en el comportamiento mecánico de los distintos minerales, lo que genera tensiones intragranulares e intergranulares frente a los ciclos higrotérmicos habituales en este tipo de entornos. A medio plazo, estas tensiones favorecen la aparición de microfisuración progresiva, pérdida de cohesión cristalina y desagregación granular del soporte pétreo.

La presencia de minerales ferromagnesianos, especialmente biotita, constituye un factor adicional de vulnerabilidad debido a su propensión a procesos de oxidación y meteorización química. La transformación de estos minerales conlleva la formación de compuestos férricos hidratados visibles como manchas pardas o anaranjadas, que alteran la uniformidad cromática del material. Esta ferruginización, unida a la desestabilización de los silicatos oscuros, contribuye a la pérdida de cohesión superficial y, en consecuencia, a una reducción de la estabilidad físico–mecánica del granito a medio y largo plazo.

### Condiciones ambientales y biodeterioro asociado

El entorno microclimático de la Colegiata de Santa María de Sar constituye uno de los factores externos más determinantes en la alteración del sepulcro. Su proximidad al cauce del río Sar, unida a la escasa ventilación interior y al limitado intercambio higrotérmico del edificio, genera un microclima húmedo y poco renovado que eleva la humedad de equilibrio del granito y favorece procesos de condensación superficial y subsuperficial. El sepulcro, adosado directamente a un muro perimetral de la iglesia, presenta evidencias de humedades activas en su entorno inmediato. Estas condiciones, mantenidas de forma prolongada, propician la movilización,

movilización, transporte e cristalización de sales solubles dentro da matriz porosa do material, desencadeando ciclos reiterados de disolución e recristalización que aceleran a súa degradación.

A persistencia de niveis elevados de humidade relativa —con valores frecuentemente superiores aos rangos recomendados para a conservación preventiva de materiais pétreos— favorece a formación tanto de eflorescencias como de subflorescencias. As primeiras xeran depósitos salinos en superficie, mentres que as segundas orixinan cristalizacións internas que inducen tensións expansivas no interior da pedra, con efectos directos sobre a súa cohesión e estabilidade estrutural. A isto súmanse as fluctuacións higrotérmicas fóra dos límites de variación histórica do material, que contribúen a procesos de fatiga mecánica do entramado cristalino, intensificando a microfendura e a perda de cohesión intergranular.

Nestas condicións, o ambiente favorece o establecemento e proliferación de comunidades biolóxicas sobre o soporte pétreo. A presenza constatada de algas, líques, bacterias e fungos, cunha actividade biolóxica que inflúe de forma directa os procesos de alteración do soporte pétreo, esixe unha análise microbiolóxica detallada e a aplicación dun tratamento biocida controlado na fase de restauración.

As algas e cianobacterias forman biopelículas que retén a humidade e actúan como substrato para novas colonizacións, mentres que os fungos e líques producen ácidos orgánicos e metabolitos quelantes capaces de disolver e lixiviar cationes esenciais do entramado mineral. A penetración de hifas e talos na pedra xera ademais tensións mecánicas que agravan a descohesión superficial e a microfendura do granito, potenciando a alteración iniciada polos procesos fisicoquímicos.

No seu conxunto, a interacción entre factores ambientais e biodeterioro configura un proceso de retroalimentación que intensifica progresivamente a degradación do sepulcro, combinando mecanismos fisicoquímicos e bioxeoquímicos que comprometen tanto a estabilidade material como a integridade estética e patrimonial do ben.

#### Intervencións previas inadecuadas

O exame do sepulcro revelou evidencias de intervencións históricas non documentadas que repercutiron negativamente no comportamento material do granito e na súa evolución higrotérmica. Identificáronse residuos de ceras, produtos hidrófugos e revestimentos impermeabilizantes, así como morteiros de reparación incompatibles e a presenza de elementos metálicos inseridos na pedra. A aplicación de ceras, siliconas, resinas sintéticas ou compostos parafinados xerou películas hidrófobas que obstrúen a porosidade capilar do soporte, reducen a súa capacidade de intercambio vapor–auga e alteran o seu comportamento higroscópico, dificultando os procesos naturais de secado

transporte y cristalización de sales solubles dentro de la matriz porosa del material, desencadenando ciclos reiterados de disolución y recristalización que aceleran su degradación.

La persistencia de niveles elevados de humedad relativa —con valores frecuentemente superiores a los rangos recomendados para la conservación preventiva de materiales pétreos— favorece la formación tanto de eflorescencias como de subflorescencias. Las primeras generan depósitos salinos en superficie, mientras que las segundas originan cristalizaciones internas que inducen tensiones expansivas en el interior de la piedra, con efectos directos sobre su cohesión y estabilidad estructural. A ello se suman las fluctuaciones higrotérmicas fuera de los límites de variación histórica del material, que contribuyen a procesos de fatiga mecánica del entramado cristalino, intensificando la microfisuración y la pérdida de cohesión intergranular.

En estas condiciones, el ambiente favorece el establecimiento y proliferación de comunidades biológicas sobre el soporte pétreo. La presencia constatada de algas, líquenes, bacterias y hongos, con una actividad biológica que influye de forma directa en los procesos de alteración del soporte pétreo, exige un análisis microbiológico detallado y la aplicación de un tratamiento biocida controlado en la fase de restauración.

Las algas y cianobacterias forman biopelículas que retienen humedad y actúan como sustrato para nuevas colonizaciones, mientras que los hongos y líquenes producen ácidos orgánicos y metabolitos quelantes capaces de disolver y lixiviar cationes esenciales del entramado mineral. La penetración de hifas y talos en la piedra genera además tensiones mecánicas que agravan la descohesión superficial y la microfisuración del granito, potenciando la alteración iniciada por los procesos fisicoquímicos.

En conjunto, la interacción entre factores ambientales y biodeterioro configura un proceso de retroalimentación que intensifica progresivamente la degradación del sepulcro, combinando mecanismos fisicoquímicos y biogeoquímicos que comprometen tanto la estabilidad material como la integridad estética y patrimonial del bien.

#### Intervenciones previas inadecuadas

El examen del sepulcro reveló evidencias de intervenciones históricas no documentadas que han repercutido negativamente en el comportamiento material del granito y en su evolución higrotérmica. Se identificaron residuos de ceras, productos hidrofugantes y recubrimientos impermeabilizantes, así como morteros de reparación incompatibles y la presencia de elementos metálicos insertos en la piedra. La aplicación de ceras, siliconas, resinas sintéticas o compostos parafinados ha generado películas hidrófobas que obstruyen la porosidad capilar del soporte, reducen su capacidad de intercambio vapor–agua y alteran su comportamiento higroscópico, dificultando los procesos naturales de secado y favoreciendo la retención de humedad en





e favorecendo a retención de humidade en determinadas zonas. Os materiais de ferro incrustados no granito xeran procesos de deterioro irreversibles, que se manifestan tanto en forma de manchas ferruginosas producidas pola oxidación do metal en condicións de humidade, como en fendas e desprendementos orixinados polos cambios volumétricos asociados á expansión do óxido durante o proceso de corrosión. Estes efectos comprometen a cohesión interna da pedra e aceleran a súa degradación estrutural.

Doutra banda, os morteiros alleos ao sistema orixinal —habitualmente de base cementosa ou cun módulo elástico e coeficiente de dilatación térmica superiores aos do granito— ocasionaron tensións mecánicas diferenciais na interface pedra–morteiro. Estas incompatibilidades derivaron en microfendas periféricas, perda de adherencia e desprendemento parcial dos materiais engadidos. Así mesmo, constatouse a existencia de elementos metálicos inseridos, susceptibles a procesos de corrosión, cuxa expansión volumétrica xera presións internas que favorecen a fracturación do soporte e a desagregación mecánica do material circundante. Tal como sinala a teoría da restauración, a introdución de materiais alleos e non reversibles altera o equilibrio físico–químico do ben e compromete a súa conservación futura.

Estas intervencións, executadas con criterios non compatibles cos principios contemporáneos de conservación, modificaron de forma significativa o comportamento do material fronte á humidade, á transpiración e aos esforzos mecánicos, converténdose en factores de risco que amplifican a vulnerabilidade do sepulcro a outros axentes de deterioro.

determinadas zonas. Los materiales de hierro incrustados en el granito generan procesos de deterioro irreversibles, que se manifiestan tanto en forma de manchas ferruginosas producidas por la oxidación del metal en condiciones de humedad, como en fisuras y desprendimientos originados por los cambios volumétricos asociados a la expansión del óxido durante el proceso de corrosión. Estos efectos comprometen la cohesión interna de la piedra y aceleran su degradación estructural.

Por otro lado, los morteros ajenos al sistema original —habitualmente de base cementosa o con un módulo elástico y coeficiente de dilatación térmica superiores a los del granito— han ocasionado tensiones mecánicas diferenciales en la interfaz piedra–mortero. Estas incompatibilidades han derivado en fisuración periférica, pérdida de adherencia y desprendimiento parcial de los materiales añadidos. Asimismo, se constató la existencia de elementos metálicos insertos, susceptibles a procesos de corrosión, cuya expansión volumétrica genera presiones internas que favorecen la fracturación del soporte y la disgregación mecánica del material circundante. Tal como señala la teoría de la restauración<sup>4</sup> la introducción de materiales ajenos y no reversibles altera el equilibrio físico–químico del bien y compromete su conservación futura.

Estas intervenciones, ejecutadas con criterios no compatibles con los principios contemporáneos de conservación<sup>5</sup> han modificado de forma significativa el comportamiento del material frente a la humedad, la transpiración y los esfuerzos mecánicos, convirtiéndose en factores de riesgo que amplifican la vulnerabilidad del sepulcro a otros agentes de deterioro.



Fig 7  
Detalle de degradación en zona de morteiros engadidos.

Detalle de degradación en zona de morteros añadidos.

## Axentes antrópicos

A interacción directa dos visitantes co sepulcro constitúe un factor de deterioro adicional que, aínda que de menor escala material que os procesos fisicoquímicos e biolóxicos, resulta acumulativo e claramente identificable. Documentáronse contactos táctiles reiterados, apoios accidentais, deposición de ofrendas e transferencia de compostos graxos e sucidade derivados da manipulación. Esta interacción favoreceu a acumulación de depósitos superficiais de natureza lipídica e particulada, compostos por ácidos graxos, suor, restos epidérmicos e partículas ambientais adheridas. Estas sustancias forman películas alterantes que modifican a tensión superficial e a mollabilidade do granito, dificultando os procesos de transpiración do material e facilitando a adhesión de po e contaminantes atmosféricos.

A fricción xerada polo contacto humano, aínda de baixa intensidade, actúa como axente abrasivo de acción continuada, con efectos visibles no desgaste de puntos sobresalientes e zonas de maior accesibilidade. Este roce repetido produce perda de microrelevo e atenuación da definición volumétrica e formal do sepulcro, con consecuencias directas sobre a súa percepción estética e a súa lectura iconográfica. Aínda que estes danos son a miúdo percibidos como menores, o seu carácter progresivo e a súa concentración en áreas sensibles convérteos nun axente de alteración relevante, especialmente en contextos patrimoniais con elevada afluencia de público.

Doutra banda, os traslados e relocalizacións que o sepulcro experimentou ao longo do tempo, xunto coas antigas fases de desmontaxe e montaxe, representan un factor adicional de risco para a súa integridade. Estas intervencións, dadas as dimensións e o peso dos bloques que conforman o monumento, así como a dificultade inherente á súa manipulación, ocasionaron impactos mecánicos, fendas e perdas de material que afectan tanto á estabilidade estrutural como á lectura formal do conxunto.

## Criterios de Intervención

Os criterios adoptados fundamentáronse na Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e nas recomendacións internacionais do ICCROM e ICOM-CC. Durante o proceso restaurativo deberán aplicarse os principios de mínima intervención, reversibilidade, compatibilidade de materiais, discernibilidade e respecto á autenticidade do ben.

A intervención debe asegurar a estabilidade material do sepulcro, mellorar a súa lexibilidade formal, garantir unha adecuada comprensión por parte do público e minimizar futuros procesos de deterioro.

Os criterios de intervención priorizarán a conservación preventiva, orientando as accións cara á estabilización dos materiais e á mitigación dos factores de deterioro, antes que á restitución ou reintegración estética do ben.

## Agentes antrópicos

La interacción directa de los visitantes con el sepulcro constituye un factor de deterioro adicional que, aunque de menor escala material que los procesos fisicoquímicos y biológicos, resulta acumulativo y claramente identificable. Se han documentado contactos táctiles reiterados, apoyos accidentales, deposición de ofrendas y transferencia de compuestos grasos y suciedad derivados de la manipulación. Esta interacción ha favorecido la acumulación de depósitos superficiales de naturaleza lipídica y particulada, compuestos por ácidos grasos, sudor, restos epidérmicos y partículas ambientales adheridas. Dichas sustancias forman películas alterantes que modifican la tensión superficial y la mojabilidad del granito, dificultando los procesos de transpiración del material y facilitando la adhesión de polvo y contaminantes atmosféricos.

La fricción generada por el contacto humano, aun de baja intensidad, actúa como agente abrasivo de acción continuada, con efectos visibles en el desgaste de puntos sobresalientes y zonas de mayor accesibilidad. Este roce repetido produce pérdida de microrelieve y atenuación de la definición volumétrica y formal del sepulcro, con consecuencias directas sobre su percepción estética y su lectura iconográfica. Si bien estos daños son a menudo percibidos como menores, su carácter progresivo y su concentración en áreas sensibles los convierte en un agente de alteración relevante, especialmente en contextos patrimoniales con elevada afluencia de público.

Por otro lado, los traslados y reubicaciones que el sepulcro ha experimentado a lo largo del tiempo, junto con las antiguas fases de desmontaje y montaje, representan un factor adicional de riesgo para su integridad. Estas intervenciones, dadas las dimensiones y el peso de los bloques que conforman el monumento, así como la dificultad inherente a su manipulación, han ocasionado impactos mecánicos, fisuras y pérdidas de material que afectan tanto a la estabilidad estructural como a la lectura formal del conjunto.

## Criterios de Intervención

Los criterios adoptados se fundamentaron en la Ley 16/1985 del Patrimonio Histórico Español, la Ley 5/2016 del Patrimonio Cultural de Galicia y en recomendaciones internacionales del ICCROM e ICOM-CC. Se deberán aplicar los principios de mínima intervención, reversibilidad, compatibilidad de materiales, discernibilidad y respeto a la autenticidad del bien durante el proceso restaurativo.

La intervención debe asegurar la estabilidad material del sepulcro, mejorar su legibilidad formal, garantizar una adecuada comprensión por parte del público y minimizar futuros procesos de deterioro.

Los criterios de intervención priorizarán la conservación preventiva, orientando las acciones hacia la estabilización de los materiales y la mitigación de los factores de deterioro, antes que a la restitución o reintegración estética del bien.





## Proposta de Intervención e desenvolvemento dos Traballos

### Documentación técnica previa

